



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 323
20 de xuño de 2018

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia [104940](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

32481 (10/PNP-002454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui [104957](#)

32077 (10/PNP-002415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual [104962](#)

32087 (10/PNP-002416)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, de xeito urxente, de medidas que garantan o rigoroso cumprimento da normativa en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas no Servizo Galego de Saúde [104964](#)

32093 (10/PNP-002417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o relanzamento e a consolidación da Feira do Moble da Estrada como evento de referencia do sector do moble e da madeira e o impulso da cidade do moble, así como a aprobación, no ano 2018, dun plan estratéxico do sector [104966](#)

I 32095 (10/PNP-002418)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das novas medidas de xestión de biomasa forestal [104970](#)

I 32099 (10/PNP-002419)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a aprobación definitiva ou parcial do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda e a delegación na Dirección Xeral de Urbanismo das xestións pendentes para ese fin [104973](#)

I 32169 (10/PNP-002420)**Grupo Parlamentario de En Marea****Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso da cidadanía a toda a información dispoñible referida á xestión de Portos de Galicia, así como a garantía do mantemento dun alto nivel de transparencia por todas as institución públicas de Galicia [104976](#)

I 32177 (10/PNP-002421)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a dotación polo Goberno galego, de xeito urxente, ao Centro de Saúde de Tui do persoal sanitario necesario para prestarlles atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial as persoas maiores e os nenos [104979](#)

I 32190 (10/PNP-002422)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento dos servizos de correos, especialmente no medio rural, así como do financiamento do servizo postal universal [104982](#)

I 32222 (10/PNP-002423)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público [104986](#)

I 32250 (10/PNP-002424)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego á Deputación Provincial de Ourense para a transferencia á Xunta de Galicia da estrada OU-701, así como as actuacións que debe levar a cabo para a execución das obras de mellora do seu trazado e deseño o máis axiña posible [104993](#)

I 32252 (10/PNP-002425)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración [104996](#)

I 32256 (10/PNP-002426)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun informe respecto das actuacións levadas a cabo en relación cos catorce informes denuncia do Seprona referidos ás louseiras que actúan no val do río Vaos, así como a adopción de medidas para a súa corrección [105001](#)

I 32279 (10/PNP-002427)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula**

Sobre o inicio polo Goberno galego, con carácter urxente, das actuacións necesarias para dotar o concello de Noia dun centro de día e dunha escola infantil de titularidade pública [105004](#)

I 32280 (10/PNP-002428)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a colaboración polo Goberno galego co Goberno central no acollemento, relocalización e reasentamento en Galicia dos persoas refuxiadas do barco *Aquarius*, a elaboración dun informe trimestral referido á implementación do Plan de acollemento para persoas refuxiadas de Galicia e o establecemento dun programa de axudas para as familias de acollida [105006](#)

I 32290 (10/PNP-002429)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co horario e lugar de consulta actuais do servizo de atención pediátrica do Centro de Saúde do Val do Dubra [105010](#)

I 32304 (10/PNP-002430)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas de atletismo de Balaídos [105012](#)

I 32306 (10/PNP-002431)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre o remate polo Goberno galego no ano 2018 da obra de mellora da infraestrutura hidráulica para resolver os problemas de depuración e tratamento das augas residuais urbanas de Marín [105016](#)

I 32314 (10/PNP-002432)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitar o pase á titularidade municipal dos terreos portuarios do Grove que non se están a utilizar para a actividade relacionada directamente co porto

[105018](#)**I 32319 (10/PNP-002433)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de mantemento que presentan os centros de saúde da provincia de Pontevedra e a partida orzamentaria consignada para o ano 2018 para ese fin, a transferencia ao Sergas dos de titularidade municipal e a cobertura de profesionais de atención primaria nesa provincia

[105021](#)**I 32339 (10/PNP-002434)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e 6 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

[105025](#)**I 32348 (10/PNP-002435)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reclasificación da categoría profesional de tradutor/tradutora intérprete da Administración de xustiza do grupo III, categoría 52, e a súa inclusión dentro do grupo I

[105028](#)**I 32359 (10/PNP-002436)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para que na etiquetaxe do leite comercializado figure a súa orixe

[105033](#)**I 32371 (10/PNP-002437)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa que clasifique os solos de Galicia en función das súas aptitudes e que inclúa un catálogo daqueles que teñen alta produtividade agropecuaria

[105036](#)**I 32374 (10/PNP-002438)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de desentullo da zona afectada pola explosión dunha pirotecnia no lugar de Paramos, no concello de Tui [105039](#)

I 32376 (10/PNP-002439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de simplificar a acreditación da propiedade dos bens na tramitación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión dunha pirotecnia no lugar de Paramos, no concello de Tui [105043](#)

I 32378 (10/PNP-002440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a exención de tributación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión dunha pirotecnia no lugar de Paramos, no concello de Tui [105046](#)

I 32387 (10/PNP-002441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 4 máis

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia dunha mesa na que participen as administracións locais, empresas e sindicatos máis representativos do sector do transporte, co fin de consensuar os elementos esenciais referidos ás novas liñas de transporte regular de viaxeiros por estrada que se van instaurar [105050](#)

I 32391 (10/PNP-002442)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui [105054](#)

I 32395 (10/PNP-002443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para reparar dos danos causados e posibilitar a recuperación das condicións de vida polas persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui [105061](#)

I 32404 (10/PNP-002444)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a contratación pola Xunta de Galicia de máis persoal nos arquivos, a mellora da súa remuneración e a súa dotación dos medios materiais necesarios [105069](#)

I 32409 (10/PNP-002445)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras do porto exterior da Coruña, o protocolo asinado entre o Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria para a xestión da beira litoral e a poxa da Solana e do Hotel Finisterre, así como a devolución á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego para destinalos a fins sociais [105072](#)

I 32412 (10/PNP-002446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar [105076](#)

I 32417 (10/PNP-002447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co asentamento e actividade industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra [105080](#)

I 32425 (10/PNP-002448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar o bo estado ecolóxico das augas do río Sar, así como resolver a depuración e o tratamento de todas as augas residuais urbanas que verten a ese río [105086](#)

I 32437 (10/PNP-002449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para modificar o trazado e mellorar a seguridade da estrada OU-531, ao seu paso por Mandrás, en Celanova [105088](#)

I 32444 (10/PNP-002450)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun plan urxente de actuacións para reparar o actual estado de deterioración e abandono da lagoa e do parque forestal de Castiñeiras [105092](#)

I 32450 (10/PNP-002451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o recoñecemento legal da lingua de signos galega, a garantía polos poderes públicos do seu uso e a súa introdución no ciclo superior de técnico en Interpretación de Lingua de Signos [105096](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

I 32074 (10/POP-003732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

[105101](#)

I 32083 (10/POP-003733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación da subvención concedida para o proxecto de reforma dunha explotación de gando vacún de cebo no concello de Ordes ao establecido nas bases reguladoras reflectidas na orde do 29 de marzo de 2017

[105103](#)

I 32097 (10/POP-003734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de formación e información ás comunidades de montes veciñais en man común, particulares, concellos, distritos, axentes medioambientais ou técnicos para a aplicación da normativa legal vixente en materia de montes, así como de prevención e defensa contra os incendios forestais

[105107](#)

I 32101 (10/POP-003735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención da solicitude do Concello de Silleda para procurar solucións que permitan a urxente aprobación definitiva ou parcial do Plan xeral de ordenación municipal

[105110](#)

I 32171 (10/POP-003736)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as razóns da inexistencia de accesibilidade aos distintos informes de xestión de Portos de Galicia dos últimos anos

[105113](#)

I 32173 (10/POP-003737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación de novos graos nas universidades de Galicia, así como de graos en lingua inglesa

[105116](#)

I 32179 (10/POP-003738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego, de xeito urxente, ao Centro de Saúde de Tui do persoal sanitario necesario para prestarlles atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial as persoas maiores e os nenos [105118](#)

I 32193 (10/POP-003739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal, nomeadamente en Lugo [105121](#)

I 32216 (10/POP-003740)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego referida á baixada da licitación pública en Galicia no ano 2017, en relación co ano 2016 e co conxunto do Estado [105124](#)

I 32217 (10/POP-003741)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as razóns da evolución que presenta a licitación pública en Galicia no ano 2017, en relación co resto das comunidades autónomas [105127](#)

I 32218 (10/POP-003742)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da baixada que presenta a licitación da Administración central para Galicia no ano 2017, en relación co ano 2016 [105130](#)

I 32219 (10/POP-003743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da práctica desaparición da licitación de infraestruturas ferroviarias en Galicia no ano 2017 [105133](#)

I 32220 (10/POP-003744)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as consecuencias que vai ter a baixada da licitación pública en Galicia no ano 2017 nos orzamentos xerais do Estado para a Comunidade Autónoma [105136](#)

I 32242 (10/POP-003745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do

Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais [105139](#)

I 32255 (10/POP-003746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das analíticas realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos do contorno da antiga mina de Touro [105142](#)

I 32258 (10/POP-003747)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos catorce informes denuncia do Seprona referidos ás louseiras situadas no val do río Vaos [105146](#)

I 32268 (10/POP-003748)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural respecto da concesión nun primeiro momento dunha subvención para unha explotación gandeira en Ordes sen dispor a persoa beneficiaria de licenzas de apertura nin de actividade [105148](#)

I 32283 (10/POP-003749)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a disposición do Goberno galego a colaborar co Goberno central no acollemento en Galicia das persoas refuxiadas do barco *Aquarius* [105150](#)

I 32287 (10/POP-003750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para solucionar as deficiencias que presenta o servizo de atención pediátrica do concello do Val do Dubra, como consecuencia da redución do seu horario de atención [105153](#)

I 32292 (10/POP-003751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero *Pesca 2*, que presta o servizo de salvamento marítimo [105155](#)

I 32295 (10/POP-003752)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a data prevista por Portos de Galicia para presentarlle ao alcalde de Ponteceso o proxecto de creación de novas prazas de aparcamento en Corme [105157](#)

I 32299 (10/POP-003753)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da anulación xudicial da licenza de actividade e obra outorgada en 2013 á empresa de pirotecnia La Gallega, de Tui

[105158](#)**I 32308 (10/POP-003754)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as razóns da demora no remate da obra de mellora da infraestrutura hidráulica para a depuración e tratamento das augas residuais urbanas de Marín

[105160](#)**I 32311 (10/POP-003755)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do servizo de atención primaria que se está a prestar no concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra

[105162](#)**I 32316 (10/POP-003756)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non abrir unha negociación co Concello do Grove co fin de facilitar o cambio de titularidade dos terreos portuarios que están integrados na actualidade na dinámica urbana do municipio

[105164](#)**I 32322 (10/POP-003757)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 4 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos criterios que está a aplicar o Sergas para a atención das reivindicacións locais en materia de atención primaria

[105167](#)**I 32345 (10/POP-003758)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a asunción de responsabilidades polas deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[105171](#)**I 32362 (10/POP-003759)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante das reticencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia respecto da inclusión da procedencia na etiquetaxe dos produtos lácteos en venda

[105175](#)**I 32365 (10/POP-003760)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Fernández Fernández, Raúl e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos [105178](#)

I 32381 (10/POP-003761)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bise-xuais e intersexuais en Galicia [105181](#)

I 32406 (10/POP-003762)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da mellora das condicións laborais do persoal que traballa nos arquivos [105183](#)

I 32419 (10/POP-003763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra [105185](#)

I 32420 (10/POP-003764)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co asentamento industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra [105190](#)

I 32422 (10/POP-003765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para garantir a atención pediátrica no Centro de Saúde de Gondomar [105195](#)

I 32423 (10/POP-003766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar [105199](#)

I 32442 (10/POP-003767)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos informes de impacto ambiental recibidos de varios departamentos da Xunta de Galicia para ditaminar unha avaliación de impacto

medioambiental negativa non reparable e rexeitar definitivamente o proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino [105203](#)

I 32447 (10/POP-003768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui [105208](#)

I 32453 (10/POP-003769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da achega de todos os recursos humanos e materiais necesarios para lles posibilitar ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui, a recuperación das súas condicións de vida, o máis axiña posible [105215](#)

I 32456 (10/POP-003770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude de información á Administración tributaria, ao Catastro e ao Rexistro da Propiedade co fin de lles facilitar a acreditación da propiedade dos bens e o acceso ás axudas ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui [105221](#)

I 32427 (10/POP-003771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado ecolóxico que presentan as augas do río Sar [105224](#)

I 32440 (10/POP-003772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para arranxar os problemas de accesibilidade e seguridade denunciados pola veciñanza de Mandrás, en Celanova, afectada polo novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531 [105226](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Informe da Ponencia sobre Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, para emitir informe sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, na reunión e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. *Antecedentes*

1.1. Esta proposición de lei, presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 27 de novembro de 2017, co número 20737.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 28 de novembro de 2017, logo da súa admisión a trámite, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 219, do 29 de novembro de 2017).

1.3. O Pleno do Parlamento, na sesión do 8 de maio de 2018, tomou en consideración a devandita proposición.

1.4. Así mesmo, a Mesa do Parlamento, na reunión do 15 de maio de 2018, acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado e, logo da audiencia da Xunta de Portavoces,

a súa tramitación pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

1.5. Dentro do prazo establecido para o efecto, que rematou o 1 de xuño de 2018, presentáronse doce emendas ao articulado --cualificadas pola Mesa da Comisión na sesión do 6 de xuño de 2018 e publicadas no *BOPG* núm. 317, do 7 de xuño de 2018--, concretamente tres do G. P. de En Marea (doc. núm. 31809), catro do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 31816) e cinco do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 31817).

2. Constitución, composición e reunión da Ponencia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 4 de xuño de 2018, designou os seguintes ponentes (*BOPG* núm. 321, do 15 de xuño de 2018):

— Do G. P. Popular de Galicia: don Martín Fernández Prado (titular) e don Jacobo Moreira Ferro (suplente).

— Do G. P. de En Marea: don Antón Sánchez García (titular) e don Marcos Cal Ogando (suplente).

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia: don Xoaquín María Fernández Leiceaga (titular) e don Raúl Fernández Fernández (suplente).

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: don Xosé Luís Bará Torres (titular) e dona Noa Presas Bergantiños (suplente).

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 14 de xuño de 2018, presidida pola Sra. Nóvoa Iglesias, vicepresidenta desta comisión, e coa asistencia dos ponentes titulares Sr. Fernández Prado, Sr. Sánchez García, Sr. Fernández Leiceaga e Sr. Bará Torres.

Na seguinte reunión, o 19 de xuño de 2018, coa asistencia dos ponentes Sr. Fernández Prado, Sr. Sánchez García, Sr. Fernández Fernández e Sr. Bará Torres, logo do posicionamento sobre a aceptación e o rexeitamento das emendas, concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia

3. Elaboración do informe

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia suxírelle á Comisión ás seguintes recomendacións:

— A aceptación conxunta das emendas núm. 1, 2 e 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia e núm. 1, 2 e 3 do G. P. Popular de Galicia, que afectan o título desta proposición de lei e as disposicións adicionais primeira e terceira, respectivamente.

— A aceptación das emendas núm. 4 e 5 do G. P. dos Socialistas de Galicia á exposición de motivos.

— E as emendas técnicas que se incorporan ao artigo 1 e á disposición derradeira.

Así mesmo, o ponente do G. P. Popular de Galicia formaliza a retirada da emenda núm. 4 do seu grupo parlamentario.

Por último, respecto das restantes emendas do G. P. de En Marea, os ponentes do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia recoméndalle á Comisión o seu rexeitamento e o mantemento no demais do texto da proposición de lei orixinaria.

4. Texto articulado da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes do punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadarmos a titularidade e a transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e dos servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego, fixando no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da Constitución española habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e os servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso dos servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, o cal se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda regúlase a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da Rede do Estado.

Finalmente, na disposición adicional terceira aclárase que este traspaso non modifica as funcións nin os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. *Transferencia da autoestrada AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da concesión así como as funcións e os servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa AP-9, autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto nesta lei orgánica, unha vez realizado o traspaso dos servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, as adaptacións ou reformas dos existentes, así como dos enlaces e das vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto dos incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe o establecemento, a actualización e a supresión das tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como as ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo respecto da sociedade concesionaria da autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

Artigo 2. *Traspaso dos servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios ne-

cesarios, que se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Disposición adicional primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá ningún incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

Disposición adicional segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante un real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada AP-9 da Rede de estradas do Estado.

Disposición adicional terceira

(Sen contido.)

Disposición adicional cuarta

O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Martín Fernández Prado

Antón Sánchez García

Xoaquín María Fernández Leiceaga

Xosé Luís Bará Torres

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 32481 (10/PNP-002454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui. (Procedemento de urxencia)

Admisión a trámite e publicación

- 32077 (10/PNP-002415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

- 32087 (10/PNP-002416)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, de xeito urxente, de medidas que garantan o rigoroso cumprimento da normativa en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas no Servizo Galego de Saúde

- 32093 (10/PNP-002417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o relanzamento e a consolidación da Feira do Moble da Estrada como evento de referencia do sector do moble e da madeira e o impulso da cidade do moble, así como a aprobación, no ano 2018, dun plan estratéxico do sector

- 32095 (10/PNP-002418)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das novas medidas de xestión de biomasa forestal

- 32099 (10/PNP-002419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a aprobación definitiva ou parcial do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda e a delegación na Dirección Xeral de Urbanismo das xestións pendentes para ese fin

- 32169 (10/PNP-002420)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso da cidadanía a toda a información dispoñible referida á xestión de Portos de Galicia, así como a garantía do mantemento dun alto nivel de transparencia por todas as institucións públicas de Galicia

- 32177 (10/PNP-002421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego, de xeito urxente, ao Centro de Saúde de Tui do persoal sanitario necesario para prestarlles atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial as persoas maiores e os nenos

- 32190 (10/PNP-002422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento dos servizos de correos, especialmente no medio rural, así como do financiamento do servizo postal universal

- 32222 (10/PNP-002423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

- 32250 (10/PNP-002424)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego á Deputación Provincial de Ourense para a transferencia á Xunta de Galicia da estrada OU-701, así como as actuacións que debe levar a cabo para a execución das obras de mellora do seu trazado e deseño o máis axiña posible

- 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

- 32256 (10/PNP-002426)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun informe respecto das actuacións levadas a cabo en relación cos catorce informes denuncia do Seprona referidos ás louseiras que actúan no val do río Vaos, así como a adopción de medidas para a súa corrección

- 32279 (10/PNP-002427)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Vázquez Verao, Paula

Sobre o inicio polo Goberno galego, con carácter urxente, das actuacións necesarias para dotar o concello de Noia dun centro de día e dunha escola infantil de titularidade pública

- 32280 (10/PNP-002428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a colaboración polo Goberno galego co Goberno central no acollemento, relocalización e re-
asentamento en Galicia dos persoas refuxiadas do barco *Aquarius*, a elaboración dun informe tri-
mestral referido á implementación do Plan de acollemento para persoas refuxiadas de Galicia e o
establecemento dun programa de axudas para as familias de acollida

- 32290 (10/PNP-002429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co horario e lugar de con-
sulta actuais do servizo de atención pediátrica do Centro de Saúde do Val do Dubra

- 32304 (10/PNP-002430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso adquirido co Concello de Vigo para a
remodelación das pistas de atletismo de Balaídos

- 32306 (10/PNP-002431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o remate polo Goberno galego no ano 2018 da obra de mellora da infraestrutura hidráulica
para resolver os problemas de depuración e tratamento das augas residuais urbanas de Marín

- 32314 (10/PNP-002432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitar o pase á titularidade
municipal dos terreos portuarios do Grove que non se están a utilizar para a actividade relacionada
directamente co porto

- 32319 (10/PNP-002433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de mantemento
que presentan os centros de saúde da provincia de Pontevedra e a partida orzamentaria consignada
para o ano 2018 para ese fin, a transferencia ao Sergas dos de titularidade municipal e a cobertura
de profesionais de atención primaria nesa provincia

- 32339 (10/PNP-002434)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos com-
promisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como

a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

- 32348 (10/PNP-002435)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reclasificación da categoría profesional de tradutor/tradutora intérprete da Administración de xustiza do grupo III, categoría 52, e a súa inclusión dentro do grupo I

- 32359 (10/PNP-002436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para que na etiquetaxe do leite comercializado figure a súa orixe

- 32371 (10/PNP-002437)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa que clasifique os solos de Galicia en función das súas aptitudes e que inclúa un catálogo daqueles que teñen alta produtividade agropecuaria

- 32374 (10/PNP-002438)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de desentullo da zona afectada pola explosión dunha pirotecnia no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32376 (10/PNP-002439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de simplificar a acreditación da propiedade dos bens na tramitación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión dunha pirotecnia no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32378 (10/PNP-002440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a exención de tributación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión dunha pirotecnia no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32387 (10/PNP-002441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 4 máis

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia dunha mesa na que participen as administracións locais, empresas e sindicatos máis representativos do sector do transporte, co fin de consensuar os elementos esenciais referidos ás novas liñas de transporte regular de viaxeiros por estrada que se van instaurar

- 32391 (10/PNP-002442)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32395 (10/PNP-002443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para reparar dos danos causados e posibilitar a recuperación das condicións de vida polas persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32404 (10/PNP-002444)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a contratación pola Xunta de Galicia de máis persoal nos arquivos, a mellora da súa remuneración e a súa dotación dos medios materiais necesarios

- 32409 (10/PNP-002445)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras do porto exterior da Coruña, o protocolo asinado entre o Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria para a xestión da beira litoral e a poxa da Solana e do Hotel Finisterre, así como a devolución á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego para destinalos a fins sociais

- 32412 (10/PNP-002446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar

- 32417 (10/PNP-002447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co asentamento e actividade industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

- 32425 (10/PNP-002448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar o bo estado ecolóxico das augas do río Sar, así como resolver a depuración e o tratamento de todas as augas residuais urbanas que verten a ese río

- 32437 (10/PNP-002449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para modificar o trazado e mellorar a seguridade da estrada OU-531, ao seu paso por Mandrás, en Celanova

- 32444 (10/PNP-002450)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun plan urxente de actuacións para reparar o actual estado de deterioración e abandono da lagoa e do parque forestal de Castiñeiras

- 32450 (10/PNP-002451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o recoñecemento legal da lingua de signos galega, a garantía polos poderes públicos do seu uso e a súa introdución no ciclo superior de técnico en Interpretación de Lingua de Signos

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 32074 (10/POP-003732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

- 32083 (10/POP-003733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación da subvención concedida para o proxecto de reforma dunha explotación de gando vacún de cebo no concello de Ordes ao establecido nas bases reguladoras reflectidas na orde do 29 de marzo de 2017

- 32097 (10/POP-003734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de formación e información ás comunidades de montes veciñais en man común, particulares, concellos, distritos, axentes medioambientais ou técnicos para a aplicación da normativa legal vixente en materia de montes, así como de prevención e defensa contra os incendios forestais

- 32101 (10/POP-003735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención da solicitude do Concello de Silleda para procurar solucións que permitan a urxente aprobación definitiva ou parcial do Plan xeral de ordenación municipal

- 32171 (10/POP-003736)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as razóns da inexistencia de accesibilidade aos distintos informes de xestión de Portos de Galicia dos últimos anos

- 32173 (10/POP-003737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación de novos graos nas universidades de Galicia, así como de graos en lingua inglesa

- 32179 (10/POP-003738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego, de xeito urxente, ao Centro de Saúde de Tui do persoal sanitario necesario para prestarlles atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial as persoas maiores e os nenos

- 32193 (10/POP-003739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal, nomeadamente en Lugo

- 32216 (10/POP-003740)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego referida á baixada da licitación pública en Galicia no ano 2017, en relación co ano 2016 e co conxunto do Estado

- 32217 (10/POP-003741)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre as razóns da evolución que presenta a licitación pública en Galicia no ano 2017, en relación co resto das comunidades autónomas

- 32218 (10/POP-003742)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da baixada que presenta a licitación da Administración central para Galicia no ano 2017, en relación co ano 2016

- 32219 (10/POP-003743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da práctica desaparición da licitación de infraestruturas ferroviarias en Galicia no ano 2017

- 32220 (10/POP-003744)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as consecuencias que vai ter a baixada da licitación pública en Galicia no ano 2017 nos orzamentos xerais do Estado para a Comunidade Autónoma

- 32242 (10/POP-003745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais

- 32255 (10/POP-003746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das análíticas realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos do contorno da antiga mina de Touro

- 32258 (10/POP-003747)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos catorce informes denuncia do Seprona referidos ás louseiras situadas no val do río Vaos

- 32268 (10/POP-003748)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural respecto da concesión nun primeiro momento dunha subvención para unha explotación gandeira en Ordes sen dispor a persoa beneficiaria de licenzas de apertura nin de actividade

- 32283 (10/POP-003749)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a disposición do Goberno galego a colaborar co Goberno central no acollemento en Galicia das persoas refuxiadas do barco *Aquarius*

- 32287 (10/POP-003750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para solucionar as deficiencias que presenta o servizo de atención pediátrica do concello do Val do Dubra, como consecuencia da redución do seu horario de atención

- 32292 (10/POP-003751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero *Pesca 2*, que presta o servizo de salvamento marítimo

- 32295 (10/POP-003752)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a data prevista por Portos de Galicia para presentarlle ao alcalde de Ponteceso o proxecto de creación de novas prazas de aparcamento en Corme

- 32299 (10/POP-003753)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da anulación xudicial da licenza de actividade e obra outorgada en 2013 á empresa de pirotecnia La Gallega, de Tui

- 32308 (10/POP-003754)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da demora no remate da obra de mellora da infraestrutura hidráulica para a depuración e tratamento das augas residuais urbanas de Marín

- 32311 (10/POP-003755)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do servizo de atención primaria que se está a prestar no concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra

- 32316 (10/POP-003756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non abrir unha negociación co Concello do Grove co fin de facilitar o cambio de titularidade dos terreos portuarios que están integrados na actualidade na dinámica urbana do municipio

- 32322 (10/POP-003757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos criterios que está a aplicar o Sergas para a atención das reivindicacións locais en materia de atención primaria

- 32345 (10/POP-003758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a asunción de responsabilidades polas deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 32362 (10/POP-003759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante das reticencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia respecto da inclusión da procedencia na etiquetaxe dos produtos lácteos en venda

- 32365 (10/POP-003760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos

- 32381 (10/POP-003761)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bise-xuais e intersexuais en Galicia

- 32406 (10/POP-003762)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da mellora das condicións laborais do persoal que traballa nos arquivos

- 32419 (10/POP-003763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

- 32420 (10/POP-003764)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co asentamento industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

- 32422 (10/POP-003765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para garantir a atención pediátrica no Centro de Saúde de Gondomar

- 32423 (10/POP-003766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar

- 32442 (10/POP-003767)

Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos informes de impacto ambiental recibidos de varios departamentos da Xunta de Galicia para ditaminar unha avaliación de impacto medioambiental negativa non reparable e rexeitar definitivamente o proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino

- 32447 (10/POP-003768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32453 (10/POP-003769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da achega de todos os recursos humanos e materiais necesarios para lles posibilitar ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui, a recuperación das súas condicións de vida, o máis axiña posible

- 32456 (10/POP-003770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude de información á Administración tributaria, ao Catastro e ao Rexistro da Propiedade co fin de lles facilitar a acreditación da propiedade

dos bens e o acceso ás axudas ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

- 32427 (10/POP-003771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado ecolóxico que presentan as augas do río Sar

- 32440 (10/POP-003772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para arranxar os problemas de accesibilidade e seguridade denunciados pola veciñanza de Mandrás, en Celanova, afectada polo novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Moisés Rodríguez Pérez, José González Vázquez, Alberto Pazos Couñago, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López, Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola preocupación xerada, ante a explosión pirotécnica rexistrada o pasado 23 de maio en Tui e que ten ocasionado danos persoais irreparables, ademais de cuantiosos danos materiais nas vivendas de moitas familias.

Exposición de motivos

O día 23 de maio de 2018 produciuse na parroquia de Paramos, no concello de Tui (Pontevedra) una explosión de material pirotécnico que se encontraba nunha nave anexa a unha vivenda na citada parroquia. A explosión foi de tal magnitude que alcanzou un raio de 600 metros e a súa onda expansiva sentiuse a máis de catro quilómetros do lugar dos feitos, provocando dous falecidos e numerosos feridos, así como a destrución e afectación a numerosas vivendas da contorna.

A existencia deste tipo de situacións de emerxencia excepcional ou calamidade pública comporta danos persoais e materiais que determinan unha situación de emerxencia humanitaria e social para os afectados, o que fai necesario articular mecanismos de colaboración e cooperación entre todas as administracións implicadas, en concreto, mediante o establecemento dun sistema de axudas que palién os danos causados pola explosión, que atendan as situacións de necesidade en que se poidan encontrar os veciños e persoas directamente afectadas, e mesmo contribúan á restauración comunitaria e urbanística da zona afectada para que poida volver á normalidade.

O artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, prevé a actuación das administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade afectada pola situación de

emerxencia, así como o establecemento de axudas en atención ás necesidades derivadas deste tipo de situacións.

Logo de informe da Axencia Galega de Emerxencias, declárase como de emerxencia de natureza excepcional a situación producida pola explosión de material pirotécnico en Tui o 23 de maio de 2018.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2010, adoptou o acordo polo que se establecen as directrices básicas de actuación coa finalidade de restablecer os servizos esenciais afectados como consecuencia dunha emerxencia ou calamidade, así como de protexer a integridade das persoas e bens de titularidade pública ou privada e os danos provocados por estas situacións.

Deste xeito, establécese un protocolo de actuación que deberá ser seguido nestas situacións, de modo que, mediante decreto, se acorde a oportunidade de outorgar axudas destinadas á reparación dos danos e perdas causados.

De acordo con este protocolo aprobouse o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados pola explosión. Neste Decreto establécense axudas de diferente tipo:

- Axudas a persoas en situación de orfandade.
- Axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico.
- Axudas por danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís.
- Axudas por danos nas explotacións agrícolas ou gandeiras.

Aínda que a explosión provocou danos moi localizados, o certo é que tivo consecuencias moi gravosas para as persoas afectadas polo que para o grupo parlamentario popular é claro que temos que ir máis na procura de dar unha total cobertura ós afectados. Dentro de esa cobertura débese de contemplar tamén as consecuencias fiscais que ten a percepción das axudas concedidas así como a posibilidade de non cobrar determinadas impostos que gravan feitos ou actividades que non se poden desenrolar a consecuencia da explosión.

Polo anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que estableza os seguintes beneficios fiscais respecto dos afectados pola explosión de Tui:

- Exención no seu IRPF das axudas autonómicas percibidas en base ao Decreto 55/2018.
- Exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2018, que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, de natureza urbana, situados no ámbito xeográfico de afectación da explosión, cando se acredite que tanto as persoas como os ben situados naqueles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos. A diminución de ingresos que se lle produza ao Concello de Tui por esta exención deberá de ser compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- Redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2018 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa da explosión, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados ao efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2017. A diminución de ingresos que se lle produza ao Concello de Tui por esta exención deberá de ser compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- Exención das taxas da Xefatura Central de Tráfico para a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos pola explosión.

- Redución dos índices de rendemento neto no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para actividades agrícolas e gandeiras afectadas pola explosión”.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/06/2018 13:33:07

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/06/2018 13:33:21

José González Vázquez na data 15/06/2018 13:33:31

Alberto Pazos Couñago na data 15/06/2018 13:33:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/06/2018 13:33:52

Paula Prado Del Río na data 15/06/2018 13:34:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/06/2018 13:34:11

Gonzalo Trenor López na data 15/06/2018 13:34:19

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/06/2018 13:34:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/06/2018 13:34:35

César Manuel Fernández Gil na data 15/06/2018 13:34:43

Jacobo Moreira Ferro na data 15/06/2018 13:34:47

María Isabel Novo Fariña na data 15/06/2018 13:35:00

Antonio Mouriño Villar na data 15/06/2018 13:35:11

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/06/2018 13:35:20

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Pleno do 19 de decembro de 2017 aprobouse a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG o 2 de xaneiro de 2018, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No trámite desta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda que citamos textualmente:

“Emenda nº43, de adición. Disposición derradeira cuarta

Debese engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:

Disposición derradeira cuarta bis.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma publicará nun prazo máximo de seis meses, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual.”

A dita emenda foi rexeitada polo Partido Popular, grupo maioritario nesta Cámara.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de seis meses elabore, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2018 19:12:46

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/06/2018 19:12:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2018 19:13:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/06/2018 19:13:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/06/2018 19:13:25

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No noso ordenamento xurídico existen diferentes normas encargadas de regular o réxime de incompatibilidades no ámbito do sistema sanitario público.

Tanto a Lei de Sanidade 14/1986 como a Lei de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas, Lei 53/1984, evidencian de xeito claro a especial incompatibilidade das actividades profesionais prestadas a persoas ás que se teña que atender no desempeño do posto público.

Con todo, na realidade non se está a dar cumprimento ao estipulado na lexislación, con especial atención aos postos directivos e de xefaturas de Servizo.

De feito, existen pliegos de contratación elaborados polo Servizo Galego de Saúde, que supoñen unha aplicación negligente da propia normativa.

A modo de exemplo, o anuncio do acordo marco para a privatización directa de servizos sanitarios na EOXI de Coruña, que compromete de xeito estrutural 100 millóns de euros durante catro anos para os hospitais privados, contén nos seus pliegos a prestación de servizos na privada por parte de persoal público do Servizo Galego de Saúde, cuestión que pon en evidencia o cumprimento do réxime de incompatibilidades no eido sanitario.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver, de xeito urxente, medidas que garantan o cumprimento rigoroso da normativa en materia de incompatibilidades no Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/06/2018 11:55:55

Luis Villares Naveira na data 08/06/2018 11:56:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Feira do Moble de Galiza pasou de ser un referente para o sector do moble a ser na actualidade unha feira multisectorial sen rumbo claro, en continuo declive e sen perspectivas de futuro. Os datos da evolución da Feira entre 2007 e 2017 son contundentes: neste período de tempo perdeu o 80% por cento dos expositores, pasando de 250 a 50.

A Feira do Moble de Galiza é unha marca que puxo A Estrada no centro da industria do moble . É unha marca que temos a obriga de manter e consolidar con propostas que vaian ao fondo do problema que ten o sector, non só na Estrada. Para iso cómpre a implicación da Xunta de Galiza, xa que a presidencia da Fundación de Exposicións e Congressos que recae na figura do conselleiro de industria non é un cargo honorífico, é un cargo executivo, que comparte co padroado.

Entre 2006 e 2009 a consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galiza deseñou o que sería a Cidade do Moble na Estrada, un proxecto demandado polo sector que quedou aparcado nada máis chegar o PP de Feixóo ao goberno autonómico. Desde aquela, logo de recortes no proxecto e sentenzas xudiciais, só sabemos que foi aprobado



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo Consello da Xunta en 2016 e desde aquela dorme en San Caetano á espera de dotación orzamentaria que o faga realidade. Unha dotación que o PP deitou ano tras ano ao votar en contra das emendas do BNG aos orzamentos da Xunta.

Para revertir esta situación cómpre unha aposta decidida polo sector do moble e da madeira, é necesaria unha iniciativa institucional firme que reoriente, revitalice e consolide a Feira do moble e que impulse a Cidade do moble, co obxecto de converter a Estrada no centro estratéxico da industria galega do moble. Esta iniciativa ten que ter ademais como finalidade potenciar a cadea de valor do sector da madeira, pechando ciclos e creando valor engadido a partir da potenciación da produción e comercialización de madeiras de calidade.

Para conseguir estes obxectivos precísase en primeiro lugar confianza no potencial que ten o sector, vontade política para levar adiante as propostas, e medios económicos para facelas realidade. E é necesaria a implicación decidida de todas as partes: Consellaría de Industria, Concello da Estrada, Deputación de Pontevedra, Asociación de empresas do moble e Cámara de Comercio.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1. Desenvolver, en coordinación coas demais entidades que integran a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, un plan de relanzamento e consolidación da Feira do Moble da Estrada como evento de referencia do sector do moble e da madeira.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Impulsar a Cidade do Moble da Estrada, polígono sectorial de solo público, dotando no presente ano 2018 as partidas necesarias para o relanzamento do proxecto.

3. Elaborar e aprobar, ao longo de 2018, un Plan estratéxico do sector da madeira e do moble.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/06/2018 12:23:21

María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2018 12:23:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 12:25
Nº Rexistro: 32093

Data envío: 08/06/2018 12:25:02.001

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2018 12:23:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/06/2018 12:23:29

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2018 12:23:30

Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2018 12:23:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre as novas medidas de xestión da biomasa forestal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os incendios forestais producen tódolos anos nos montes e no conxunto dos ecosistemas de Galiza graves danos ecolóxicos, económicos e sociais.

A prevención e a súa axeitada aplicación no conxunto do territorio é imprescindible e básica se queremos evitar os danos que se producen no noso país.

Os incendios forestais son unha grave eiva que ano tras ano destrúe parte do noso patrimonio natural. Hoxe en día a normativa para realizar a prevención son a Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios de Galicia e establécense novas medidas de xestión da biomasa vexetal.

Dende a publicación da devandita modificación da Lei 3/2007, estamos observando que hai distintas interpretacións da mesma, incorrendo en graves erros cos conseguintes prexuízos á cidadanía.

Circulares e bandos de concellos nos que se aplican distancias e obrigas que nada ten que ver co aprobado pola Xunta de Galicia. Interpretacións da normativa distinta segundo cada distrito, habendo diferencias entre os distintos distritos de cada provincia. AAMM e técnicos que están dando charlas a asociacións de



veciños, CCMM ou propietarios forestais, entre outros, interpretando canda un o lexislado ao seu bo entender.

O anteriormente dito está en moitos casos afectando ao patrimonio arbóreo (con cortas de árbores que non é preciso nin obriga) e incluso a liortas entre veciños e veciñas por unha mala interpretación da norma.

Dada a confusión creada e co obxecto de evitar os erros sinalados, considerando que desde a Administración Pública, neste caso dende a Consellería de Medio Rural débese de aplicar a Lei de montes e a Lei de incendios de Galiza co mesmo criterios nas catro provincias, nos 19 distritos forestais e nos 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galiza, insta a Xunta de Galiza a:

1. Informar e establecer directrices claras a tódolos concellos e distritos forestais de Galiza.
2. Informar e formar de forma axeitada ás e ós axentes forestais e técnicos para unha axeitada aplicación das normas legais establecidas.
3. Informar de forma axeitada ás e ós propietarios particulares e ás CCMM para unha acaída execución das normas establecidas.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea



Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/06/2018 12:27:02

Paula Quinteiro Araújo na data 08/06/2018 12:27:11

Antón Sánchez García na data 08/06/2018 12:27:19

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

É ben sabido que a tramitación dos plans urbanísticos municipais son tramites que poden demorarse anos. Incluso máis dunha década.

Un deses exemplos é o Plan Xeral de Ordenación Municipal que se está a tramitar no Concello de Silleda, que comezou a súa andadura no ano 2007.

Un PXOM que é vital para reverter esa situación que impide, desde fai xa 16 anos, a construción de novas vivendas no rural. Un rural que representa 167 dos 169 quilómetros cadrados.

Un documento que acadou a súa aprobación inicial en decembro do 2012, con exposición pública do 17 de xaneiro ó 18 de marzo de 2013, e recibindo 783 alegacións.

Finalmente acadou a súa aprobación provisional o 18 de marzo de 2016.

E o que parecía xa o final dun longo camiño, nunha fase puramente administrativa ata acadar a aprobación definitiva, tense tornado nunha situación que parece atopar todos os inconvenientes para continuar retrasando e alongado aínda máis a súa consecución.

O último informe que precisa o Concello de Silleda para acadar o informe positivo e, polo tanto, a aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia, corresponde a Augas de Galicia.

Grupo Parlamentario

Un organismo que solicita ó concello, por primeira vez en xuño do 2017 e 14 meses despois da aprobación inicial do mesmo, a demostración e xustificación dos suficientes recursos hídricos que dean cobertura ó plan, a raíz do novo criterio xurisprudencial fixado polo Tribunal Superior tralas sentenzas nos concellos de Verín e Monterrei.

O Concello ten presentado toda a documentación que fai referencia ás captacións /rede subministro de Bandeira e Silleda, que datan do ano 1959, traídas principais do concello.

Augas de Galicia ten informado negativamente sobre a documentación presentada e que demostra a antigüidade e concesións administrativas desde o ano 1959. Desde ese informe ten ignorado as alegacións e documentación aportada polo Concello sobre a legalización das traídas, tramitadas no seu día polos ministerios competentes, Deputación e a propia Xunta de Galicia, no caso de Bandeira.

Esta resposta negativa de Augas de Galicia, e o pouco interese amosado en activar solucións e ter en conta o peso inequívoco das documentacións presentadas así como das argumentacións, conleva e obrigan a uns trámites que implican unha nova demora que pode alongarse dous anos máis, tan só para conquistar a demandada legalización mediante rexistro das captacións.

Isto supón que nese tempo, de entrar novas modificacións legais , é moi probable ter que volver a realizar algún dos informes sectoriais que xa se teñen presentado e aprobado. Unha historia interminable, que padece este concello, pero que ten afectado a moitos outros na provincia, e en toda Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Requirir á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio a súa mediación cos organismos involucrados na tramitación do PXOM do Concello de Silleda, que permitan atopar solucións de

 Grupo Parlamentario

cara á inmediata aprobación definitiva do mesmo, ou n caso a considerar a posible aprobación parcial.

2. Impulsar unha reunión no prazo máximo dun mes entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e representantes políticos e técnicos do Concello de Silleda co obxecto de atender a petición de delegar na Dirección Xeral de Urbanismo as xestións pendentes para a aprobación definitiva.

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/06/2018 12:42:37

Raúl Fernández Fernández na data 08/06/2018 12:42:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/06/2018 12:42:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/06/2018 12:42:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A transparencia nos organismos e nas institucións públicas é un principio fundamental para manter unha institucionalidade democrática, na medida na que permite a análise das decisións tomadas e dos seus resultados dende a pluralidade de visións e de criterios que existen na nosa sociedade. Só na medida na que as institucións traballen de forma transparente e permitan facer un seguimento con facilidade das súas actuacións, poderemos criticar, debater e discrepar sobre as seguintes accións a levar a cabo.

Isto cobra importancia agora que a prensa se fai eco de algúns datos extraídos do Informe de Xestión de Portos de Galicia, correspondente aos primeiros meses de 2018. Os datos, en principio positivos, repítense dun a outro medio de comunicación sen que ningún xornal dixital permita enlazar directamente co Informe, algo que tampouco permite a propia páxina de Portos de Galicia, que non os ten actualizados dende 2013.

Así, analizar co tempo necesario o Informe de Xestión e valorar o traballo feito pola institución, tórnase imposible. Aos galegos e galegas só nos queda confiar nos poucos datos prometedores achegados pola institución, sen poder en ningún momento contrastar ou valorar a evolución dos distintos sectores aos que fai referencia.



Neste sentido, é importante que toda a información ca que conta Portos arredor do seu traballo fiquen a disposición da cidadanía apoiándonos na facilidade de acceso a este tipo de documentos que ofrecen as páxinas web institucionais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Transmitir a Portos de Galicia a necesidade de que toda a información dispoñible sobre a xestión da institución se atope ao servizo da cidadanía e conte cun acceso fácil e rápido.

2.- Garantir que todas as institucións públicas de Galicia manteñan un alto nivel de transparencia, permitindo a rendición de contas.

3.- Esixir a Portos de Galicia a publicación de todos os Informes de Xestión que non están pendurados na súa páxina web ca maior brevidade.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/06/2018 13:57:34

Paula Quinteiro Araújo na data 08/06/2018 13:57:48

Carmen Santos Queiruga na data 08/06/2018 13:58:02



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32177
Data envío: 08/06/2018 14:31:14.360

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de dotar de profesionais ao centro de saúde de Tui para atención psicolóxica ás persoas afectadas pola explosión de Paramos en Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, cumpre prestar á máxima atención ás persoas afectadas.

A atención debe cubrir aspectos materiais, físicos, sociais, mais tamén emocionais e psicolóxicos. Vemos como xa se están atendendo en maior ou menor medida os materiais, mais son estes últimos, os psicolóxicos, os que pasados xa os primeiros momentos de impacto, os que empezan a ser motivo de preocupación, e consideramos que é preciso dotar de recursos para atender este aspecto.

É preciso axudar a abordar a situación ás persoas que perderon as súas vivendas, os seus recordos, os seus vehículos, que o perderon todo, que quedaron co posto, que viven de prestado... Axudalas a recuperar o equilibrio roto pola situación que están vivindo, facilitar o control da situación, axudar a entendela, evitar secuelas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A interrupción dun desastre desta magnitude de xeito súbito, intenso e traumático sobrepasa a capacidade propia de abordalo e superalo de moitas das persoas vítimas da traxedias, dun xeito especial as persoas maiores e @s nen@s. Toda vez que o centro de saúde de Tui con ten servizo de atención psicolóxica, faise imprescindible a dotación con persoal sanitario para esta atención ao mesmo de xeito urxente.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar de forma urxente ao centro de saúde de Tui con persoal sanitario para a atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial ás persoas maiores e @s nen@s.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32177
Data envío: 08/06/2018 14:31:14.360

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2018 14:29:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/06/2018 14:29:52

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2018 14:29:54

Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2018 14:29:55

Xosé Luis Bará Torres na data 08/06/2018 14:29:57

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2018 14:30:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de manter e velar pola calidade do servizo de Correos, especialmente no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta anunciou as persoas que serán recoñecidas en 2018 coas Medallas Castelao. Entre elas, atópanse os carteiros rurais de Correos en Galiza.

Un merecido recoñecemento, sen dúbida, mais que contrasta coa realidade que atinxe estes profesionais desde hai anos, especialmente nas comarcas do interior do país.

Así, na provincia de Lugo, o número de traballadoras e traballadores do servizo de Correos foi recortado progresivamente. Segundo os datos do censo, pois desde o ano 2000 non existe en Correos RPT, entre 2007 e 2017 reducíronse 119 postos de traballo, pasando de 569 a 417 (-26,5%).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 10:00
Nº Rexistro: 32190
Data envío: 11/06/2018 10:00:35.406

Este recorte de persoal atinxiu a propia cidade de Lugo, na que viven case 90 mil persoas e existen máis de 55 mil vivendas. En Lugo, apenas hai 44 carteiras/os o que sitúa as ratios en 2.045 habitantes por carteira/o e en 1.250 o número de vivendas por traballador/a.

Esta situación imposibilita a prestación do servizo nas debidas condicións á veciñanza, especialmente nas localidades e comarcas rurais.

Cómpre lembrar que a Lei 24/1998, do 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais recolle no seu título III as obrigas do servizo público. Neste sentido, establécense obrigas dun servizo que se entende de raíz pública, o servizo postal universal e obrigas e dereitos diversos radicados na prestación dos servizos postais.

Porén, estase a aplicar unha unha política pola cal, en base a modificacións dos criterios de dimensionamento, amortízase a práctica totalidade das vacantes dos enlaces rurais e a obrígase a que as e os empregados que prestan os seus servizos na mesma oficina en áreas limítrofes asuman áreas de reparto amortizadas, ou mesmo sexan forzadas e forzados a desprazáranse a outras áreas. Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que todas estas cuestións contraveñen o sentido público do servizo de correos e a normativa que regula a súa concesión e financiamento.

A desaparición dos carteiros rurais ten unha incidencia enorme en Galiza posto que temos máis de 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos do estado español.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 10:00
Nº Rexistro: 32190
Data envío: 11/06/2018 10:00:35.406

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central o incremento dos servizos de correos, especialmente no rural galego, así como a incrementar o financiamento do Servizo Postal Universal.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 10:00
Nº Rexistro: 32190

Data envío: 11/06/2018 10:00:35.406

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 09:54:32

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 09:54:37

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 09:54:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 09:54:41

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 09:54:43

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 09:54:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre ocupación simbólica do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despreparar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109

edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

2. No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

3. Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

4. Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir - que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é '*igual para todos*' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego adopta como Resolución:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Apoiar as iniciativas que deben realizar as institucións públicas para a recuperación dos bens expoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 13:25:29

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 13:25:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222

Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 13:25:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 13:25:38

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 13:25:39

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 13:25:40

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á transferencia da estrada OU-701 da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As estradas representan o eixe central do desenvolvemento dos pobos e das súas comunidades.

Dende En Marea consideramos que as estradas son un dos principais eixos de desenvolvemento das localidades e os territorios. O comercio, o turismo, a industria e a supervivencia das pequenas empresas dependen en boa parte da existencia de accesos rápidos e seguros.

É obriga das Administracións Públicas, neste caso da Xunta de Galiza, contribuír ao desenvolvemento socioeconómico do país e traballar para mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños cunha estrada adecuada aos tempos actuais.

A mellora desta vía non só permitiría que se facilitaran os desprazamentos intracomarcais e intramunicipais, senón que tamén suporía un acceso para os usuarios desde a futura estación ferroviaria da Gudiña e desde a A-52. Lembrar tamén que é a principal vía de acceso de todo o norte de Portugal á Estación Invernal de Manzaneda.

A estrada OU-701 é fundamental para esta comarca, pois o 30% das entradas ao Xeodestino Manzaneda-Trevinca teñen lugar por ela e máis do 50% das chegadas á estación invernal e de esquí tamén.

O percorrido da actual OU-701, comeza no entronque coa OU-536, pasando durante os seus 33 quilómetros polos concellos de Pobra de Trives, Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Solicitar á Deputación de Ourense a transferencia inmediata da estrada OU-701 e a maior celeridade nos trámites e prazos para facer efectiva tal transferencia.
- 2) Incluír a obra de mellora do trazado e o deseño da estrada, que arrancando en Viana, segue por Vilariño de Conso, Manzaneda ata o seu entroncamento coa OU-536 en Trives, nos seus plans de actuación máis inmediatos, de forma que á maior brevidade posible se acometan as obras en beneficio de todos os usuarios da devandita vía de comunicación.
- 3) Asumir o compromiso de que a devandita obra vai ser considerada prioritaria e que, polo tanto, vai quedar á marxe de calquera posible atraso.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/06/2018 16:47:56

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 16:48:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A asociación ecoloxista ADEGA ven de facer públicos os datos das analíticas solicitados a Augas de Galicia e realizadas nos puntos de control de vertidos, de aforo, de calidade das augas, captacións etc. na contorna da antiga mina de Touro.

Augas de Galiza respostou achegando numerosos datos analíticos tanto das diversas estacións de control como de mostraxes de verteduras. Á vista destes datos pódese concluír que a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando á calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 km² na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos.

Segundo ADEGA tanto as augas subterráneas como as superficiais do entorno da mina están fortemente contaminadas.

No **río Ulla** aparecen importantes concentracións de Cu e de Zn (substancias preferentes) con cantidades de Al e Mn tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos e de Al nun. Algunha destas superacións, caso do punto de mostraxe MR-00700, situado 20 m augas abaixo da desembocadura do Brandelos

prodúcese en análises recentes (marzo de 2018). Estes datos, correspondentes ao curso medio do río Ulla, confirman a mobilización de importantes cantidades de metais pola rede fluvial tributaria dende as antigas cortas mineiras (a de Bama, a máis de 12 km dende a desembocadura do Brandelos e de Arinteiro, a máis de 10 km dende o desaugue do Lañas), cando menos dende 2011 até a actualidade.

A bacía do **río Brandelos** caracterízase por unha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente Cu e Zn sobardando os máximos na maioría dos puntos de mostraxe, e unha moi alta acidez cun mínimo de 3,57 unidades, que persiste en análises recentes. Sospéitase tamén da presenza de substancias prioritarias como o Pb por riba do permitido nos regos das Minas, Felisa, Pucheiras e no propio río Brandelos. Posíbel presenza tamén de As no rego dos Torreis e Cr VI (Pucheiras e Torreis). Subliñar a recente superación (decembro de 2017) no propio río Brandelos dos valores de fenóis (substancias perigosas prioritarias), aínda que non figuran desglosadas por especies; así como de Hg en tres puntos de mostraxe e de cianuros en 2. Outros metais como o Fe, Al, Mn e compostos como os sulfatos amosan frecuentes superacións dos valores paramétricos en todos os cursos de auga desta sub-bacía, que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro.

A bacía do **río Lañas**, que drena unicamente a corta de Arinteiro amosa unha problemática similar ao Brandelos: o Pb (substancia prioritaria) ten presenza en todos os cursos, cunha superación segura no Portapego. Intensa contaminación por Cu e Zn, especialmente nos regos Portapego e de Barral, que son os que drenan directamente a corta de Arinteiro. É precisamente o rego Portapego o que amosa unha contaminación máis intensa, dando os niveis máis altos de metais pesados (substancias prioritarias, preferentes, e valores paramétricos de Fe, Mn e Al) e o maior pico de acidez (2,32 unidades) de todos os cursos analizados. A achega de contaminantes que dende os regos de Barral e Portapego se inxectan a través do Lañas na bacía do Ulla provoca a aparición de cantidades significativas



de metais mesmo a máis de 10 km augas abaixo da antiga corta de Arinteiro, e coa explotación inactiva.

Na saída da **balsa de Argumil**, todas as analíticas de augas amosan cantidades moi importantes de Cu, Zn, Fe, Mn, Al, sulfatos e condutividade, todos eles por riba das medias anuais e valores paramétricos, con posíbel superación tamén do Pb, Cr VI e As, e valores de pH hiperácidos, equiparábeis a regos de ambientes extremófilos.

A ineficacia dos tratamentos de rexeneración ponse en evidencia nos resultados das mostraxes de vertidos no **rego Portapego**. Nesta canle, supéranse os valores de Pb (substancia prioritaria) tanto antes como no propio tratamento. Cu e Zn están por riba das medias anuais tanto antes como despois do tratamento, ao igual que os valores paramétricos do Fe, Mn e Al. A acidez é extrema en todos os puntos de mostraxe, cun pico mínimo de 2,52 unidades 200m augas abaixo do surximento do Portapego, máis ácido aínda que antes do “tratamento”. Para o **rego Felisa**, sometido tamén a unha suposta rexeneración, acontece algo similar que para o Portapego: substancias preferentes (Cu e Zn) sempre por riba das medias anuais; posíbel presenza de Pb (substancia prioritaria) así como de As e Cr VI; e exceso de Fe, Mn, Al e sulfatos en todos os puntos de mostraxe. Tamén o pH é hiperácido, cun pico mínimo de 2,8 unidades augas abaixo do tratamento.

As escorrentías da **balsa de Vieiro** amosan unha situación parecida á rexistrada na balsa de Argumil: niveis de Cu, Zn, Fe, Mn e Al por riba dos respetivos límites, aínda que cunha acidez máis moderada. Finalmente, os rebouses da **balsa de Bama** debuxan unha situación similar á da balsa de Vieiro.

A contaminación das bacías fluviais que drenan as antigas cortas de Bama e Arinteiro é patente (ver mapa interpretativo), abranguendo uns 65 km² de territorio, con afectación ao curso medio do río Ulla.

Constátase o fracaso dos supostos tratamentos de rexeneración, de xeito que as antigas labores e instalacións da mina de cobre de Touro-O Pino seguen a ser unha fonte continua de contaminación das augas superficiais e soterradas. Esta instalación, hoxe pechada, converteuse na principal fonte de contaminación por metais pesados na bacía do río Ulla.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Denegar a Atlaya Mining SL a autorización ao proxecto mineiro de extracción de cobre que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino.
- 2) Depurar responsabilidades políticas pola pasividade continuada durante anos da administración autonómica diante da contaminación producida pola antiga mina e o non cumprimento de restauración e rexeneración por parte da empresa.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 11/06/2018 17:34:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno vén de respostar por escrito ao portavoz de En Marea no Congreso, Miguel Anxo Fernán Vello, en relación aos numerosos vertidos e problemas que levan tempo padecendo os veciños e veciñas de Mondoñedo debido ás louseiras situadas no Val do Río Baos, que “a raíz das diversas denuncias recibidas polo Seprona, se efectuaron as correspondentes inspeccións, formulándose 14 informes-denuncia”.

En Marea dirixía no pasado mes de febreiro unha batería de preguntas ao Goberno do Estado sobre as prácticas empresariais ilegais de “Pizarras Veira do Río S.L” que causan enormes desperfectos en propiedades privadas, en camiños públicos, en vivendas, nos acuíferos e no entorno debido ao elevado impacto da súa inadecuada actividade. Na resposta, o Goberno español desvela que durante o ano 2017 “ formuláronse 14 informes-denuncia por supostas infraccións administrativa á normativa sobre o solo, residuos, augas, minas, montes, ruídos e industria, que foron remitidas a diversos departamentos da Xunta e ao concello”. Enumera a quen llo enviou: “Concello de Mondoñedo, Xefatura Territorial da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta en Lugo, Xefatura Territorial da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta en Lugo, Augas de Galicia e Xefatura Territorial da Consellaría de Medio Rural en Lugo”.



A veciñanza das parroquias afectadas teñen denunciado constantemente as malas prácticas da empresa sen que por parte da Xunta de Galicia se actuase con dilixencia para evitalas.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Presentar por escrito aos grupos parlamentarios un informe completo coas actuacións levadas a cabo derivadas das 14 denuncias do Seprona por presuntas irregularidades nas prácticas empresariais das pizarreiras que actúan no Val de Río Baos.
- 2) Actuar para que se corrixan aquelas cuestións que poidan estar danando ao medio e afectando ao territorio ou á veciñanza.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 17:44:19

Marcos Cal Ogando na data 11/06/2018 17:44:39

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Concello de Noia é o único da comarca que non conta cun servizo público de escola infantil, pese a contar cun volume importante de nenos e nenas comprendidas entre os 0-3 anos.

O único servizo nese sentido que da resposta á demanda da escola infantil é de iniciativa privada e actualmente atópase saturado polo número de nacementos que teñen lugar no municipio, o que ten como consecuencia que non se estea a dar resposta a un servizo básico e necesario principalmente para poder levar a cabo a conciliación familiar e laboral.

Por outra banda, e en relación coa propia conciliación, outro servizo do que carece o Concello de Noia e que o converte tamén no único Concello da súa contorna que carece do mesmo é o do Centro de Día onde, se cabe, a demanda aínda é mais forte dado que existe un aumento nos últimos anos de xente maior que precisa deste servizo.

O Pleno da corporación, acordou por unanimidade a necesidade de iniciar a xestións necesarias para levar a cabo ambas propostas, trasladando o acordo á Xunta de Galicia e propoñendo a posibilidade dun cofinanciamento por parte de ambas institucións.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Iniciar as xestións necesarias para, con carácter urxente, dar resposta á
necesidade de dotar o Concello de Noia dun Centro de Día e dunha Escola
Infantil públicos.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/06/2018 10:58:44

Paula Vázquez Verao na data 12/06/2018 10:58:52

Luis Villares Naveira na data 12/06/2018 10:58:59

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios do 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superaron o 65 millóns, segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría se sumáramos os milleiros de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falla de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríanse dous anos dende que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de reubicación de emerxencia para compartir a responsabilidade de aqueles que solicitan asilo. Sen embargo, decenas de milleiros de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables. O anterior Goberno de España do PP, soamente acolleu en dos anos España a 1.983 persoas das 17.337 comprometidas, cifras da vergoña soamente se explican pola falla de vontade de cumprir os compromisos adquiridos.

Este pasado fin de semana, o buque Aquarius, operado dende o ano 2016 polas ONG Médicos sen Fronteiras (MSF) e SOS Mediterranée para salvar inmigrantes que tentan cruzar o Mediterráneo desde as

Grupo Parlamentario

costas africanas, saltou aos titulares de medio mundo pola negativa de Italia e Malta de deixalo entrar nos seus portos con máis de 600 inmigrantes a bordo.

De acordo coa web de SOS Mediterranée, a noite do pasado sábado ao domingo a nave realizou exitosamente seis rescates, todos baixo as ordes das autoridades italianas de rescate, salvado a vida a 629 persoas. Tras recibir a orde de proceder a porto seguro, o Aquarius recibiu a noticia de que non podía atracar en portos italianos. Tras unha negativa similar das autoridades maltesas, a nave esperou en alta mar entre os dous países e agora recibiu o permiso de chegar a portos españois cuxo Presidente do Goberno deu instrucións para permitir o seu desembarco no noso país. Unha medida que supón un cambio de rumbo de 180º da política de acollida de refuxiados, pasando das escusas para non cumprir os compromisos internacionais e a falla de interese do anterior executivo, á un goberno solidario, sensible coa dor allea, que ademais da cumprimento ás normas do Dereito Internacional. Unha medida aplaudida por boa parte da comunidade internacional.

Durante estas pasadas horas, numerosas comunidades autónomas: Extremadura, Baleares, Euskadi, a Comunidade Valenciana...amosaron a súa disposición a acoller nos seus respectivos territorios, a acoller a estas máis de 600 persoas cando cheguen a España. O goberno galego, dende que se coñeceu a nova de que o Aquarius atracaría nun porto español, non fixo ningún tipo de pronunciamento ao respecto, a pesares de sermos historicamente un país de emigrantes, e de que os galegos e galegas teñen amosado en numerosas ocasións que o noso é tamén un pobo solidario e de acollida. Ademais, na IX e X lexislatura aprobáronse varias iniciativas no Parlamento de Galicia que defendían a creación dun Plan de acollida para persoas refuxiadas en Galicia, e de que no ano 2015 o propio señor Feijoo anunciaba a disposición de Galicia a acoller a 300 refuxiados, así como a prestar tamén colaboración ás familias que quixeran acoller a máis persoas, algo que finalmente non se fixo efectivo.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Colaborar co Goberno de España na acollida na nosa comunidade autónoma dos refuxiados e refuxiadas do barco Aquarius, así como no cumprimento de todos os compromisos de reubicación e reasentamento adquiridos durante estes últimos anos polo noso país no seo da Unión Europea.
2. Elaborar un informe trimestral a respecto da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa comunidade.
 - 2.1 En dito plan recolleranse as accións levadas a cabo durante ese período de tempo no referente a:
 - a) Número de persoas acollidas.
 - b) Entidades e institucións que están en disposición de ofrecer recursos e/ou servizos para a acollida de persoas refuxiadas.
 - c) Número de solicitudes de familias galegas que manifestaron a súa vontade de acoller a persoas refuxiadas, así como a valoración (positiva ou negativa) das mesmas polo órgano competente do Goberno galego.
 - d) Planificación para a reubicación ou reasentamento de persoas refuxiadas nos vindeiros meses.
 - 2.2 Dito informe será presentado no Parlamento de Galicia, e publicado na páxina web da Xunta de Galicia.
3. Establecer un programa de axudas para as familias galegas que acollan persoas refuxiadas.

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 11:03:47

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/06/2018 11:03:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 11:03:59

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2018 11:04:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 11:04:07

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Val do Dubra é un concello que conta cunha poboación de 3.931 habitantes segundo os últimos datos do IGE (01.01.2017), dos que 360 teñen entre 0 e 14 anos.

A atención pediátrica neste concello desenvolveuse ata o ano 2016, coincidindo coa xubilación da persoa que prestaba o servizo, en horario completo no centro de saúde situado no centro da vila. A partir dese momento, o horario de atención reduciuse de 8.30 a 11.00 horas no papel, pero que na realidade é moito menor, posto que a persoa que presta o servizo ten que desprazarse para atender a consulta noutro municipio e sen que se substitúa en período de vacacións nin de baixas.

Esta deficiencia no servizo implica que haxa unhas listas de agarda de tres semanas para atención dos nenos e das nenas do concello.

Por outra banda, o espazo onde se presta a consulta de pediatría foi trasladado dende un lugar afastado do resto das consultas a outro integrado nas consultas das persoas adultas, o que non parece ser o lugar máis axeitado para os nenos e nenas de menor idade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que desenvolva o horario de atención pediátrica establecido na súa totalidade e axeitado á demanda existente no centro de saúde de Val do Dubra, e trasladar a consulta de pediatría ao lugar no que se viña prestando habitualmente.



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2018 11:20:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 11:20:50

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 11:21:00

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 11:21:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á remodelación das pistas de atletismo de Balaídos en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de reformar as pistas de atletismo de Balaídos foi asumida por acordos entre distintas administracións fai moitos anos. O primeiro acordo vén do ano 2008 coa sinatura dun protocolo entre a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo para un proceso de reforma integral, compromiso que foi mantido pola Xunta co cambio de goberno no ano 2009.

Con todo houbo que agardar ata o ano 2014 para que desde a Xunta se asumise a remodelación das pistas a cambio de ficar fóra da remodelación do Estadio de fútbol. En 2016 o daquela secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, anunciou que a Xunta aportaría 2,3 millóns de euros para este proxecto namentres que o concello de Vigo aportaría 500.000 euros, contando con iniciar o proceso a finais de 2017 a pesares da anulación do PXOM. O certo é que a día de hoxe o proxecto segue estancado e os e as deportistas seguen a denunciar o deterioro das instalacións e as dificultades que teñen para adestrarse.

As instalacións deportivas de atletismo están baixo mínimos, e para nada están a altura dunha cidade que presume de apoio ao deporte, mais ben todo o contrario. Algúns



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplos do seu deterioro son os seguintes: a situación de abandono en que se atopan o ximnasio, vestiarios, almacéns e baños así como as gradas que son vellas e con filtracións de humidades e gretas. Ademais non existe módulo cuberto para poder adestrar os días de chuvia, todo isto sumado ao estado de deterioro do conxunto do anel atlético que dá verdadeira pena (tanto das pistas como do tartán). A isto hai que sumarlle unha pésima xestión municipal, tanto na falla de mantemento e de limpeza das instalacións como na redución nos horarios para o uso das pistas que afecta especialmente ás persoas que preparan oposicións con proba física.

As persoas que practican atletismo nestas instalacións deportivas non teñen a culpa das leas políticas PP-PSOE que levan a falla de entendemento entre Xunta e Concello de Vigo tanto nesta como noutras cuestións. Polo tanto, desde o BNG exiximos, unha vez máis, a reforma das pistas de atletismo de Balaídos de forma inmediata, pois xa existe unha partida para o financiamento de dito proxecto, ademais de planos do mesmo.

Son moitas as persoas que adestran diariamente en Balaídos, deportistas do presente e de futuro para o atletismo galego, ás que tanto Xunta como concello de Vigo deberían ter en conta e facilitarlle a súa preparación para seguir poñendo o mais alto posible o listón deportivo da cidade e procurar que non teñan que desprazarse incluso a localidades de Portugal para comprobar o seu rendemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dar cumprimento inmediato do compromiso adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas de atletismo de Balaídos que contempla as seguintes actuacións:

- Arranxo do baixo grada, novo ximnasio e vestiarios.
- Torre de control e oficinas administrativas.
- Construción dun módulo cuberto.
- Reforma integral do anel atlético.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32304

Data envío: 12/06/2018 13:11:29.971

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2018 13:05:45

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2018 13:05:50

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2018 13:05:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2018 13:05:54

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2018 13:05:55

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2018 13:05:57

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Unión Europea está moi preocupada polo desleixo de Galicia en depuración. En 2013 viñeran varios eurodeputados para controlar as rías de O Burgo, Ferrol e Vigo. As conclusións foron, entre outras, que as zonas das nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas porque a condición destas áreas está potencialmente ameazada se non se fai nada urxente para resolver as cuestións que este mesmo informe recolle. Tamén dixeron os eurodeputados que se cometeran graves infraccións da lexislación da Unión Europea en materia de augas ao longo dos anos.

Galicia ten un problema de depuración e cómpren medidas sobre as rías para a súa recuperación medioambiental e produtiva. A ría de Pontevedra agarda polas medidas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dende o ano 2001. Hai problemas serios de depuración en Poio, Pontevedra, Bueu ou Marín porque a planta depuradora de Os Praceres (xestionada directamente por Augas de Galicia) e que trata as augas de Pontevedra, Marín, Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Pontecaldelas, en totalidade ou en parte, decanta pero non depura. Hai ata unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de marzo de 2016 sancionando a España polos problemas de depuración nas aglomeracións de Pontevedra, Marín, Poio e Bueu. Polo visto, o Goberno ten 4 millóns de euros para as melloras da infraestrutura hidráulica en Marín, mais non sabemos onde están os colectores nin cando vai rematar a obra, probablemente despois das eleccións municipais.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar resposta á depuración e ao tratamento das augas residuais urbanas de Marín rematando a obra de mellora da infraestrutura hidráulica antes de que remate o ano 2018.

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:18:03

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 13:18:09

Raúl Fernández Fernández na data 12/06/2018 13:18:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 13:18:18

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

Un dos puntos máis representativos desta situación é a vila de O Grove, onde a vinculación dos seus habitantes coa actividade mariñeira é moi relevante tanto en número como cualitativamente, non solo pola actividade propia dos traballadores e traballadoras do mar senón polo aproveitamento da ría e o mar como polo de atracción turística a un concello no que este sector redunda de maneira especial, sendo un dos focos máis relevantes de Galicia neste aspecto. De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo. O espazo de titularidade de Portos de Galicia, entidade responsable do porto de O Grove, conflúe urbanisticamente co centro da vila, dándose a circunstancia de que as actividades propias relacionadas directamente co porto están achegadas ao mar (lonxa, instalacións portuarias, infraestruturas de uso para mariñeiros...) quedando un espazo amplo que, sendo titular a entidade portuaria, son de uso cotiá cidadán sen actividade relacionada directamente co mar. Exemplo paradóxico dáse co feito de que o

edificio do Concello de O Grove se sitúa en terreo portuario, sendo motivo de obrigado pago de aluguer polo seu propio uso.

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debера ter sido resolta, pois se realiza actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galicia) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que corresponde a fixación e cobro de taxas, responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Esta dicotomía está a prexudicar aos veciños e veciñas de O Grove, que comprobamos como existe un certo abandono por parte de Portos de Galicia dos terreos que son da súa titularidade, impedindo pola súa parte unha correcta utilización por parte do Concello que, velando polas necesidades reais da vila, asume xestión e custes que non lle deberían ser propios. A negativa de Portos de Galicia a contribuír e manter os terreos que lle son propios, pero á vez dificultar as posibilidades do propio Concello, constitúen un bloqueo “de facto” nas potencialidades que un Concello como O Grove ten.

A Lei de portos de Galicia, no seu artigo 52 e seguintes e tamén noutros puntos da lei, considera a posibilidade de definir a delimitación, usos e posibles modificacións nos terreos portuarios. Existen, ademais, exemplos con terreos portuarios de titularidade de Puertos del Estado, que se teñen modificado espazos e usos en favor de distintos concellos.

A posibilidade de desafectar terreos que, sendo hoxe de titularidade municipal, están claramente integrados na dinámica veciñal urbana, suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de O Grove.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a través de Portos de Galicia abra un período de negociación co Concello de O Grove, para traballar na desafección dos terreos portuarios non utilizados hoxe

 Grupo Parlamentario

para actividade relacionada directamente co porto, e que poidan pasar a titularidade municipal.

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:35:06

María Dolores Toja Suárez na data 12/06/2018 13:35:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 13:35:19

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15 % dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha

Grupo Parlamentario

maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servicios, afastado a atención dos e das cidadáns.

O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria. A pesares diso, a construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, repetidamente, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. Os orzamentos de 2016 dedicaban 3,8 millóns de euros a renovación, construción e equipamento de centros de saúde da provincia de Pontevedra. Os orzamentos de 2017 e 2018 acumulados dedicaron 3,9 para as mesmas partidas. Ademais da perda de investimentos, xa de por si moi limitados e que resultan mínimos comparados co canon de máis de 40 millóns de euros anuais que se dedica a pagar polo Hospital Álvaro Cunqueiro, a tendencia da Consellería de Sanidade é a terminar por non executar unha boa parte destas partidas, reutilizando os cartos para resolver problemas de execución e orzamentaria noutras cuestións que se planifican erroneamente de maneira sistemática. Esta práctica, alertada e criticada polo Consello de Contas de Galicia dificulta o seguimento dos orzamentos, e evidencia a nula aposta pola atención primaria por parte do Sergas.

A provincia de Pontevedra vese especialmente danada pola política de abandono da atención primaria por parte do Sergas. Existen numerosas demandas reivindicadas por persoas usuarias, profesionais, representantes cidadáns e numerosos colectivos afectados, que están sendo sistematicamente ignoradas pola Xunta de Galicia. Sinaladamente, pódense comprobar numerosos casos de melloras de infraestruturas de atención primaria, ou de construción de centros novos, que son diminuídas e esquecidas pola Xunta de Galicia no caso dos concellos que non son gobernados polo PP, formación que de maneira repetida vota contra estas melloras nestes casos no Parlamento de Galicia. As reclamacións sobre mantemento, construción ou dotación de persoal nos centros de saúde de Vilagarcía, A Illa, O Grove, Cambados, Pontearreas, Navia (Vigo), As Neves, Cuntis e moitos outros son exemplos de desleixo da Xunta de

Grupo Parlamentario

Galicia para colaborar coa mellora asistencial dos veciños e veciñas destes lugares.

Non ocorre así cando as cuestións se refiren a concellos onde goberna o PP, nos que as peticións e demandas que se realizan son atendidas sen problemas por parte do Goberno autonómico e aprobadas vía parlamentaria polo PP.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Non diminuír a partida orzamentaria para 2018 dedicada a centros de saúde na provincia de Pontevedra
2. Comprometer aumentar nun mínimo dun 15 % a partida orzamentaria para mantemento de centros de saúde na provincia de Pontevedra para os orzamentos de 2019 e, posteriormente, para os de 2020.
3. Realizar un informe do estado do mantemento dos centros de saúde da provincia de Pontevedra e, de ser necesario, dedicar unha partida específica a solucionar aqueles problemas de maior urxencia
4. Axilizar a transferencia da titularidade dos centros de saúde municipais ao Sergas, en cumprimento do acordo asinado coa Fegamp.
5. Garantir a cobertura de profesionais en atención primaria na provincia de Pontevedra na maior medida posible, tendo en conta a dispoñibilidade de profesionais contratables existentes.

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:44:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:44:50

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 13:44:56

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/06/2018 13:45:01

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 13:45:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 13:45:11

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Marta Nóvoa Iglesias, Jacobo Moreira Ferro e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

Durante os últimos dous anos, o Goberno de España veu reiterando sistematicamente o seu compromiso de finalizar as obras da alta velocidade entre Galicia e Madrid no prazo anunciado de finais de 2019.

Así o salientaron tanto Mariano Rajoy, sendo presidente do Goberno, como Íñigo de la Serna, como ministro de Fomento, nas visitas que realizaron a Galicia, onde reiteraron que todos os treitos están avanzando conforme o previsto.

Ademais, ambos confirmaron que o tramo entre Zamora e Pedralba entrará en servizo neste ano 2018 e permitirá acurtar en 30 minutos o tempo de viaxe entre Madrid e Galicia. Ese treito poñeráse en funcionamento cando conte coa correspondente autorización da Axencia de Seguridade Ferroviaria.

Pola súa banda, o Goberno galego veu exercendo un labor de permanente e rigorosa vixilancia sobre a evolución das obras, con diálogo constante cos máximos responsables do Ministerio e do Adif co obxectivo de velar polo cumprimento dos prazos comprometidos.

Segundo informou o Adif no pasado mes de maio, as obras do AVE galego avanza ao ritmo necesario e conforme a un cronograma claro que permitirá chegar a tempo e ter rematados os traballos no prazo comprometido. O Adif ten manifestado que dispón de recursos económicos suficientes e que traballa cun calendario que asegura o cumprimento do prazo de 2019.

Tamén o Ministerio de Fomento reiterou de forma clara nos últimos meses o seu compromiso de que o AVE entre Galicia e Madrid estea funcionando en probas a finais do ano 2019.

A chegada da alta velocidade a Galicia é un compromiso de país irrenunciable e polo tanto, a Xunta exerce o seu obrigado papel de vixilancia dos investimentos nesa obra pública.

Mais as dúbidas xeradas nalgunhas das declaracións feitas por responsables políticos do Partido Socialista, que ostenta agora o Goberno de España, fai necesario que este Parlamento reforce este compromiso de país, reiteradamente exposto, e que o Goberno Galego manteña as súas demandas e esixencias ante o Goberno de España para que o AVE a Galicia se remate nos prazos comprometidos

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao Goberno do Estado para que ratifique a data comprometida de finalización das obras do AVE a Galicia, co obxectivo que estea funcionando en probas no ano 2019, tal e como tiña comprometido o anterior Executivo estatal.
- 2.- Trasladar ao Goberno do Estado que a finalización da alta velocidade entre Madrid e Galicia no prazo comprometido é un obxectivo irrenunciable e prioritario para a nosa Comunidade.
- 3.- Manter, como veu facendo ata o de agora, o seu labor de vixilancia sobre os investimentos estatais e o cronograma previsto para que o remate desta infraestrutura estratéxica para Galicia se produza no prazo comprometido.
- 4.- Co obxecto de facilitar esta labor de seguimento, demandar do novo Ministro de Fomento que manteña o compromiso do anterior Ministro de efectuar visitas de periodicidade trimestral a Galicia con información dos avances das obras”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/06/2018 19:26:43

Martín Fernández Prado na data 12/06/2018 19:26:55

Jaime Castiñeira Broz na data 12/06/2018 19:27:08

María Julia Rodríguez Barreira na data 12/06/2018 19:27:13

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 12/06/2018 19:27:25

Marta Novoa Iglesias na data 12/06/2018 19:27:46

Jacobo Moreira Ferro na data 12/06/2018 19:28:04

Gonzalo Trenor López na data 12/06/2018 19:28:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a reclasificación da categoría de tradutor/a intérprete de Xustiza para o grupo I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Galicia existen sete Equipos Lingüísticos que dan servizo aos diferentes órganos xudiciais das catro provincias, dependentes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

As súas funcións son a tradución de documentación entre as dúas linguas cooficiais, a interpretación xudicial e a revisión e o asesoramento lingüísticos, e están situados no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na Dirección Xeral de Xustiza en Santiago de Compostela, no Decanato dos Xulgados de Santiago e Vigo e nas Audiencias Provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense.

Nos Equipos Lingüísticos traballan cinco lingüistas e once tradutores, todos persoal laboral fixo. Así, os equipos do TSXG, Audiencias Provinciais e Dirección Xeral están formados por persoal de dúas categorías profesionais diferentes:

- Titulados superiores lingüistas (persoal laboral, grupo I, categoría 40).
- Tradutores intérpretes (persoal laboral, grupo III, categoría 52, na actualidade categoría “a funcionarizar”).



Os Equipos Lingüísticos dos Decanatos, pola contra, son unipersoais e a figura que os conforma é unha tradutora intérprete.

A clasificación das prazas de tradutor/a intérprete de Xustiza nun grupo III implica que para ser ocupadas só se require a titulación de bacharelato superior ou equivalente, mais estes estudos son insuficientes e amplamente superados polo nivel técnico do traballo realizado, consistente en traducir todo tipo de documentación administrativa e xudicial (incluídas as resolucións: sentenzas, autos e decretos) e facelo con garantías.

A idea desta insuficiencia vén avalada por varios feitos:

1. Dependentes da mesma consellería que os tradutores de Xustiza existen outras 8 prazas de tradutor con funcións equiparables ás dos primeiros. Estes tradutores, en cambio, non son persoal laboral do grupo III, senón funcionarios grupo A1, nivel 25, segundo a RPT de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
2. Nas convocatorias para habilitar tradutores e intérpretes xurados, a Xunta de Galicia esixe, como mínimo, o título de diplomatura, enxeñería técnica, arquitectura técnica ou equivalente, de conformidade co artigo 3.2 do Decreto 267/2002, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

O artigo 1 dese decreto establece o carácter oficial das traducións e interpretacións das persoas habilitadas, o mesmo carácter oficial que posúen os documentos traducidos polos tradutores de Xustiza, e o artigo 7 recolle a habilitación directa daquelas persoas licenciadas en Tradución e Interpretación con requisito de 24 créditos de materias de tradución especializada doutras linguas ao galego e que deles 12 sexan textos xurídicos e económicos, co cal nos atopamos co absurdo paradoxo da existencia de

estudos universitarios de Tradución e Interpretación e a incoherencia que supón que a Xunta manteña prazas de tradutores cun nivel de bacharelato (que vén sendo como ter prazas de arquitecto ou de biólogo nun grupo III).

Porén, un ano despois de promulgar o Decreto 267/2002 polo que se requiren estudos superiores para a habilitación de tradutor xurado e intérprete xurado doutras linguas para o galego e viceversa, convócase o proceso selectivo para acceder á categoría de tradutor intérprete da Administración de Xustiza e establécese unha titulación mínima de bacharelato (DOG núm. 252, do 30 de decembro de 2003).

Como consecuencia, considérase que nestas prazas que van ter como función básica a de traducir documentación xudicial entre o galego e o castelán os coñecementos de galego non son un requisito, senón un inxustificable simple mérito, tal e como pode verse na RPT (méritos: coñecementos de galego e de informática).

3. A Xunta non ten prazas de tradutores en combinacións de linguas distintas do galego e o castelán para cubrir as necesidades da Administración de Xustiza en Galicia, senón que recorre á licitación destes servizos. Nos anuncios de licitación pídese que as empresas aspirantes garantan que o seu persoal estea composto por tradutores e intérpretes xurados, polo que estamos de novo ante un nivel de esixencia diferente do fixado para os tradutores de Xustiza.

Así pois, para exercer como tradutor/a ou intérprete xurado requírese titulación superior e ás empresas de tradución contratadas esíxenlles tradutores xurados con titulación superior, e mentres os outros oito tradutores da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza son persoal funcionario encadrado no grupo A, o persoal laboral tradutor intérprete de Xustiza permanece



desde hai quince anos nun grupo III, sen ter en conta a inadecuación para o posto dun nivel de estudos de bacharelato e cos coñecementos de galego, imprescindibles para o seu labor, convertidos nun mérito en lugar dun requisito. O agravio comparativo máis evidente dáse entre a situación laboral dos tradutores intérpretes da Administración de Xustiza (persoal laboral, grupo III, categoría 52) e a dos tradutores funcionarios dependentes da mesma Consellería (grupo A1, nivel 25), para os que si se recoñece o status do que os tradutores gozan noutros ámbitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a modificar e equiparar as condicións laborais e retributivas e a categoría profesional dos/ das tradutores/as intérpretes da Administración de Xustiza do grupo III, categoría 52, reclasificando as súas prazas no grupo I, na categoría que corresponda, por realizaren as mesmas funcións (tradución entre o galego e o castelán de todo tipo de documentación xudicial e administrativa) que os funcionarios tradutores clasificados como grupo A1 na RPT da mesma Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputadas do G.P. de En Marea
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/06/2018 12:06:39

Paula Vázquez Verao na data 13/06/2018 12:06:46

Carmen Santos Queiruga na data 13/06/2018 12:06:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32359
Data envío: 13/06/2018 16:35:18.721

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A quen se lle acorda a mobilización do sector produtor lácteo no 2015, nin como esta rematou na traizón do acordo?

O caso é que case tres anos despois un dos puntos do citado acordo e que en teoría tiña a ver con darlle un sopro de alento ó sector do estado (nós vimos sendo, de momento case o 50%), está sendo posto en cuestión pola *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC)*. Referímonos a establece-la obriga de constar na etiquetaxe a orixe do leite posto no mercado.

Era tal o convencemento aparente a que se chegara e era tanta a présa que o goberno tiña por quita-los tractores da rúa e acalma-lo sector que o mesmo presidente se reuniu con tódolos implicados no conflito rememorando unha mesa de negociación necesaria para o sector pero nunca recoñecida coma tal polo goberno da Xunta.

Coma xesto de boa vontade e de présa púxose en circulación a campaña do leite "galega", distintivo que se mantén aínda que dun xeito suave e sen repercusión palpable no sector.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32359
Data envío: 13/06/2018 16:35:18.721

En resume, non é de recibo que unha vez máis primen os intereses das multinacionais instaladas no sector cós intereses do mesmo. É ben para o sector e para o consumidor en xeral que a orixe do produto lácteo figure no etiquetado tal e coma acontece noutros países da UE.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a presionar e tomar as medidas necesarias para que na etiquetaxe do leite comercializado figure a súa orixe.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32359
Data envío: 13/06/2018 16:35:18.721

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 16:28:51

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 16:28:58

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 16:28:59

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 16:29:01

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 16:29:02

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 16:29:04

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Solo Rústico de especial protección agropecuaria ven definido no artigo 34.2 a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia como:

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que foran obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Como actualmente non existe ese catálogo oficial correspondente, elaborado pola Consellería de Medio Rural, onde se delimiten os terreos de alta produtividade agropecuaria, existe a posibilidade de que moitos deses terreos queden desprotexidos ao libre arbitrio dos concellos.

Recentemente o Concello de Curtis ven de aprobar inicialmente unha modificación puntual que elimina o solo rústico de especial protección agropecuaria, pretendendo deixar desprotexidos terreos de elevado valor agrario e gandeiro.



Ademais das necesidades actuais de solo para cultivos agrarios e para as explotacións gandeiras, existe a obriga de conservar para o futuro o que é un recurso valioso e non renovable.

Máis nun país no que segundo as estatísticas non deixa de descender a superficie agraria útil, e onde hai unha excesiva dependencia da importación de alimentos.

Co obxectivo da protección e conservación destes solos é preciso actuar de inmediato elaborando un mapa de solos de Galiza, onde se leve a cabo unha clasificación detallada en función das súas aptitudes.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a elaborar un Mapa de Solos de Galiza que clasifique os solos en función das súas aptitudes, e que inclúa un Catálogo de Solos de alta produtividade agropecuaria.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 13/06/2018 17:14:31

Antón Sánchez García na data 13/06/2018 17:14:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:27
Nº Rexistro: 32374
Data envío: 13/06/2018 17:27:55.096

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a dirixir e coordinar co resto de administracións públicas implicadas e con carácter de urxencia o proceso de desentullo da zona afectada pola explosión no lugar de Paramos en Tui así como a ofrecer o financiamento necesario para levar a cabo as devanditas obras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, urxe iniciar do xeito máis inmediato os procesos de desentullo da zona afectada a fin de evitar un problema ambiental e social e poder poñer en marcha os mecanismos de rehabilitación e recuperación da zona coa maior celeridade a fin de que as familias afectadas poidan comezar a retomar as súas vidas coa maior normalidade e no menor tempo que sexa posible.

A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galiza, sinala no seu artigo 10, que o sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galiza, sen prexuízo das competencias do estado, correspóndelle a *“A Xunta de Galiza, ... a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.”*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:27
Nº Rexistro: 32374
Data envío: 13/06/2018 17:27:55.096

Así mesmo o artigo 13 da mesma Lei sinala que a persoa titular da Consellería da Xunta de Galiza competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias é o órgano responsábel da política de protección civil e de xestión de emerxencias de Galiza e entre outras correspóndelle coordinar as actuacións da Xunta de Galiza con outras administracións públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias así como coordinar entre si os servizos públicos e privados que haxan de intervir en situacións de emerxencias.

Dada a magnitude da explosión , o número de vivendas afectadas pola mesma, a existencia de materiais perigosos como o amianto e material explosivo que sigue a aparecer, os traballos para proceder ao desentullo supoñen uns elevados custes económicos así como unha complexidade do proceso de desamiantado ao ter que se desenvolver por medio de protocolos específicos custosos e duradeiros no tempo, por empresas autorizadas, que superan a capacidade por suposto d@s propietari@s, da propia administración local, e que de non levarse a cabo coa urxencia debida pode provocar unha alta contaminación na zona e un problema de saúde pública.

Así mesmo, debe procurarse que as familias afectadas, poidan na medida das posibilidades, comezar a reconstruír as súas vidas para o que se precisa levar a cabo esas obras de desentullo a fin de que poidan comezar as obras de rehabilitación e reconstrución das súas vivendas.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dirixir e coordinar coas súas Consellerías e co resto de administracións públicas implicadas o proceso de desentullo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:27
Nº Rexistro: 32374
Data envío: 13/06/2018 17:27:55.096

da zona afectada pola explosión no lugar de Páramos en Tui adoptando medidas de carácter urxente como contratos de emerxencia así como a ofrecer o financiamento necesario para levar a cabo as devanditas obras.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 16:50:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 16:50:33

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 16:50:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:27
Nº Rexistro: 32374
Data envío: 13/06/2018 17:27:55.096

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 16:50:36

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 16:50:38

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 16:50:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:28
Nº Rexistro: 32376
Data envío: 13/06/2018 17:28:17.565

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a establecer mecanismos administrativos tendentes á simplificación da tramitación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión no lugar de Páramos en Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado, podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recabar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que na fase de instrución da tramitación das axudas aprobadas facilite a acreditación da propiedade dos bens a través dunha investigación activa dos órganos tramitadores da Xunta de Galiza, solicitando información á administración tributaria, catastro e rexistro da propiedade sobre os bens de titularidade dos solicitantes.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 17:15:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:28
Nº Rexistro: 32376

Data envío: 13/06/2018 17:28:17.565

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 17:15:35

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 17:15:36

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 17:15:38

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 17:15:39

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 17:15:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a solicitarlle ao Estado español a exención de tributación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión no lugar de Páramos en Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no Concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, foi publicado o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico.

As axudas réxense pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galiza e polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Estas axudas poderían ser susceptibles de tributación no IRPF xa que non aparecen entre as rendas exentas reguladas no artigo 7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:28
Nº Rexistro: 32378
Data envío: 13/06/2018 17:28:38.534

das Leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Se ben en base á Disposición Adicional Quinta da mesma Lei no seu apartado terceiro di que *“as axudas públicas, distintas das previstas no apartado 1 anterior, percibidas para a reparación dos danos sufridos en elementos patrimoniais por incendio, inundación, afundimento ou outras causas naturais, integraranse na base imponible na parte en que excedan do custe de reparación dos mesmos. En ningún caso, os custes de reparación, até o importe da citada axuda, serán fiscalmente deducibles nin se computarán como mellora.*

Non se integrarán na base imponible deste Imposto, as axudas públicas percibidas para compensar o desaloxo temporal ou definitivo por idénticas causas da vivenda habitual do contribuínte ou do local no que o titular da actividade económica exerce a mesma.”

Esta regulación pode levar a interpretacións polo que se deberían declarar expresamente exentas de tributación as axudas concedidas en base a este Decreto.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego solicítalle á Xunta de Galiza a que inste ao Estado a declarar expresamente exentas de tributación as axudas concedidas en base ao Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maio de 2018 e á Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 17:18:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 17:18:11



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 17:28
Nº Rexistro: 32378
Data envío: 13/06/2018 17:28:38.534

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 17:18:13

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 17:18:14

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 17:18:16

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 17:18:22

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A finais do pasado mes de abril, foi sometido a información pública o documento base do chamado “*Plan de transporte público de Galicia*”, unha denominación sen dúbida pretenciosa pois unicamente contempla unha parte dun único modo de transporte, cando en boa lóxica debera ser consecuencia dunha formulación máis xeral e completa sobre a mobilidade en Galicia. En todo caso, tal planificación debera establecer as cuestións básicas para o deseño e posta en marcha dun novo mapa concesional, pero que, lonxe de tal cometido, constitúe máis ben un documento demasiado xenérico e indeterminado, do cal non derívase do mesmo, como sería desexable, unha mellora substancial dos servizos regulares públicos de transporte interurbano e intercomarcal de viaxeiros por estrada, competencia exclusiva de Comunidade, senón que volve a establecer unhas pautas xerais moi imprecisas e cuestionables.

Cabe recordar que a *Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia*, establecía que dito plan sería aprobado no prazo de vinte e un meses dende a súa entrada en vigor, e dado que aquela produciuse o 23 de xullo de 2016, xa é coñecido que – novamente - a Xunta de Galicia non foi quen de dar cumprimento ao prazo legalmente establecido.

A denominada *1ª fase do Plan de transportes* (coa incongruencia de denominar “1ª fase” de algo que nin está actualmente aprobado), realizada como consecuencia dos erros cometidos pola Xunta de Galicia con anterioridade, procedeu á contratación de diversos servizos,

Grupo Parlamentario

pero foi, en todo caso, un parche provisional, que supuxo a existencia de múltiples problemas, tal e como é sobradamente coñecido, ademais de ter que ser realizado pola administración de xeito directo, en base a unha modalidade anormal e excepcional de contratación, tal e como determina a lexislación europea de transporte. Así non levouse a cabo unha mellora dos servizos prestados e, en demasiadas ocasións, tampouco un aumento das persoas usuarias, pese á idea contraria que tenta transmitir á consellería, a vez que sufrindo múltiples alteracións ante as queixas de diversos concellos.

Baixo a consideración do transporte escolar como un servizo equiparable e integrado ao das persoas viaxeiras en xeral, o que buscábase en realidade era unha minoración de fondos públicos destinados ao transporte público, cando sen un aumento de dotacións con cargo aos orzamentos autonómicos, é imposible acadar unha mellora destes servizos. Pero tal condicións previa non está entre as previsións da Xunta de Galicia.

Non parece un esquema inicial axeitado ir a un modelo de transporte sen aumentar a dotación global e incluso pensando en aforrar esa contía. Ou incluso se vai solicitar a “colaboración financeira” por parte doutras administracións públicas, cando constitúe unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.

Mentres, é rexeitado polo Partido Popular que, tal e como acontece no transporte metropolitano, as persoas mozas poidan desprazarse gratuitamente en autobús, tal e como se propuxo recentemente por este grupo parlamentario.

Tampouco é coñecido o necesario estudo sobre as necesidades de mobilidade do territorio, cuestión básica e previa para o deseño das novas liñas a poñer en marcha.

Tampouco parece que o plan deseñado, tivera en conta en múltiples referencias e recomendacións que se establecen na aprobación das directrices de ordenación do territorio, sendo estas, ao parecer, ignoradas.

Grupo Parlamentario

Igualmente non pareza que teña en conta a realidade das áreas metropolitanas, tanto a legalmente aprobada ou a que puidera entrar en funcionamento nos próximos anos, cando estas deberán ter a competencia sobre o transporte público que o plan recolle para o territorio que as integren.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei ao respecto do denominado “*Plan de transportes público de Galicia*”:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír, de inmediato, unha mesa con participación das administracións locais, empresas e sindicatos máis representativos do sector do transporte, de tal xeito que poidan ser consensuados os diferentes elementos esenciais relativos ás novas liñas de transporte regular de persoas viaxeiras por estrada a instaurar na nosa Comunidade.

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 13/06/2018 18:21:24

María Luisa Pierres López na data 13/06/2018 18:21:30



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/06/2018 18:21:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/06/2018 18:21:40

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2018 18:21:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2018 18:21:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 09:48
Nº Rexistro: 32391
Data envío: 14/06/2018 09:48:07.063

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a necesidade de modificar a orde de axudas para a reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Paramos-Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de maio produciuse unha traxedia no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular. Traxedia que se levou por diante a vida de dúas persoas, 37 persoas feridas innumerábeis danos, 31 vivendas totalmente destruídas, arredor de 86 coa estrutura moi danada, en total 311 vivendas con algún nivel de afectación, 66 vehículos afectados, empresas...

A situación require actuacións áxiles, efectivas e resolutivas, as persoas afectadas por suposto non queren tirar ningún beneficio da catástrofe, mais tampouco saíren prexudicadas dunha situación da que non son en absoluto responsábeis. Tan só demandan recuperar as súas vidas nas condicións que estaban antes da criminal explosión.

Pasado xa un certo tempo desde a explosión as persoas afectadas están a trasladarnos que a xestión que se está a realizar polas administracións competentes non está sendo suficientemente eficiente, nin áxil, teñen sensación de certo abandono e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 09:48
Nº Rexistro: 32391
Data envío: 14/06/2018 09:48:07.063

empezan a temer que todo se empece a dilatar no tempo, e que as axudas non van ser suficientes.

Eses temores empezan a verificarse. O xoves 7 de xuño o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.

Esta orde de axudas non se axusta ás necesidades das persoas afectadas en canto ás contías para reparar os danos ocasionados nas vivendas, que demandan se axuste ao custe 100% da mesma e non ao valor reverenciado na vivenda de protección oficial. O que establece a orde en algúns casos serán suficiente, mais en outros claramente insuficiente, quedan moi por debaixo do prezo das vivendas.

Base cuarta. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes.

1. Serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmovible danado, a axuda concederáse polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Deste xeito en vivendas de residencia permanente e habitual, o importe máximo da subvención ante situación de ruína ou rehabilitación de danos será de 109.150 euros. Polos danos no enxoval doméstico a axuda será de 16.373 euros en vivendas ruinosas e do 100% dos gastos até un límite de 3.000 euros en vivendas a rehabilitar.

No caso de vivendas que non sexan residencia permanente e habitual, ante situación de ruína ou rehabilitación a subvención máxima será de 43.660 euros; e polo enxoval doméstico en vivendas ruinosas será de 5.458 euros e en vivendas a rehabilitar cubriráse o 40% dos gastos até 3.000 euros.

No referido ao enxoval :

3. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade das vivendas danadas cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións. Soamente se concederá unha axuda para o enxoval doméstico por cada vivenda danada.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constitúan a residencia permanente e habitual das súas persoas moradoras, o importe da axuda será de 16.373 euros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será de 5.458 euros.

Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda permanente e habitual ou o da vivenda ocasional, respectivamente e cun límite máximo de 3.000 euros.

Tampouco responde ás demandas das persoas afectadas, que reclaman o 100% do valor de reposición demostrado se é maior.

Así mesmo non entendemos a razón de que non se inclúe na orde axudas para a reposición de vehículos nin para empresas.

Do mesmo xeito é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado, podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recadar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Modificar a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual nas seguintes cuestións:

a.- As axudas destinadas a reparar os danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval domésticos, de xeito que as contías das subvencións para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100% do valor de reposición da vivenda, sexa habitual ou non, ao igual que o 100% do custe do importe no caso de rehabilitación ou reparación do inmovible danado.

b.- No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constituían residencia permanente habitual ou non das persoas moradoras será de 16.373 ou o 100% do valor demostrado se é maior.

c.- Incluír axudas para a reposición de vehículos polo 100% do valor demostrado

d.- Incluír axudas para a reposición de empresas polo 100% do valor demostrado.

2.- Que na fase de instrución da tramitación das axudas aprobadas se facilite a acreditación da propiedade dos bens a través dunha investigación activa dos órganos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tramitadores da Xunta de Galiza, solicitando información á administración tributaria, catastro e rexistro da propiedade sobre os bens de titularidade dos solicitantes.

3.- Proceder á dotación de todos os recursos persoais e materias precisos para facilitar as tramitacións, licenzas e autorizacións para axilizar ao máximo as labores tanto de desentullo, como de urbanización e rehabilitación da zona.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 09:45:27

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 09:45:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 09:48
Nº Rexistro: 32391
Data envío: 14/06/2018 09:48:07.063

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 09:45:35

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 09:45:36

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 09:45:37

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 09:45:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas á tomar para que as persoas afectadas pola explosión de Paramos poidan recuperar canto antes as súas vidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de maio produciuse unha traxedia no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular. Traxedia que se levou por diante a vida de dúas persoas, 37 persoas feridas innumerábeis danos, 31 vivendas totalmente destruídas, arredor de 86 coa estrutura moi danada, en total 311 vivendas con algún nivel de afectación, 66 vehículos afectados, empresas...

A situación require actuacións áxiles, efectivas e resolutivas, as persoas afectadas por suposto non queren tirar ningún beneficio da catástrofe, mais tampouco saíren prexudicadas dunha situación da que non son en absoluto responsábeis. Tan só demandan recuperar as súas vidas nas condicións que estaban antes da criminal explosión.

Pasado xa un certo tempo desde a explosión as persoas afectadas están a trasladarnos que a xestión que se está a realizar polas administracións competentes non está sendo suficientemente eficiente, nin áxil, teñen sensación de certo abandono e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empezan a temer que todo se empece a dilatar no tempo, e que as axudas non van ser suficientes.

Eses temores empezan a verificarse. O xoves 7 de xuño o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.

Esta orde de axudas non se axusta ás necesidades das persoas afectadas en canto ás contías para reparar os danos ocasionados nas vivendas, que demandan se axuste ao custe 100% da mesma e non ao valor reverenciado na vivenda de protección oficial. O que establece a orde en algúns casos serán suficiente, mais en outros claramente insuficiente, quedan moi por debaixo do prezo das vivendas.

Base cuarta. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes.

1. Serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmovible danado, a axuda concederáse polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Deste xeito en vivendas de residencia permanente e habitual, o importe máximo da subvención ante situación de ruína ou rehabilitación de danos será de 109.150 euros. Polos danos no enxoval doméstico a axuda será de 16.373 euros en vivendas ruinosas e do 100% dos gastos até un límite de 3.000 euros en vivendas a rehabilitar.

No caso de vivendas que non sexan residencia permanente e habitual, ante situación de ruína ou rehabilitación a subvención máxima será de 43.660 euros; e polo enxoval doméstico en vivendas ruinosas será de 5.458 euros e en vivendas a rehabilitar cubriráse o 40% dos gastos até 3.000 euros.

No referido ao enxoval :

3. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade das vivendas danadas cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións. Soamente se concederá unha axuda para o enxoval doméstico por cada vivenda danada.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constituían a residencia permanente e habitual das súas persoas moradoras, o importe da axuda será de 16.373 euros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será de 5.458 euros.

Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda permanente e habitual ou o da vivenda ocasional, respectivamente e cun límite máximo de 3.000 euros.

Tampouco responde ás demandas das persoas afectadas, que reclaman o 100% do valor de reposición demostrado se é maior.

Así mesmo non entendemos a razón de que non se inclúe na orde axudas para a reposición de vehículos nin para empresas.

Do mesmo xeito é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado, podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recadar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.

Outra das maiores preocupacións das persoas afectadas é a tardanza do inicio das labores de desentullo, e de eliminación de riscos da zona. Dada a magnitude da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 09:55
Nº Rexistro: 32395
Data envío: 14/06/2018 09:55:55.141

explosión , o número de vivendas afectadas pola mesma, a existencia de materiais perigosos como o amianto e material explosivo que sigue a aparecer, os traballos para proceder ao desentullo supoñen uns elevados custes económicos así como unha complexidade do proceso de desamiantado ao ter que se desenvolver por medio de protocolos específicos custosos e duradeiros no tempo, por empresas autorizadas, que superan a capacidade por suposto d@s propietari@s, da propia administración local, e que de non levarse a cabo coa urxencia debida pode provocar unha alta contaminación na zona e un problema de saúde pública.

Así mesmo, debe procurarse que as familias afectadas, poidan na medida das posibilidades, comezar a reconstruír as súas vidas para o que se precisa levar a cabo esas obras de desentullo a fin de que poidan comezar as obras de rehabilitación e reconstrución das súas vivendas.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Modificar a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual nas seguintes cuestións:

a.- As axudas destinadas a reparar os danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval domésticos, de xeito que as contías das subvencións para o caso de que os



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100% do valor de reposición da vivenda, sexa habitual ou non, ao igual que o 100% do custe do importe no caso de rehabilitación ou reparación do inmovible danado.

b.- No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constituían residencia permanente habitual ou non das persoas moradoras será de 16.373 ou o 100% do valor demostrado se é maior.

c.- Incluír axudas para a reposición de vehículos polo 100% do valor demostrado

d.- Incluír axudas para a reposición de empresas polo 100% do valor demostrado.

2.- Que na fase de instrución da tramitación das axudas aprobadas se facilite a acreditación da propiedade dos bens a través dunha investigación activa dos órganos tramitadores da Xunta de Galiza, solicitando información á administración tributaria, catastro e rexistro da propiedade sobre os bens de titularidade dos solicitantes.

3.- Proceder á dotación de todos os recursos persoais e materias precisos para facilitar as tramitacións, licenzas e autorizacións para axilizar ao máximo as labores tanto de desentullo, como de urbanización e rehabilitación da zona.

4.- Dirixir e coordinar coas súas Consellerías e co resto de administracións públicas implicadas o proceso de desentullo da zona afectada pola explosión no lugar de Páramos en Tui adoptando medidas de carácter urxente como contratos de emerxencia así como a ofrecer o financiamento necesario para levar a cabo as devanditas obras.

5.-O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que declare expresamente exentas de tributación as axudas concedidas en



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

base ao Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018 e á ORDE do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 09:53:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 09:55
Nº Rexistro: 32395

Data envío: 14/06/2018 09:55:55.141

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 09:54:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 09:54:31

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 09:54:32

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 09:54:34

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 09:54:36

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á mellora da remuneración dos arquiteiros e arquiteiras de Galicia.

Exposición de motivos

Na páxina web do sistema de arquivos de Galicia reivíndicase que os arquivos garanten o eficaz funcionamento das administracións e aseguran algo tan importante como é “o acceso de todos os cidadáns ao patrimonio documental”. O valor dos arquivos reside en que “reúnen os documentos que as institucións, as entidades, as empresas e as persoas producen de forma natural no desenvolvemento das súas funcións e actividades (administrativas, económicas, sindicais, relixiosas, persoais...”. Cómpre defender, polo tanto, que o “patrimonio documental é unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade”, como ben se subliña na páxina web. “Os documentos que o integran ofrecen información, coñecemento, ciencia, garantía de dereitos cidadáns, transparencia, historia, arte...”. Por todo isto, a Xunta de Galicia reconece que “debemos velar pola súa conservación e garantir o acceso de todos a el, desde o cidadán e o funcionario ata o xornalista e o investigador”.

O que di o Goberno contrasta, novamente, cos feitos. Malia que defende o valor inmenso que de facto teñen os arquivos, o certo é que estes non contan cos medios materiais e humanos suficientes para garantir que poidan cumprir as súas funcións como corresponde. Foi por iso que a semana do 9 de xuño, Día Internacional dos Arquivos, se convocaron concentracións no Arquivo de Galicia, no Arquivo do Reino de Galicia, no Arquivo Histórico Provincial de



Lugo, no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, nos arquivos centrais das consellerías, nos arquivos territoriais de Pontevedra, Vigo e Lugo, e nos arquivos xudiciais. O persoal dos arquivos quixo demandar así mellores medios para os arquivos, máis persoal e remuneracións acordes as súas responsabilidades e á media do Estado.

Os arquivos son unha peza fundamental da memoria, e, polo tanto, da identidade, dun territorio, polo que a súa xestión ten que contar co respaldo firme e continuado das diferentes administracións.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a contratar a máis persoal nos arquivos, mellorar a súa remuneración e dotalo dos medios materiais que precisa.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira,
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/06/2018 13:39:36

Luca Chao Pérez na data 14/06/2018 13:39:43



Luis Villares Naveira na data 14/06/2018 13:39:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade da Coruña está inmersa nun debate intenso sobre os usos e finalidades que deben ter os terreos que na actualidade van desde a Solaina e Hotel Finisterre até os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego. Trátase sen dúbida do debate máis relevante sobre o modelo de cidade, pois estamos ante a oportunidade de dar un salto e levar adiante unha nova transformación urbana que vai determinar A Coruña do futuro.

A posición do BNG a este respecto é clara: estes espazos son da terreos que a cidade cedeu ao porto -permitindo o seu desenvolvemento- e unha vez sexa desafectados de usos portuarios deben retornar á cidade e propiciarse unha nova mutación da cidade que permita gañar en habitabilidade e calidade de vida. Temos exemplos recentes -como pode ser o caso de Bilbao- que dan conta do enorme potencial e posibilidades que se abren se facemos ben as cousas. Porén, non ocultamos a nosa preocupación por algúns pasos que van xustamente na dirección contraria, como o Protocolo asinado pola Xunta, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña (APAC) que hipotecan e condicionan o futuro do borde interior da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32409
Data envío: 14/06/2018 14:57:14.454

Coruña. Unha decisión, que condiciona o modelo da cidade da Coruña non pode facerse de costas á cidadanía e de maneira unilateral.

Desde o BNG consideramos que este Protocolo consolida un modelo especulativo fracasado que aposta pola construción de milleiros de vivendas e centros comerciais nunha cidade na que hai milleiros de vivendas baleiras e cunha evidente saturación de grandes superficies comerciais, e demostra tamén até que punto chega a subordinación do actual Presidente da Xunta ao Goberno do Estado, que está disposto a sacrificar os intereses dos e das coruñesas nunha cuestión de tanta relevancia como é a súa fachada portuaria.

O novo escenario político a nivel de estado abre unha nova oportunidade, e por iso consideramos urxente que desde o Parlamento de Galiza exisamos un cambio de rumbo en relación cun asunto relevante para a cidade da Coruña, pero que ten de fondo a necesidade de reclamar que as obras do Porto Exterior da Coruña sexan financiadas á cargo dos orzamentos do estado e non malvendendo un patrimonio público que é propiedade da cidade da Coruña.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“1.- O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar a sinatura dun novo convenio entre Concello da Coruña, Xunta de Galiza, Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria da Coruña para que o estado asuma o custe íntegro da débedas da Autoridade Portuaria da Coruña derivadas da construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións ferroviarias. Con esta finalidade iniciaranse as conversas necesarias entre a Xunta, Goberno do estado e Concello da Coruña e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixarase sen efecto o Protocolo asinado o pasado mes de abril pola Xunta, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña (APAC).

2.- O Parlamento de Galiza acorda como resolución reclamar á Xunta de Galiza que defenda ante a Autoridade Portuaria d`A Coruña e ante o Goberno do estado:

- a. a suspensión definitiva da poxa da Solana e do Hotel Finisterre e acorde a devolución gratuíta cando acabe a actual concesión en 2027.
- b. Reclamar que os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego sexan devoltos á cidade da Coruña por parte do Estado e garantindo que estes espazos serán destinados a fins sociais, paralizando o uso especulativo e a construción masiva de máis vivendas e centros comerciais.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32409
Data envío: 14/06/2018 14:57:14.454

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 14:55:32

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 14:55:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 14:55:38

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 14:55:40

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 14:55:41

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 14:55:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Gondomar para mellorar a calidade asistencial en especial a pediátrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Dispón dunha única praza de pediatría, en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, mais que aínda así non cubre a toda a poboación infantil do concello.

Desde marzo do ano pasado ten o cupo pechado e as familias das crianzas nadas desde esa data vense na obriga de se desprazar fóra de Gondomar para acudir ás consultas pediátricas de Nigrán ou Baiona.

Este problema agrávase aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia consulta. No BNG sumámonos as denuncias da inadecuada atención pediátrica existente no C.S. de Gondomar.

Tampouco se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguemento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir baixas ou vacacións contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto dxs profesionais vense na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación vaise ver agravada polo peche, anunciado polo propio SERGAS, das consultas de tarde no CS Gondomar durante o verán, alegando falla de persoal cando na realidade é a constatación da súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Que proceda a substituír ao persoal do Centro de Saúde de Gondomar, tanto nas súas licenzas como vacacións.

2.- Que realice todas as accións precisas para manter a asistencia sanitaria en horario completo de mañá e de tarde no centro de saúde de Gondomar.

3.- Dotar ao Centro de Saúde de Gondomar dunha nova praza de atención pediátrica en horario de tarde para desconxestionar o cupo de mañá e contribuíría á conciliación laboral e familiar.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32412
Data envío: 14/06/2018 15:08:20.516

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:02:27

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:02:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:02:34

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:02:36

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:02:38

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:02:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 20 de xaneiro de 2016 o goberno do Estado outorgoulle á empresa ENCE Energía y Celulosa SA prórroga da concesión de ocupación dunha superficie de 373.524 metros cadrados de terreos de dominio público marítimo terrestre con destino a fábrica de celulosa. Esta concesión fíxose por un período de 60 anos .

Esta decisión foi adoptada por un goberno en funcións, que primou a defensa dos intereses privados dunha empresa fronte á defensa do interese xeral, xa que a permanencia da fábrica no actual emprazamento compromete o futuro da ría e o desenvolvemento urbano da cidade de Pontevedra. Estamos ante un escandaloso trato de favor a unha empresa privada, á que se lle regalan máis de 373.000 m2 de terreo público, uns terreos que tiñan data de caducidade no ano 2018. Para máis abundamento na falta de transparencia e garantías democráticas, no consello de administración da empresa ENCE séntanse ex altos cargos do goberno do Estado e da Xunta, concretamente a ex ministra de Medio Ambiente Isabel Tocino e o ex conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galiza Carlos del Álamo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ademais das circunstancias sinaladas anteriormente, a prórroga da concesión vai en contra do establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

O Consello da Xunta de Galiza aprobou através das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL) as determinacións urbanísticas e de ordenación territorial para os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados polo complexo industrial contaminante de ENCE nas marismas de Lourizán.

Estas determinacións prevén expresamente o traslado do complexo fabril no horizonte temporal do 2018.

A Disposición Adicional 3ª.-Ence, do POL establece o seguinte:

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32417
Data envío: 14/06/2018 15:28:23.844

2. *A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*

3. *Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.*

4. *Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírse a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.*

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

3. Actualmente está en curso unha Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán”, tramitada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas e promovida pola empresa ENCE, ENERGÍA Y CELULOSA SA.

O obxectivo principal desta modificación é a construción dunha planta de biomasa, unha instalación que tería un fortísimo impacto na contorna xa que a planta tería 50 m de altura (equivalente a un edificio de 16 andares e medio) e inclúe unha cheminea de aprox 70 metros de altura.

Ademais do impacto negativo na contorna, a planta terá uns efectos moi negativos no medio rural e nos montes pois vai favorecer a plantación de cultivos enerxéticos mediante especies de crecemento rápido que teñen graves efectos nocivos nos solos, nas reservas de auga e na biodiversidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Solicitar do goberno do Estado a anulación, antes do 28 de xullo de 2018, da prórroga concedida a ENCE o 20 de xaneiro de 2016 por un período de 60 anos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32417
Data envío: 14/06/2018 15:28:23.844

2. Denegar a aprobación da Modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán polo forte impacto na contorna e polas consecuencias negativas para os montes e para a biodiversidade.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:21:47

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:21:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32417

Data envío: 14/06/2018 15:28:23.844

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:21:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:21:56

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:21:58

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:21:59

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro e Pontecesures saben ben cal é o estado ecolóxico das augas do río Sar, polo seu aspecto e polo seu cheiro. De feito, o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa cualificou o estado ecolóxico das augas como “deficiente” por incumprimento dos parámetros de referencia. O mesmo documento marcaba como obxectivo lograr o bo estado ecolóxico das augas para 2015 e fixaba as medidas necesarias para acadalo, basicamente unha nova EDAR en Santiago de Compostela e a ampliación da EDAR de Bertamiráns, mais estas medidas non existen e o resultado é un río absolutamente contaminado.

Pouco é necesario dicir sobre a EDAR de Santiago de Compostela que non se teña dito xa. Sobre a EDAR de Bertamiráns, en 2014 Augas de Galicia iniciaba os trámites do proxecto de ampliación, en xaneiro de 2015 xa había informe de impacto ambiental e a ampliación figuraba para execución no ciclo 2015-2021, cun orzamento de 5,4 millóns de euros. Todo quedou en papel mollado e o Goberno galego nin sequera atende ás demandas do alcalde do Concello de Ames.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acadar os obxectivos de bo estado ecolóxico das augas do río Sar e dar resposta á depuración e ao tratamento de todas as augas residuais urbanas que verten ao dito río a través das seguintes medidas:

 Grupo Parlamentario

1. Asinando un convenio de colaboración entre as tres administracións implicadas na nova EDAR de Santiago de Compostela, co fina da súa inmediata posta en marcha.
2. Poñendo en funcionamento a ampliación da EDAR de Bertamiráns, no concello de Ames, antes de que remate o exercicio 2021, presupostando partidas específicas para os exercicios 2019, 2020 e 2021.

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2018 16:24:28

Raúl Fernández Fernández na data 14/06/2018 16:24:34

María Luisa Pierres López na data 14/06/2018 16:24:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/06/2018 16:24:43



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:25
Nº Rexistro: 32437
Data envío: 14/06/2018 17:25:47.719

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á necesidade de mellora e revisión do treito da OU-531 ao seu paso por Mandrás (Celanova) e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza.

Desde o outono de 2017 a veciñanza da poboación de Mandrás, en Celanova, estase a ver afectada por un novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531 que, lonxe de supor unha mellora cualitativa, está a traer moitos inconvenientes para a veciñanza. Por estes motivos, teñen desenvolvido accións reivindicativas na procura dunha resposta por parte das administracións que non acaba de chegar.

Dunha banda, coa reforma emprendida eliminouse no espazo principal do núcleo a posibilidade de xirar á esquerda no caso de proceder desde Celanova, suprimindo a anterior liña discontinua e habilitando, no canto dun carril para facer esa manobra con seguridade, un carril de adiantamento de 70 km por hora. A única opción é recorrer unha ampla distancia até a rotonda do polígono e dar a volta. Isto ocasiona numerosos inconvenientes tanto para a veciñanza a título individual como para o desenvolvemento dos negocios, xa que na práctica



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

totalidade todos eles están situados á marxe esquerda. Por outra banda, a veciñanza considera un problema engadido de seguridade a alta velocidade de paso dos vehículos polo termo da poboación. Máis aínda, hai que engadir que esta é unha ruta moi transitada por persoas que saen a camiñar, correr e mesmo desenvolver actividade ciclista. Unha posibilidade que suxiren, tamén instada a través do concello, sería a de suprimir o carril de aceleración e habilitar no seu lugar un paso para a entrada a Mandrás, mellorando a situación anterior de mera liña discontinua e sendo similar ao que se pode ver mesmamente antes de chegar a Celanova por esa mesma estrada ou na OU-540 no Cristal, co engadido da vantaxe que supón a boa visibilidade da zona, cunha curvatura lixeira moi ampla e sen obstrucións para a visibilidade. Así mesmo, sería preciso reducir a velocidade de paso, xa que é un treito pequeno e poboado ao temo que moi transitado por peóns e deportistas.

Diante desta situación, a veciñanza acudiu ao Concello e constituíuse unha comisión mixta para dar cunha solución de seguridade e meirande comodidade para a veciñanza. As veciñas e veciños recolleron sinatura e mesmo acudiron a unha reunión no mes de febreiro de 2018 coa delegación territorial da Xunta de Galiza en Ourense. Porén, até o momento non se ten avanzando na cuestión.

Desde o Bloque Nacionalista Galego compartimos as inquedanzas da veciñanza e consideramos que a Xunta de Galiza debe abandonar a súa desidia e falta de diálogo para buscar unha solución consensuada.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a atender as demandas veciñais de cara a buscar un consenso para modificar o actual trazado do treito da OU-531 ao seu paso por Mandrás garantindo o acceso desde o carril dereito sentido polígono á parte máis poboada da poboación, a redución da velocidade e a mellora da sinalización e seguridade integral con especial atención á circulación de peóns e deportistas. Para estes efectos constituirase unha mesa tripartita que implique ao Concello, á veciñanza e á propia administración galega.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:25
Nº Rexistro: 32437

Data envío: 14/06/2018 17:25:47.719

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:21:43

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:21:48

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:21:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:21:50

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:21:51

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:21:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres, Santo Tomé e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que haxa ningunha resposta por parte da consellaría de medio ambiente.

O estado de deterioro do parque é evivente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:

a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:31
Nº Rexistro: 32444
Data envío: 14/06/2018 17:31:06.219

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, corre o risco de secar porque non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou o ano pasado ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cerdedo-Cotobade do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.

Tendo en conta a gravidade do estado en que se encontra o parque, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver un plan urxente de actuacións no lago e parque de Castiñeiras, dándolle prioridade ás seguintes:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Levar a cabo con carácter urxente as obras de reparación do dique da Lagoa de Castiñeiras, co obxecto de evitar a perda de auga e a conseguinte imaxe negativa do principal símbolo do parque.

2. Cumprir de forma inmediata o convenio asinado en 2001 coa Comunidade de Montes de Vilaboa, que obriga á administración autonómica a aprobar un Plan Anual de Actuación no espazo obxecto do acordo. Neste sentido, deberá aprobarse un Plan extraordinario de actuación para compensar a falta de investimento nos últimos anos.

3. Desevolver un Plan de conservación e mellora do Xardín Botánico de Castiñeiras.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:31
Nº Rexistro: 32444
Data envío: 14/06/2018 17:31:06.219

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:30:29

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:30:34

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:30:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:30:36

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:30:37

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:30:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o recoñecemento da Lingua de Signos Galega (LSG).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) cifra nunha persoa por cada mil nadas o número daquelas que nacen xordas ou perden a audición nos primeiros meses. A elas hai que engadir as que adquiren a xordeira ao longo da vida. Porén, non existen cifras oficiais ao respecto que nos permitan coñecer o número de persoas que no noso país usan a Lingua de Signos. Ora ben, as estimacións sitúannos en milleiros.

Actualmente, só a Lingua de Signos Española (LSE) e a Lingua de Signos Catalá (LSC) teñen recoñecemento legal desde a aprobación da Lei 20/2007 do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegas.

Posteriormente, a Generalitat de Catalunya aprobou a Lei 17/2010, do 3 de xuño, da lingua de signos catalá, relativa ao dereito de uso, aprendizaxe e docencia deste idioma signado, toda vez que xa se recoñecía como oficial no Estatut de 2006.

“Os poderes públicos deben garantir o uso da lingua de signos catalá e as



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións que permitan acadar a igualdade das persoas con xordeira que opten por esta lingua, que debe ser obxecto de ensinanza, protección e respecto” (artigo 50.6).

Na Galiza a aprobación da Lei 20/2007 fixaría como único idioma oficial a LSE e mesmo no transcurso do debate social arredor da planificación lingüística chegaría a negarse a existencia dunha lingua de signos propia no noso país.

Así as cousas, a profesora do Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Cristina González Abelaira, sitúa en 1864 coa fundación do Colexio de Xordos santiagués, no Centro Estatal de Educación Especial para Xordo-Mudos 'Santa María' no Fogar Provincial de Santa María de Lugo (1978) e outros colexios para persoas con xordeira, “o berce da Lingua de Signos Galega” aínda que esta nunca tivo recoñecemento legal debido a “factores sociais e políticos”.

No entanto, foron xurdindo tímidas iniciativas a prol do recoñecemento da LSG:

1ª) En 2008, dende a Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela e subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, editouse unha revista titulada: *As nosas mans*, coordinada por Andrés Caamaño Hermida. Esta revista, que resultou efémera, pretendía recoller signos nados e usados na Galiza, en risco de desaparecer baixo a presión das correntes maioritarias e xeralistas da lingua de signos dominante no Estado español, a LSE.

2ª) En 2006, o Centro de Formación e Recursos do Profesorado (CFR) de Ferrol, formado na súa maioría por especialistas de audición e linguaxe, redactou o Dicionario de Lingua de Signos Galega (DILISGA). Trátase de contidos multimedia divididos en tres partes cuxo obxectivo é a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

divulgación da Lingua de Signos Galega como parte importante do noso patrimonio histórico e cultural.

Esta realidade legal e o recoñecemento exclusivo da LSE como oficial en Galiza provocou que sexa a única utilizada en todos os ámbitos, a que transmiten as asociacións de persoas xordas galegas e a que adoptou a FAXPG de maneira oficial. Da mesma maneira é a usada, tamén en exclusiva, polos intérpretes de lingua de signos formados nas aulas galegas, a través do ciclo superior de Técnico en Interpretación de lingua de signos provocando unha situación semellante á que atinxe a oralidade en español e galego. É dicir, a xeración dunha relación asimétrica entre a lingua de signos maioritaria, a española, e a propia do país que fica relegada apenas a algunhas asociacións locais de persoas xordas e a contextos illados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar o recoñecemento legal da Lingua de Signos Galega (LSG).
2. Iniciar o proceso de recollida do material necesario para a elaboración do corpus da Lingua de Signos Galega (LSG) como parte fundamental do patrimonio social, histórico e lingüístico de Galiza.
3. Impulsar as mudanzas lexislativas necesarias para incluír entre as obrigas dos poderes públicos galegos a de garantir o uso da Lingua de Signos Galega e as condicións que permitan acadar a igualdade das persoas con xordeira que opten por esta lingua, que debe ser obxecto de ensinanza, protección e respecto.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:44
Nº Rexistro: 32450
Data envío: 14/06/2018 17:44:30.594

4. Introducir a LSG no ciclo superior de Técnico en Interpretación de lingua de signos.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:43:05

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:43:11

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:43:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:43:14



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:44
Nº Rexistro: 32450
Data envío: 14/06/2018 17:44:30.594

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:43:15

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:43:16

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Pleno do 19 de decembro de 2017 aprobouse a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG o 2 de xaneiro de 2018, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No trámite desta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda que citamos textualmente:

“Emenda nº43, de adición. Disposición derradeira cuarta

Debese engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:

Disposición derradeira cuarta bis.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma publicará nun prazo máximo de seis meses, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual.”

A dita emenda foi rexeitada polo Partido Popular, grupo maioritario nesta Cámara.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Grupo Parlamentario

Ten pensado a Xunta de Galicia atender esta petición e elaborar un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2018 19:11:04

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/06/2018 19:11:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2018 19:11:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/06/2018 19:11:29

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) é o instrumento encargado de financiar o desenvolvemento rural dos Estados membros. Trátase dun fondo fundamental para fixar a poboación ao medio rural. En Galicia unha das liñas de axuda, que provén deste fondo, está regulada pola orde do 29 de marzo de 2017, que establece as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, publicada no DOG 64, do 31 de marzo.

Nestas bases do artigo 7 indícase textualmente o seguinte:

Artigo 7. Presentación dos permisos administrativos.

Para esta convocatoria, as obras e construcións que precisen da correspondente licenza municipal deberán contar con ela, de acordo co establecido na normativa urbanística. Para iso, deben presentar a licenza municipal a máis tardar, o 15 de setembro de 2017. O mesmo prazo establécese para o caso de investimentos que deban contar con calquera outro permiso administrativo, de acordo coa correspondente normativa sectorial. O non cumprimento destes requisitos suporá a denegación da axuda.

Posteriormente, o mércores 13 de setembro de 2017, no DOG número 174, publicouse a Orde do 7 de setembro de 2017, que nun artigo único ampliou este prazo ata o 16 de outubro.

O 27 de setembro publicábase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, un informe de impacto ambiental favorable sobre o proxecto de reforma dunha explotación de gando vacún de cebo situada no concello de Ordes, promovido por Marcos Ortega Quintana. Este informe non conta con

Grupo Parlamentario

documentación procedente do Concello de Ordes, que figura como “Non recibido”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O 12 de xaneiro deste ano dábase publicidade mediante publicación no DOG ás axudas concedidas, ao amparo da Orde de 29 de marzo, mencionada anteriormente. Entre as persoas beneficiadas por estas axudas figura o fillo da conselleira do Mar, don Marcos Ortega Quintana, cunha axuda de 30.000 euros. O 19 de xaneiro, mediante corrección de erros modificábase esta axuda a 15.000 euros.

O 11 de abril, en resposta a unha consulta realizada ao Concello de Ordes, en relación coa licenza municipal do proxecto de reforma do señor Ortega Quintana, indícase textualmente:

“Na sesión do 28/03/2018 autorizou a don Marcos Ortega Quintana á reforma e ampliación do volume de 5 naves existentes...”

Data que como se pode comprobar é posterior á establecida nas bases reguladoras da subvención.

É preciso facer un esquema cronolóxico dos feitos recollidos no DOG:

31/03/2017 – Publicación da Orde do 29 de marzo, que contén as bases reguladoras das axudas mencionadas, que establecen prazo máximo de presentación dos permisos administrativos 15/09/2017.

13/09/2017 – Publicación da ampliación do prazo de presentación dos permisos administrativos ata 16/10/2017.

27/09/2017 – Publicación do informe de impacto ambiental favorable sobre o proxecto do fillo da conselleira do Mar.

12/01/2018 – Publicación das axudas concedidas, entre as cales figura o fillo da conselleira do Mar por 30.000 euros.



Grupo Parlamentario

19/01/2018 - Publicación da corrección de erros, entre as que figura o fillo da Conselleira do Mar, que ve modificado o importe da subvención concedida a 15.000 euros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

11/04/2018 – Resposta do Concello de Ordes na que indica que a licenza municipal ten data 28/03/2018, moi posterior ao prazo establecido nas bases reguladoras para os permisos administrativos.

A vista da documentación a concesión da subvención parece incumprir os requisitos establecidos na bases reguladoras, en favor dunha persoa cunha relación moi directa coa conselleira do Mar.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia xa o día 16 de maio do presente ano solicitou copia dos expedientes de solicitude das axudas para a creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, confinanciadas co Fondo europeo agrícola rural, no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e convocatoria de axudas para o ano 2017, ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2007 pola que e establecen as bases reguladoras (DOG núm. 64, do 29 de marzo de 2017).

Entende este grupo parlamentario que é precisa transparencia ante as dúbidas xeradas, xa que pode haber sospeita fundada de trato de favor e se está a poñer en cuestión a igualdade de oportunidades. É preciso determinar si existen responsabilidades ante un asunto reglado e nese caso deberían depurarse.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que a concesión da subvención se axusta ao establecido nas bases reguladoras?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/06/2018 11:01:15

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2018 11:01:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araújo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre as novas medidas de xestión da biomasa forestal.

Os incendios forestais producen tódolos anos nos montes e no conxunto dos ecosistemas de Galiza graves danos ecolóxicos, económicos e sociais.

A prevención e a súa axeitada aplicación no conxunto do territorio é imprescindible e básica se queremos evitar os danos que se producen no noso país.

Os incendios forestais son unha grave eiva que ano tras ano destrúe parte do noso patrimonio natural. Hoxe en día a normativa para realizar a prevención son a Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios de Galicia e establécense novas medidas de xestión da biomasa vexetal.

Dende a publicación da devandita modificación da Lei 3/2007, estamos observando que hai distintas interpretacións da mesma, incorrendo en graves erros cos conseguintes prexuízos á cidadanía.

Circulares e bandos de concellos nos que se aplican distancias e obrigas que nada ten que ver co aprobado pola Xunta de Galicia. Interpretacións da normativa distinta segundo cada distrito, habendo diferencias entre os distintos distritos de cada provincia. AAMM e técnicos que están dando charlas a asociacións de



veciños, CCMM ou propietarios forestais, entre outros, interpretando canda un o lexislado ao seu bo entender.

O anteriormente dito está en moitos casos afectando ao patrimonio arbóreo (con cortas de árbores que non é preciso nin obriga) e incluso a liortas entre veciños e veciñas por unha mala interpretación da norma.

Dada a confusión creada e co obxecto de evitar os erros sinalados, considerando que desde a Administración Pública, neste caso dende a Consellería de Medio Rural débese de aplicar a Lei de montes e a Lei de incendios de Galiza co mesmo criterios nas catro provincias, nos 19 distritos forestais e nos 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas ten tomado a Xunta de Galiza, tanto en formación como en información, coas CCMMMC, particulares, concellos, distritos, AAMM ou técnicos para aplicar as normas establecidas?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez Garcia

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/06/2018 12:36:58

Antón Sánchez García na data 08/06/2018 12:37:06

Paula Quinteiro Araújo na data 08/06/2018 12:37:13

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

É ben sabido que a tramitación dos plans urbanísticos municipais son tramites que poden demorarse anos. Incluso máis dunha década.

Un deses exemplos é o Plan Xeral de Ordenación Municipal que se está a tramitar no Concello de Silleda, que comezou a súa andadura no ano 2007.

Un PXOM que é vital para reverter esa situación que impide, desde fai xa 16 anos, a construción de novas vivendas no rural. Un rural que representa 167 dos 169 quilómetros cadrados.

Un documento que acadou a súa aprobación inicial en decembro do 2012, con exposición pública do 17 de xaneiro ó 18 de marzo de 2013, e recibindo 783 alegacións.

Finalmente acadou a súa aprobación provisional o 18 de marzo de 2016.

E o que parecía xa o final dun longo camiño, nunha fase puramente administrativa ata acadar a aprobación definitiva, tense tornado nunha situación que parece atopar todos os inconvenientes para continuar retrasando e alongado aínda máis a súa consecución.

O último informe que precisa o Concello de Silleda para acadar o informe positivo e, polo tanto, a aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia, corresponde a Augas de Galicia.

Un organismo que solicita ó concello, por primeira vez en xuño do 2017 e 14 meses despois da aprobación inicial do mesmo, a demostración e xustificación dos suficientes recursos hídricos que dean cobertura ó plan, a raíz do novo criterio xurisprudencial fixado polo Tribunal Superior tralas sentenzas nos concellos de Verín e Monterrei.

Grupo Parlamentario

O Concello ten presentado toda a documentación que fai referencia ás captacións /rede subministro de Bandeira e Silleda, que datan do ano 1959, traídas principais do concello.

Augas de Galicia ten informado negativamente sobre a documentación presentada e que demostra a antigüidade e concesións administrativas desde o ano 1959. Desde ese informe ten ignorado as alegacións e documentación aportada polo Concello sobre a legalización das traídas, tramitadas no seu día polos ministerios competentes, Deputación e a propia Xunta de Galicia, no caso de Bandeira.

Esta resposta negativa de Augas de Galicia, e o pouco interese amosado en activar solucións e ter en conta o peso inequívoco das documentacións presentadas así como das argumentacións, conleva e obrigan a uns trámites que implican unha nova demora que pode alongarse dous anos máis, tan só para conquistar a demandada legalización mediante rexistro das captacións.

Isto supón que nese tempo, de entrar novas modificacións legais , é moi probable ter que volver a realizar algún dos informes sectoriais que xa se teñen presentado e aprobado. Unha historia interminable, que padece este concello, pero que ten afectado a moitos outros na provincia, e en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Atenderá o Goberno galego a petición do Concello de Silleda para atopar solucións que permitan a urxente aprobación definitiva ou parcial do PXOM?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/06/2018 12:46:44

Raúl Fernández Fernández na data 08/06/2018 12:46:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/06/2018 12:46:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A transparencia nos organismos e nas institucións públicas é un principio fundamental para manter unha institucionalidade democrática, na medida na que permite a análise das decisións tomadas e dos seus resultados dende a pluralidade de visións e de criterios que existen na nosa sociedade. Só na medida na que as institucións traballen de forma transparente e permitan facer un seguimento con facilidade das súas actuacións, poderemos criticar, debater e discrepar sobre as seguintes accións a levar a cabo.

Isto cobra importancia agora que a prensa se fai eco de algúns datos extraídos do Informe de Xestión de Portos de Galicia, correspondente aos primeiros meses de 2018. Os datos, en principio positivos, repítense dun a outro medio de comunicación sen que ningún xornal dixital permita enlazar directamente co Informe, algo que tampouco permite a propia páxina de Portos de Galicia, que non os ten actualizados dende 2013.

Así, analizar co tempo necesario o Informe de Xestión e valorar o traballo feito pola institución, tórnase imposible. Aos galegos e galegas só nos queda confiar nos poucos datos prometedores achegados pola institución, sen poder en ningún momento contrastar ou valorar a evolución dos distintos sectores aos que fai referencia.



Neste sentido, é importante que toda a información ca que conta Portos arredor do seu traballo fiquen a disposición da cidadanía apoiándonos na facilidade de acceso a este tipo de documentos que ofrecen as páxinas web institucionais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para resposta oral en Pleno:

-Por que motivo non son accesibles os distintos Informes de Xestión de Portos de Galicia dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/06/2018 13:56:46

Paula Quinteiro Araújo na data 08/06/2018 13:56:58

Carmen Santos Queiruga na data 08/06/2018 13:57:07

A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas veñen traballando dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG) na reforma, consolidación e modernización da universidade galega en xeral e do mapa de titulacións universitarias da Comunidade Autónoma en particular.

Estas melloras veñen facéndose con diversas medidas, pero é especialmente importante a implantación dun plan de Excelencia Universitaria que presta especial atención á investigación e internacionalización para seguir na senda da mellora.

En definitiva, o Goberno galego, en colaboración coas tres institucións académicas, traballa para seguir construíndo a Universidade do século XXI, definida polo propio conselleiro a través dun “triple e”: Eficiencia, Especialización e Excelencia.

O pasado novembro de 2017, o Goberno Galego aprobou este plan de excelencia do sistema universitario que impulsará 10 medidas, entre as que destacan a creación de graos en inglés, bolsas para recoñecer aos mellores alumnos e fomentar a transferencia de coñecemento á sociedade, entre outras.

Unha folia de ruta para o trienio 2018-2020, aberto a achegas que poidan melloralo, e co obxectivo de que as universidades galegas poidan dar un novo salto de calidade.

Este Plan de excelencia do Sistema Universitario de Galicia inclúe 10 medidas concretas, algunhas delas pioneiras en España, cun prazo de introdución áxil e realista, e, con esta iniciativa refórzase un dos piares esenciais da Universidade do futuro: a súa calidade.

Paralelamente, e tamén por acordo unánime dentro do SUG, o próximo curso académico incorporara novos graos nas tres universidades galegas.

E por elo, que os deputados asinantes facemos a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración do Goberno sobre a implantación de novos graos nas universidades galegas así como a implantación de graos en inglés?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 08/06/2018 14:27:04

César Manuel Fernández Gil na data 08/06/2018 14:27:14

Maria Antón Vilasánchez na data 08/06/2018 14:27:17

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2018 14:27:23

Carlos Gómez Salgado na data 08/06/2018 14:27:31

María Isabel Novo Fariña na data 08/06/2018 14:27:39

Antonio Mouriño Villar na data 08/06/2018 14:27:46

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/06/2018 14:27:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32179
Data envío: 08/06/2018 14:31:36.720

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de dotar de profesionais ao centro de saúde de Tui para atención psicolóxica ás persoas afectadas pola explosión de Paramos en Tui.

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, cumpre prestar á máxima atención ás persoas afectadas.

A atención debe cubrir aspectos materiais, físicos, sociais, mais tamén emocionais e psicolóxicos. Vemos como xa se están atendendo en maior ou menor medida os materiais, mais son estes últimos, os psicolóxicos, os que pasados xa os primeiros momentos de impacto, os que empezan a ser motivo de preocupación, e consideramos que é preciso dotar de recursos para atender este aspecto.

É preciso axudar a abordar a situación ás persoas que perderon as súas vivendas, os seus recordos, os seus vehículos, que o perderon todo, que quedaron co posto, que viven de prestado... Axudalas a recuperar o equilibrio roto pola situación que están vivindo, facilitar o control da situación, axudar a entendela, evitar secuelas.

A interrupción dun desastre desta magnitude de xeito súbito, intenso e traumático sobrepasa a capacidade propia de aboralo e superalo de moitas das persoas vítimas da traxedias, dun xeito especial as persoas maiores e @s nen@s. Toda vez que o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centro de saúde de Tui con ten servizo de atención psicolóxica, faise imprescindíbel a dotación con persoal sanitario para esta atención ao mesmo de xeito urxente.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dotar de forma urxente ao centro de saúde de Tui con persoal sanitario para a atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial ás persoas maiores e @s nen@s?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2018 14:25:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32179
Data envío: 08/06/2018 14:31:36.720

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2018 14:25:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/06/2018 14:25:43

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2018 14:25:44

Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2018 14:25:46

Xosé Luis Bará Torres na data 08/06/2018 14:25:49



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de manter e velar pola calidade do servizo de Correos, especialmente no rural.

O Consello da Xunta anunciou as persoas que serán recoñecidas en 2018 coas Medallas Castelao. Entre elas, atópanse os carteiros rurais de Correos en Galiza.

Un merecido recoñecemento, sen dúbida, mais que contrasta coa realidade que atinxe estes profesionais desde hai anos, especialmente nas comarcas do interior do país.

Así, na provincia de Lugo, o número de traballadoras e traballadores do servizo de Correos foi recortado progresivamente. Segundo os datos do censo, pois desde o ano 2000 non existe en Correos RPT, entre 2007 e 2017 reducíronse 119 postos de traballo, pasando de 569 a 417 (-26,5%).

Este recorte de persoal atinxiu a propia cidade de Lugo, na que viven case 90 mil persoas e existen máis de 55 mil vivendas. En Lugo, apenas hai 44 carteiras/os o que sitúa as ratios en 2.045 habitantes por carteira/o e en 1.250 o número de vivendas por traballador/a.

Esta situación imposibilita a prestación do servizo nas debidas condicións á veciñanza, especialmente nas localidades e comarcas rurais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 10:01
Nº Rexistro: 32193
Data envío: 11/06/2018 10:01:04.421

Cómpre lembrar que a Lei 24/1998, do 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais recolle no seu título III as obrigas do servizo público. Neste sentido, estabelécense obrigas dun servizo que se entende de raíz pública, o servizo postal universal e obrigas e dereitos diversos radicados na prestación dos servizos postais.

Porén, estase a aplicar unha unha política pola cal, en base a modificacións dos criterios de dimensionamento, amortízase a práctica totalidade das vacantes dos enlaces rurais e a obrígase a que as e os empregados que prestan os seus servizos na mesma oficina en áreas limítrofes asuman áreas de reparto amortizadas, ou mesmo sexan forzadas e forzados a desprazáranse a outras áreas. Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que todas estas cuestións contraveñen o sentido público do servizo de correos e a normativa que regula a súa concesión e financiamento.

A desaparición dos carteiros rurais ten unha incidencia enorme en Galiza posto que temos máis de 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos do estado español.

Por todo exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal, nomeadamente en Lugo?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 10:01
Nº Rexistro: 32193
Data envío: 11/06/2018 10:01:04.421

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 09:57:16

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 09:57:21

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 09:57:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 09:57:25

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 09:57:26

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 09:57:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A evolución da licitación pública en Galicia no ano 2017 foi moi negativa, tanto en valores absolutos como en termos comparados coa media do Estado, porque en Galicia redúcese de forma moi notable mentres que no conxunto do Estado se incrementa de forma significativa. No exercicio 2017 a licitación oficial do conxunto das administracións públicas en Galicia cae o 32,3% en comparación con 2016. Un enorme devalo da licitación que é aínda máis difícil de entender tendo en conta que no conxunto do Estado a licitación aumentou o 39,3%.

Expresado en cifras absolutas a licitación retrocede en Galicia en 286 millóns de euros mentres que no conxunto do Estado se incrementa en 3.542 millóns de euros.

Este diferencial negativo que sofre Galicia non é fácil de entender, en especial porque somos a comunidade autónoma que ten peor evolución das 17 que conforman o Estado tanto en valores absolutos como en valores relativos. Só hai tres comunidades autónomas nas que cae a licitación e nas 14 restantes incrementase, e nalgunhas delas de forma moi destacada.

O 32,3% de retroceso que sofre Galicia fai de nós a peor entre as 17 CC.AA. Como se dixo, o diferencial coa media española é significativa, porque na media do Estado a licitación incrementouse o 39,3%, isto é un diferencial de mais de 70 puntos.



Pero esta cifra queda pequena ante os territorios coa evolución máis positiva: Andalucía crece o 51%, Murcia o 81%, Aragón o 83% pero sobre todo Cantabria co 297% e Navarra na que a licitación medrou o 229%. Mesmo en Cataluña a licitación pública se incrementou o 39% nun ano tan convulso como foi 2017 nesa comunidade autónoma.

Que a licitación pública caia en Galicia mentres que medra na media do Estado necesita unha explicación, pero que sexamos a comunidade autónoma coa peor evolución das 17 fai que a explicación teña que ser detallada e urxente, en especial porque concorren dúas características que agravan o problema. A primeira é que a principal responsabilidade no retroceso é do goberno central e a segunda é que 2017 non fai máis que dar continuidade a un ciclo de retroceso da licitación que xa se iniciou en 2013.

Os datos dispoñibles de SEOPAN sobre a evolución da licitación pública desagregados por nivel de goberno e tipo de obra do ano 2017 permiten identificar como principal responsable do devalo da licitación ao Goberno central: pasou de 513 millóns de euros en 2016 a tan só 183 millóns en 2017, un retroceso do 65%.

Licitación de 183 millóns de euros en todo o ano 2017 é unha cifra irrisoria, algo difícil de entender porque estamos falado de toda a administración central, que inclúe non só aos ministerios senón tamén a todo tipo de organismos, como ADIF, AENA ou as Autoridades Portuarias entre outras. Entre todos, de xaneiro a decembro, licitaron tan só 183 millóns, apenas 15 millóns ao mes.

Una situación moi preocupante porque a licitación funciona como un indicador adiantado do investimento, tanto na súa traslación aos orzamentos de cada ano como na actividade real cando se executan. Por iso o dato de 2017 en termos desagregados como o dato xa final para o conxunto das administracións sumadas



e tan preocupante, porque anticipa un devalo moi importante do investimento nos próximos exercicios.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Como valora a Xunta que en Galicia se reduza a licitación pública en 2017, en comparación con 2016, mentres sube no conxunto do Estado?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/06/2018 13:08:59

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 13:09:07

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A evolución da licitación pública en Galicia no ano 2017 foi moi negativa, tanto en valores absolutos como en termos comparados coa media do Estado, porque en Galicia redúcese de forma moi notable mentres que no conxunto do Estado se incrementa de forma significativa. No exercicio 2017 a licitación oficial do conxunto das administracións públicas en Galicia cae o 32,3% en comparación con 2016. Un enorme devalo da licitación que é aínda máis difícil de entender tendo en conta que no conxunto do Estado a licitación aumentou o 39,3%.

Expresado en cifras absolutas a licitación retrocede en Galicia en 286 millóns de euros mentres que no conxunto do Estado se incrementa en 3.542 millóns de euros.

Este diferencial negativo que sofre Galicia non é fácil de entender, en especial porque somos a comunidade autónoma que ten peor evolución das 17 que conforman o Estado tanto en valores absolutos como en valores relativos. Só hai tres comunidades autónomas nas que cae a licitación e nas 14 restantes incrementase, e nalgunhas delas de forma moi destacada.

O 32,3% de retroceso que sofre Galicia fai de nós a peor entre as 17 CC.AA. Como se dixo, o diferencial coa media española é significativa, porque na media do Estado a licitación incrementouse o 39,3%, isto é un diferencial de mais de 70 puntos.



Pero esta cifra queda pequena ante os territorios coa evolución máis positiva: Andalucía crece o 51%, Murcia o 81%, Aragón o 83% pero sobre todo Cantabria co 297% e Navarra na que a licitación medrou o 229%. Mesmo en Cataluña a licitación pública se incrementou o 39% nun ano tan convulso como foi 2017 nesa comunidade autónoma.

Que a licitación pública caia en Galicia mentres que medra na media do Estado necesita unha explicación, pero que sexamos a comunidade autónoma coa peor evolución das 17 fai que a explicación teña que ser detallada e urxente, en especial porque concorren dúas características que agravan o problema. A primeira é que a principal responsabilidade no retroceso é do goberno central e a segunda é que 2017 non fai máis que dar continuidade a un ciclo de retroceso da licitación que xa se iniciou en 2013.

Os datos dispoñibles de SEOPAN sobre a evolución da licitación pública desagregados por nivel de goberno e tipo de obra do ano 2017 permiten identificar como principal responsable do devalo da licitación ao Goberno central: pasou de 513 millóns de euros en 2016 a tan só 183 millóns en 2017, un retroceso do 65%.

Licitar 183 millóns de euros en todo o ano 2017 é unha cifra irrisoria, algo difícil de entender porque estamos falado de toda a administración central, que inclúe non so aos ministerios senón tamén a todo tipo de organismos, como ADIF, AENA ou as Autoridades Portuarias entre outras. Entre todos, de xaneiro a decembro, licitaron tan só 183 millóns, apenas 15 millóns ao mes.

Una situación moi preocupante porque a licitación funciona como un indicador adiantado do investimento, tanto na súa traslación aos orzamentos de cada ano como na actividade real cando se executan. Por iso o dato de 2017 en termos desagregados como o dato xa final para o conxunto das administracións sumadas



e tan preocupante, porque anticipa un devalo moi importante do investimento nos próximos exercicios.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta.:

- Como pode explicar a Xunta que Galicia sexa en 2017 a comunidade con peor evolución da licitación pública das 17 CCAA que conforman o Estado español?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/06/2018 13:08:03

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 13:08:14

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A evolución da licitación pública en Galicia no ano 2017 foi moi negativa, tanto en valores absolutos como en termos comparados coa media do Estado, porque en Galicia redúcese de forma moi notable mentres que no conxunto do Estado se incrementa de forma significativa. No exercicio 2017 a licitación oficial do conxunto das administracións públicas en Galicia cae o 32,3% en comparación con 2016. Un enorme devalo da licitación que é aínda máis difícil de entender tendo en conta que no conxunto do Estado a licitación aumentou o 39,3%.

Expresado en cifras absolutas a licitación retrocede en Galicia en 286 millóns de euros mentres que no conxunto do Estado se incrementa en 3.542 millóns de euros.

Este diferencial negativo que sofre Galicia non é fácil de entender, en especial porque somos a comunidade autónoma que ten peor evolución das 17 que conforman o Estado tanto en valores absolutos como en valores relativos. Só hai tres comunidades autónomas nas que cae a licitación e nas 14 restantes incrementase, e nalgunhas delas de forma moi destacada.

O 32,3% de retroceso que sofre Galicia fai de nós a peor entre as 17 CC.AA. Como se dixo, o diferencial coa media española é significativa, porque na media do Estado a licitación incrementouse o 39,3%, isto é un diferencial de mais de 70 puntos.



Pero esta cifra queda pequena ante os territorios coa evolución máis positiva: Andalucía crece o 51%, Murcia o 81%, Aragón o 83% pero sobre todo Cantabria co 297% e Navarra na que a licitación medrou o 229%. Mesmo en Cataluña a licitación pública se incrementou o 39% nun ano tan convulso como foi 2017 nesa comunidade autónoma.

Que a licitación pública caia en Galicia mentres que medra na media do Estado necesita unha explicación, pero que sexamos a comunidade autónoma coa peor evolución das 17 fai que a explicación teña que ser detallada e urxente, en especial porque concorren dúas características que agravan o problema. A primeira é que a principal responsabilidade no retroceso é do goberno central e a segunda é que 2017 non fai máis que dar continuidade a un ciclo de retroceso da licitación que xa se iniciou en 2013.

Os datos dispoñibles de SEOPAN sobre a evolución da licitación pública desagregados por nivel de goberno e tipo de obra do ano 2017 permiten identificar como principal responsable do devalo da licitación ao Goberno central: pasou de 513 millóns de euros en 2016 a tan só 183 millóns en 2017, un retroceso do 65%.

Licitación de 183 millóns de euros en todo o ano 2017 é unha cifra irrisoria, algo difícil de entender porque estamos falando de toda a administración central, que inclúe non só aos ministerios senón tamén a todo tipo de organismos, como ADIF, AENA ou as Autoridades Portuarias entre outras. Entre todos, de xaneiro a decembro, licitaron tan só 183 millóns, apenas 15 millóns ao mes.

Una situación moi preocupante porque a licitación funciona como un indicador adiantado do investimento, tanto na súa traslación aos orzamentos de cada ano como na actividade real cando se executan. Por iso o dato de 2017 en termos desagregados como o dato xa final para o conxunto das administracións sumadas



e tan preocupante, porque anticipa un devalo moi importante do investimento nos próximos exercicios.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Como valora a Xunta o devalo na licitación da Administración central para Galicia, que cae o 64% en comparación con 2016?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/06/2018 13:06:25

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 13:06:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A evolución da licitación pública en Galicia no ano 2017 foi moi negativa, tanto en valores absolutos como en termos comparados coa media do Estado, porque en Galicia redúcese de forma moi notable mentres que no conxunto do Estado se incrementa de forma significativa. No exercicio 2017 a licitación oficial do conxunto das administracións públicas en Galicia cae o 32,3% en comparación con 2016. Un enorme devalo da licitación que é aínda máis difícil de entender tendo en conta que no conxunto do Estado a licitación aumentou o 39,3%.

Expresado en cifras absolutas a licitación retrocede en Galicia en 286 millóns de euros mentres que no conxunto do Estado se incrementa en 3.542 millóns de euros.

Este diferencial negativo que sofre Galicia non é fácil de entender, en especial porque somos a comunidade autónoma que ten peor evolución das 17 que conforman o Estado tanto en valores absolutos como en valores relativos. Só hai tres comunidades autónomas nas que cae a licitación e nas 14 restantes incrementase, e nalgunhas delas de forma moi destacada.

O 32,3% de retroceso que sofre Galicia fai de nós a peor entre as 17 CC.AA. Como se dixo, o diferencial coa media española é significativa, porque na media do Estado a licitación incrementouse o 39,3%, isto é un diferencial de mais de 70 puntos.



Pero esta cifra queda pequena ante os territorios coa evolución máis positiva: Andalucía crece o 51%, Murcia o 81%, Aragón o 83% pero sobre todo Cantabria co 297% e Navarra na que a licitación medrou o 229%. Mesmo en Cataluña a licitación pública se incrementou o 39% nun ano tan convulso como foi 2017 nesa comunidade autónoma.

Que a licitación pública caia en Galicia mentres que medra na media do Estado necesita unha explicación, pero que sexamos a comunidade autónoma coa peor evolución das 17 fai que a explicación teña que ser detallada e urxente, en especial porque concorren dúas características que agravan o problema. A primeira é que a principal responsabilidade no retroceso é do goberno central e a segunda é que 2017 non fai máis que dar continuidade a un ciclo de retroceso da licitación que xa se iniciou en 2013.

Os datos dispoñibles de SEOPAN sobre a evolución da licitación pública desagregados por nivel de goberno e tipo de obra do ano 2017 permiten identificar como principal responsable do devalo da licitación ao Goberno central: pasou de 513 millóns de euros en 2016 a tan só 183 millóns en 2017, un retroceso do 65%.

Licitación de 183 millóns de euros en todo o ano 2017 é unha cifra irrisoria, algo difícil de entender porque estamos falado de toda a administración central, que inclúe non só aos ministerios senón tamén a todo tipo de organismos, como ADIF, AENA ou as Autoridades Portuarias entre outras. Entre todos, de xaneiro a decembro, licitaron tan só 183 millóns, apenas 15 millóns ao mes.

Una situación moi preocupante porque a licitación funciona como un indicador adiantado do investimento, tanto na súa traslación aos orzamentos de cada ano como na actividade real cando se executan. Por iso o dato de 2017 en termos desagregados como o dato xa final para o conxunto das administracións sumadas



e tan preocupante, porque anticipa un devalo moi importante do investimento nos próximos exercicios.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Como valora a Xunta a practica desaparición da licitación de infraestruturas ferroviarias en 2017 en Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/06/2018 13:04:21

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 13:04:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A evolución da licitación pública en Galicia no ano 2017 foi moi negativa, tanto en valores absolutos como en termos comparados coa media do Estado, porque en Galicia redúcese de forma moi notable mentres que no conxunto do Estado se incrementa de forma significativa. No exercicio 2017 a licitación oficial do conxunto das administracións públicas en Galicia cae o 32,3% en comparación con 2016. Un enorme devalo da licitación que é aínda máis difícil de entender tendo en conta que no conxunto do Estado a licitación aumentou o 39,3%.

Expresado en cifras absolutas a licitación retrocede en Galicia en 286 millóns de euros mentres que no conxunto do Estado se incrementa en 3.542 millóns de euros.

Este diferencial negativo que sofre Galicia non é fácil de entender, en especial porque somos a comunidade autónoma que ten peor evolución das 17 que conforman o Estado tanto en valores absolutos como en valores relativos. Só hai tres comunidades autónomas nas que cae a licitación e nas 14 restantes incrementase, e nalgunhas delas de forma moi destacada.

O 32,3% de retroceso que sofre Galicia fai de nós a peor entre as 17 CC.AA. Como se dixo, o diferencial coa media española é significativa, porque na media do Estado a licitación incrementouse o 39,3%, isto é un diferencial de mais de 70 puntos.



Pero esta cifra queda pequena ante os territorios coa evolución máis positiva: Andalucía crece o 51%, Murcia o 81%, Aragón o 83% pero sobre todo Cantabria co 297% e Navarra na que a licitación medrou o 229%. Mesmo en Cataluña a licitación pública se incrementou o 39% nun ano tan convulso como foi 2017 nesa comunidade autónoma.

Que a licitación pública caia en Galicia mentres que medra na media do Estado necesita unha explicación, pero que sexamos a comunidade autónoma coa peor evolución das 17 fai que a explicación teña que ser detallada e urxente, en especial porque concorren dúas características que agravan o problema. A primeira é que a principal responsabilidade no retroceso é do goberno central e a segunda é que 2017 non fai máis que dar continuidade a un ciclo de retroceso da licitación que xa se iniciou en 2013.

Os datos dispoñibles de SEOPAN sobre a evolución da licitación pública desagregados por nivel de goberno e tipo de obra do ano 2017 permiten identificar como principal responsable do devalo da licitación ao Goberno central: pasou de 513 millóns de euros en 2016 a tan só 183 millóns en 2017, un retroceso do 65%.

Licitación de 183 millóns de euros en todo o ano 2017 é unha cifra irrisoria, algo difícil de entender porque estamos falado de toda a administración central, que inclúe non só aos ministerios senón tamén a todo tipo de organismos, como ADIF, AENA ou as Autoridades Portuarias entre outras. Entre todos, de xaneiro a decembro, licitaron tan só 183 millóns, apenas 15 millóns ao mes.

Una situación moi preocupante porque a licitación funciona como un indicador adiantado do investimento, tanto na súa traslación aos orzamentos de cada ano como na actividade real cando se executan. Por iso o dato de 2017 en termos desagregados como o dato xa final para o conxunto das administracións sumadas



e tan preocupante, porque anticipa un devalo moi importante do investimento nos próximos exercicios.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Que consecuencias vai ter sobre os orzamentos xerais do Estado para Galicia este devalo da licitación en 2017?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/06/2018 13:03:08

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 13:03:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a construción do Edificio Fontán na Cidade da Cultura.

O presidente da Xunta anunciou que o Goberno galego construíra un novo edificio na Cidade da Cultura que acollerá a sede do Consorcio Interuniversitario de Galiza (CISUG) e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario alén dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais.

Esta construción suporía o investimento de 17 millóns de euros públicos mais sobre todo o incumprimento por parte da Xunta de Galiza e do Partido Popular do acordo adoptado no Pleno do Parlamento de Galiza o 26 de xuño de 2013 no que, por unanimidade da Cámara, se acordou a paralización definitiva dos dous edificios pendentes de construír na Cidade da Cultura.

Por todo o exposto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32242
Data envío: 11/06/2018 14:08:18.750

Por que incumpre o Goberno galego o acordo adoptado no Parlamento en relación ás edificacións da Cidade da Cultura?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 14:05:18

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 14:05:22

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 14:05:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32242

Data envío: 11/06/2018 14:08:18.750

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 14:05:26

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 14:05:27

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 14:05:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A asociación ecoloxista ADEGA ven de facer públicos os datos das analíticas solicitados a Augas de Galicia e realizadas nos puntos de control de vertidos, de aforo, de calidade das augas, captacións etc. na contorna da antiga mina de Touro.

Augas de Galiza respostou achegando numerosos datos analíticos tanto das diversas estacións de control como de mostraxes de verteduras. Á vista destes datos pódese concluír que a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando á calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 km² na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos.

Segundo ADEGA tanto as augas subterráneas como as superficiais do entorno da mina están fortemente contaminadas.

No **río Ulla** aparecen importantes concentracións de Cu e de Zn (substancias preferentes) con cantidades de Al e Mn tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos e de Al nun. Algunha destas superacións, caso do punto de mostraxe MR-00700, situado 20 m augas abaixo da desembocadura do Brandelos prodúcese en análises recentes (marzo de 2018). Estes datos, correspondentes ao curso medio do río Ulla, confirman a mobilización de importantes cantidades de metais pola rede fluvial tributaria dende as antigas cortas mineiras (a de Bama, a máis de 12 km dende a desembocadura do Brandelos e de Arinteiro, a máis de 10

km dende o desaugue do Lañas), cando menos dende 2011 até a actualidade.

A bacía do **río Brandelos** caracterízase por unha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente Cu e Zn sobardando os máximos na maioría dos puntos de mostraxe, e unha moi alta acidez cun mínimo de 3,57 unidades, que persiste en análises recentes. Sospéitase tamén da presenza de substancias prioritarias como o Pb por riba do permitido nos regos das Minas, Felisa, Pucheiras e no propio río Brandelos. Posíbel presenza tamén de As no rego dos Torreis e Cr VI (Pucheiras e Torreis). Subliñar a recente superación (decembro de 2017) no propio río Brandelos dos valores de fenois (substancias perigosas prioritarias), aínda que non figuran desglosadas por especies; así como de Hg en tres puntos de mostraxe e de cianuros en 2. Outros metais como o Fe, Al, Mn e compostos como os sulfatos amosan frecuentes superacións dos valores paramétricos en todos os cursos de auga desta sub-bacía, que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro.

A bacía do **río Lañas**, que drena unicamente a corta de Arinteiro amosa unha problemática similar ao Brandelos: o Pb (substancia prioritaria) ten presenza en todos os cursos, cunha superación segura no Portapego. Intensa contaminación por Cu e Zn, especialmente nos regos Portapego e de Barral, que son os que drenan directamente a corta de Arinteiro. É precisamente o rego Portapego o que amosa unha contaminación máis intensa, dando os niveis máis altos de metais pesados (substancias prioritarias, preferentes, e valores paramétricos de Fe, Mn e Al) e o maior pico de acidez (2,32 unidades) de todos os cursos analizados. A achega de contaminantes que dende os regos de Barral e Portapego se inxectan a través do Lañas na bacía do Ulla provoca a aparición de cantidades significativas de metais mesmo a máis de 10 km augas abaixo da antiga corta de Arinteiro, e coa explotación inactiva.



Na saída da **balsa de Argumil**, todas as analíticas de augas amosan cantidades moi importantes de Cu, Zn, Fe, Mn, Al, sulfatos e condutividade, todos eles por riba das medias anuais e valores paramétricos, con posíbel superación tamén do Pb, Cr VI e As, e valores de pH hiperácidos, equiparábeis a regos de ambientes extremófilos.

A ineficacia dos tratamentos de rexeneración ponse en evidencia nos resultados das mostraxes de vertidos no **rego Portapego**. Nesta canle, supéranse os valores de Pb (substancia prioritaria) tanto antes como no propio tratamento. Cu e Zn están por riba das medias anuais tanto antes como despois do tratamento, ao igual que os valores paramétricos do Fe, Mn e Al. A acidez é extrema en todos os puntos de mostraxe, cun pico mínimo de 2,52 unidades 200m augas abaixo do surximento do Portapego, máis ácido aínda que antes do “tratamento”. Para o **rego Felisa**, sometido tamén a unha suposta rexeneración, acontece algo similar que para o Portapego: substancias preferentes (Cu e Zn) sempre por riba das medias anuais; posíbel presenza de Pb (substancia prioritaria) así como de As e Cr VI; e exceso de Fe, Mn, Al e sulfatos en todos os puntos de mostraxe. Tamén o pH é hiperácido, cun pico mínimo de 2,8 unidades augas abaixo do tratamento.

As escorrentías da **balsa de Vieiro** amosan unha situación parecida á rexistrada na balsa de Argumil: niveis de Cu, Zn, Fe, Mn e Al por riba dos respetivos límites, aínda que cunha acidez máis moderada. Finalmente, os rebouses da **balsa de Bama** debuxan unha situación similar á da balsa de Vieiro.

A contaminación das bacías fluviais que drenan as antigas cortas de Bama e Arinteiro é patente (ver mapa interpretativo), abrangendo uns 65 km² de territorio, con afectación ao curso medio do río Ulla.

Constátase o fracaso dos supostos tratamentos de rexeneración, de xeito que as antigas labores e instalacións da mina de cobre de Touro-O Pino seguen a ser



unha fonte continua de contaminación das augas superficiais e soterradas. Esta instalación, hoxe pechada, converteuse na principal fonte de contaminación por metais pesados na bacía do río Ulla.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración que fai das analíticas de Augas de Galicia nos acuíferos do entorno da antiga mina de Touro?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 17:44:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 1565 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno vén de responder por escrito ao portavoz de En Marea no Congreso, Miguel Anxo Fernán Vello, en relación aos numerosos vertidos e problemas que levan tempo padecendo os veciños e veciñas de Mondoñedo debido ás louseiras situadas no Val do Río Baos, que “a raíz das diversas denuncias recibidas polo Seprona, se efectuaron as correspondentes inspeccións, formulándose 14 informes-denuncia”.

En Marea dirixía no pasado mes de febreiro unha batería de preguntas ao Goberno do Estado sobre as prácticas empresariais ilegais de “Pizarras Veira do Río S.L” que causan enormes desperfectos en propiedades privadas, en camiños públicos, en vivendas, nos acuíferos e no entorno debido ao elevado impacto da súa inadecuada actividade. Na resposta, o Goberno español desvela que durante o ano 2017 “ formuláronse 14 informes-denuncia por supostas infraccións administrativa á normativa sobre o solo, residuos, augas, minas, montes, ruídos e industria, que foron remitidas a diversos departamentos da Xunta e ao concello”. Enumera a quen llo enviou: “Concello de Mondoñedo, Xefatura Territorial da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta en Lugo, Xefatura Territorial da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta en Lugo, Augas de Galicia e Xefatura Territorial da Consellaría de Medio Rural en Lugo”.



A veciñanza das parroquias afectadas teñen denunciado constantemente as malas prácticas da empresa sen que por parte da Xunta de Galicia se actuase con dilixencia para evitalas.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que actuacións se derivaron, por parte da Xunta de Galicia, dos 14 informes-denuncia do Seprona correspondentes ás louseiras situadas no Val do Río Baos?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 17:42:11

Marcos Cal Ogando na data 11/06/2018 17:42:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O día 7 de xuño, saltou nun xornal galego que o fillo da Conselleira do Mar, Rosa Quintana, apareceu como beneficiario dunha subvención para a creación e desenrolo de empresas por parte de xoves gandeiros, como recolleu o Diario Oficial de Galicia o pasado mes de xaneiro, sen dispor de licencias de apertura nin de actividade para unha explotación en Ordes.

Consultada ao respecto, a Consellería de Medio Rural asegura que o fillo de Rosa Quintana renunciou á subvención, sen aclarar a fecha da mesma.

A axuda foi concedida en decembro e publicada en xaneiro. Esta, non figura no listado oficial das renuncias neste tipo de axudas que acompaña a orde da publicación de xaneiro.

Esta empresa non figura no rexistro da IXP nin en ningún rexistro oficial gandeiro, o que supón incumprir a Lei de Sanidade Animal de 2003, que obriga (artigo 38.1) a tódalas explotacións de animais a inscribirse (vía administración autonómica) no Reaga.

Dita subvención foi outorgada a conta dunha finca que non posúe a condición de nova explotación.

As instalacións, por non ter, non ten nin tan sequera licencia de obra, licencia de apertura, nin licencia de actividade.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que valoración fai a Consellería de Medio Rural de dita subvención concedida nun primeiro momento?

Santiago de Compostela a 11 de xuño de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/06/2018 18:15:39

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 18:15:48

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios do 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superaron o 65 millóns, segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría se sumáramos os milleiros de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falla de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríanse dous anos dende que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de reubicación de emerxencia para compartir a responsabilidade de aqueles que solicitan asilo. Sen embargo, decenas de milleiros de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables. O anterior Goberno de España do PP, soamente acolleu en dos anos España a 1.983 persoas das 17.337 comprometidas, cifras da vergoña soamente se explican pola falla de vontade de cumprir os compromisos adquiridos.

Este pasado fin de semana, o buque Aquarius, operado dende o ano 2016 polas ONG Médicos sen Fronteiras (MSF) e SOS Mediterranée para salvar inmigrantes que tentan cruzar o Mediterráneo desde as costas africanas, saltou aos titulares de medio mundo pola negativa de

Grupo Parlamentario

Italia e Malta de deixalo entrar nos seus portos con máis de 600 inmigrantes a bordo.

De acordo coa web de SOS Mediterráneo, a noite do pasado sábado ao domingo a nave realizou exitosamente seis rescates, todos baixo as ordes das autoridades italianas de rescate, salvado a vida a 629 persoas. Tras recibir a orde de proceder a porto seguro, o Aquarius recibiu a noticia de que non podía atracar en portos italianos. Tras unha negativa similar das autoridades maltesas, a nave esperou en alta mar entre os dous países e agora recibiu o permiso de chegar a portos españois cuxo Presidente do Goberno deu instrucións para permitir o seu desembarco no noso país. Unha medida que supón un cambio de rumbo de 180º da política de acollida de refuxiados, pasando das escusas para non cumprir os compromisos internacionais e a falla de interese do anterior executivo, á un goberno solidario, sensible coa dor allea, que ademais da cumprimento ás normas do Dereito Internacional. Unha medida aplaudida por boa parte da comunidade internacional.

Durante estas pasadas horas, numerosas comunidades autónomas: Extremadura, Baleares, Euskadi, a Comunidade Valenciana...amosaron a súa disposición a acoller nos seus respectivos territorios, a acoller a estas máis de 600 persoas cando cheguen a España. O goberno galego, dende que se coñeceu a nova de que o Aquarius atracaría nun porto español, non fixo ningún tipo de pronunciamento ao respecto, a pesares de sermos historicamente un país de emigrantes, e de que os galegos e galegas teñen amosado en numerosas ocasións que o noso é tamén un pobo solidario e de acollida. Ademais, na IX e X lexislatura aprobáronse varias iniciativas no Parlamento de Galicia que defendían a creación dun Plan de acollida para persoas refuxiadas en Galicia, e de que no ano 2015 o propio señor Feijoo anunciaba a disposición de Galicia a acoller a 300 refuxiados, así como a prestar tamén colaboración ás familias que quixeran acoller a máis persoas, algo que finalmente non se fixo efectivo.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Amosou o Goberno galego a súa disposición a colaborar co Goberno de España, na acollida de refuxiados dos refuxiados e refuxiadas do barco Aquarius en Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 11:05:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/06/2018 11:05:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 11:05:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2018 11:05:18

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Val do Dubra é un concello que conta cunha poboación de 3.931 habitantes segundo os últimos datos do IGE (01.01.2017), dos que 360 teñen entre 0 e 14 anos.

A atención pediátrica neste concello desenvolveuse ata o ano 2016, coincidindo coa xubilación da persoa que prestaba o servizo, en horario completo no centro de saúde situado no centro da vila. A partir dese momento, o horario de atención reduciuse de 8.30 a 11.00 horas no papel, pero que na realidade é moito menor, posto que a persoa que presta o servizo ten que desprazarse para atender a consulta noutro municipio e sen que se substitúa en período de vacacións nin de baixas.

Esta deficiencia no servizo implica que haxa unhas listas de agarda de tres semanas para atención dos nenos e das nenas do concello.

Por outra banda, o espazo onde se presta a consulta de pediatría foi trasladado dende un lugar afastado do resto das consultas a outro integrado nas consultas das persoas adultas, o que non parece ser o lugar máis axeitado para os nenos e nenas de menor idade.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Na “lexislatura do rural”, cando vai solucionar o Goberno galego esta deficiencia no servizo de pediatría, servizo fundamental para a poboación do concello de Val do Dubra?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2018 11:24:46



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 11:24:53

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 11:25:02

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 11:25:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O expediente 10/2017 da Consellería do Mar para a prestación de servizo de salvamento marítimo de Galicia, establece no seu prego de prescricións técnicas particulares da contratación de servizos de operación e mantemento de dous helicópteros. Nestas condicións, o apartado 2.6, refírese ao tempo de resposta, inoperatividade e helicópteros de substitución:

“2.6.9 Dadas as características deste servizo, é primordial garantir a súa continuidade. Así co obxecto de manter o estado de máxima operatividade do servizo, no caso de que un helicóptero quedase fóra de servizo por calquera causa, a empresa adxudicataria poñerá a disposición da consellería outro helicóptero de características e prestacións iguais ou superiores no menor tempo posible (prazo máximo de relevo de 72 horas desde a interrupción do servizo) sen ningún cargo para a consellería.

2.6.10 Así mesmo, para os períodos de revisión obrigatoria, mantemento ou calquera outra parada técnica programada, que se prevea superior a 72 horas, a empresa adxudicataria, poñerá a disposición da consellería un helicóptero para o seu relevo temporal, das características que se indican neste prego, de xeito que durante estes períodos non se interrompa en ningún momento a prestación do servizo, polo que antes da retirada do helicóptero operativo, o adxudicatario deberá aportar o novo aparello que realizará o servizo mentres se realizan as oportunas revisións”

A principios do mes de xuño puidemos ver nas imaxes dun medio de comunicación en relación co servizo de gardacostas de Galicia, que o Sikorsky S76, que habitualmente exerce como Pesca 2, estaba sendo substituído, debido á revisión anual -programada-, por unha aeronave de Salvamento Marítimo, un Leonardo 139, incumpríndose os pregos técnicos indicados anteriormente, xa que é a empresa adxudicataria a que ten que substituír as aeronaves e non o Goberno central.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Que criterios se seguiron para a cobertura da revisión programada do Pesca 2?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/06/2018 11:56:50

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 11:57:01

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai uns días puidemos ler nun medio que o PP de Portos de Galicia acordara co PP de Ponteceso a rehabilitación de aparcamentos no acceso ao porto de Corme. Nesta reunión Portos de Galicia presentou unha proposta de sinalización que será a que se leve a cabo, tal e como establece o dito medio. En ningún caso se contou co alcalde de Ponteceso, que é o que representa o poder executivo da vila, nin sequera se lle presentou a proposta.

O sentido común e o respecto polas institucións indica que o correcto sería reunirse inicialmente co alcalde, discutir a proposta, e unha vez consensuada, presentalo aos grupos que Portos considere oportuno. Máis aínda cando o alcalde ten solicitada unha reunión con Portos e aínda non recibiu resposta.

Desde o noso grupo isto é unha mostra máis do uso das institucións que son de todas e todos a favor dun partido, menosprezando a democracia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Cando pensa Portos de Galicia presentar ao alcalde de Ponteceso o proxecto de novas prazas de aparcamento de Corme?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/06/2018 12:08:50

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 12:09:03

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2013, o entón alcalde de Tui outorgaba licenza de actividade e obra (con informes desfavorables) da empresa de pirotecnia “La Gallega”, cuxo dono acaba de ser detido como presunto responsable da explosión dun almacén ilegal na parroquia de Páramos, en Tui. Estas licenzas foron botadas abaixo no ano 2014, cando o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra ditaba sentenza que as anulaba por irregularidades, sentenza que xa é firme porque así o confirmou o TSX de Galicia. Ese mesmo Xulgado de Pontevedra leva meses requirindo ao Concello para que execute a dita sentenza (en concreto, para a demolición da obra, peche e reposición da legalidade urbanística), a última vez o pasado día 3 de maio.

Cómpre lembrar que en Tui cogoberna o partido Popular dende o día 17 de outubro de 2017, como consecuencia da moción de censura apoiada polos 4 concelleiros do PP máis outros 3 das súas propias escisións e en virtude dun acordo programático asinado entre D. José Manuel Cores Tourís (secretario xeral do PP de Pontevedra e delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra) e D. Garcilaso de la Vega López (secretario xeral de CXXI). A moción de censura desbancaba a un alcalde socialista, que gañara as eleccións municipais, e deixara ao PP sen unha alcaldía clave na provincia de Pontevedra.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno galego sobre a anulación xudicial da licenza de actividade e obra da empresa de pirotecnia “La Gallega” de Tui e outorgada en 2013 (con informes desfavorables) polo entón alcalde?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:05:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/06/2018 13:05:37

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 13:05:43

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/06/2018 13:05:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2018 13:05:55

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Unión Europea está moi preocupada polo desleixo de Galicia en depuración. En 2013 viñeran varios eurodeputados para controlar as rías de O Burgo, Ferrol e Vigo. As conclusións foron, entre outras, que as zonas das nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas porque a condición destas áreas está potencialmente ameazada se non se fai nada urxente para resolver as cuestións que este mesmo informe recolle. Tamén dixeron os eurodeputados que se cometeran graves infraccións da lexislación da Unión Europea en materia de augas ao longo dos anos.

Galicia ten un problema de depuración e cómpren medidas sobre as rías para a súa recuperación medioambiental e produtiva. A ría de Pontevedra agarda polas medidas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dende o ano 2001. Hai problemas serios de depuración en Poio, Pontevedra, Bueu ou Marín porque a planta depuradora de Os Praceres (xestionada directamente por Augas de Galicia) e que trata as augas de Pontevedra, Marín, Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Pontecaldelas, en totalidade ou en parte, decanta pero non depura. Hai ata unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de marzo de 2016 sancionando a España polos problemas de depuración nas aglomeracións de Pontevedra, Marín, Poio e Bueu. Polo visto, o Goberno ten 4 millóns de euros para as melloras da infraestrutura hidráulica en Marín, mais non sabemos onde están os colectores nin cando vai rematar a obra, probablemente despois das eleccións municipais.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que non está xa rematada a obra de mellora da infraestrutura hidráulica de Marín?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:19:06

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 13:19:12

Raúl Fernández Fernández na data 12/06/2018 13:19:16

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende o ano 2009, menos dun 15 % dos titulados MIR foron contratados polo Sergas, cifra notablemente insuficiente para facer fronte a necesidades como a dispersión territorial e os problemas demográficos. O certo é que unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servicios, afastando a atención da cidadanía. No concello de Forcarei non escapan a este afastamento, á dispersión no territorio, á falla de transporte público, ao envellecemento poboacional e á precariedade na atención primaria.

Xa máis en concreto, no que ao Centro de Saúde de Soutelo de Montes se refire (que atende a persoas maiores de moitos lugares da zona, como Pardesoa, Trasdome, Presqueiras, Sanguñedo, Ventoxo, Vilariño ou Millerada) estase a vivir unha lenta agonía. E no Centro de Saúde de Forcarei non existe ningunha medida de reforzo para as campañas de vacinación e non se cobren as vacacións nin da matrona nin do servizo de pediatría.

Debido aos retallos de persoal nos centros de atención primaria no rural, as persoas usuarias que non teñen adscrita á súa tarxeta sanitaria ao Centro de Saúde de Soutelo de Montes non teñen garantido neste momento servizo de atención primaria no horario habitual sen interrupcións. Cando o médico se despraza para atención domiciliaria ou a algunha reunión de traballo ou cando o único facultativo que hai no centro médico ten días para asuntos propios, o centro queda sen persoal e o horario de atención ao público interrómtese. Así, neste ano 2018, houbo multitude de ocasións nas que o horario foi de 08.00 a 11.00 ou de 08.00 a 12.00.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está satisfeito o Goberno galego co servizo de atención primaria prestado no concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:27:58

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:28:04

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 13:28:09

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

Un dos puntos máis representativos desta situación é a vila de O Grove, onde a vinculación dos seus habitantes coa actividade mariñeira é moi relevante tanto en número como cualitativamente, non solo pola actividade propia dos traballadores e traballadoras do mar senón polo aproveitamento da ría e o mar como polo de atracción turística a un concello no que este sector redunda de maneira especial, sendo un dos focos máis relevantes de Galicia neste aspecto. De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo. O espazo de titularidade de Portos de Galicia, entidade responsable do porto de O Grove, conflúe urbanisticamente co centro da vila, dándose a circunstancia de que as actividades propias relacionadas directamente co porto están achegadas ao mar (lonxa, instalacións portuarias, infraestruturas de uso para mariñeiros...) quedando un espazo amplo que, sendo titular a entidade portuaria, son de uso cotiá cidadán sen actividade relacionada directamente co mar. Exemplo paradóxico dáse co feito de que o edificio do Concello de O Grove se sitúa en terreo portuario, sendo motivo de obrigado pago de aluguer polo seu propio uso.

Grupo Parlamentario

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debera ter sido resolta, pois se realiza actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galicia) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que corresponde a fixación e cobro de taxas, responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Esta dicotomía está a prexudicar aos veciños e veciñas de O Grove, que comprobamos como existe un certo abandono por parte de Portos de Galicia dos terreos que son da súa titularidade, impedindo pola súa parte unha correcta utilización por parte do Concello que, velando polas necesidades reais da vila, asume xestión e custes que non lle deberían ser propios. A negativa de Portos de Galicia a contribuír e manter os terreos que lle son propios, pero á vez dificultar as posibilidades do propio Concello, constitúen un bloqueo “de facto” nas potencialidades que un Concello como O Grove ten.

A Lei de portos de Galicia, no seu artigo 52 e seguintes e tamén noutros puntos da lei, considera a posibilidade de definir a delimitación, usos e posibles modificacións nos terreos portuarios. Existen, ademais, exemplos con terreos portuarios de titularidade de Puertos del Estado, que se teñen modificado espazos e usos en favor de distintos concellos.

A posibilidade de desafectar terreos que, sendo hoxe de titularidade municipal, están claramente integrados na dinámica veciñal urbana, suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de O Grove.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non abre unha negociación co Concello de O Grove para facilitar o cambio de titularidade de terreos hoxe portuarios pero que están integrados na dinámica urbana do municipio?

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:35:55

María Dolores Toja Suárez na data 12/06/2018 13:36:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15 % dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha

Grupo Parlamentario

forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastado a atención dos e das cidadáns.

O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria. A pesares diso, a construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, repetidamente, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. Os orzamentos de 2016 dedicaban 3,8 millóns de euros a renovación, construción e equipamento de centros de saúde da provincia de Pontevedra. Os orzamentos de 2017 e 2018 acumulados dedicaron 3,9 para as mesmas partidas. Ademais da perda de investimentos, xa de por si moi limitados e que resultan mínimos comparados co canon de máis de 40 millóns de euros anuais que se dedica a pagar polo Hospital Álvaro Cunqueiro, a tendencia da Consellería de Sanidade é a terminar por non executar unha boa parte destas partidas, reutilizando os cartos para resolver problemas de execución e orzamentaria noutras cuestións que se planifican erroneamente de maneira sistemática. Esta práctica, alertada e criticada polo Consello de Contas de Galicia dificulta o seguimento dos orzamentos, e evidencia a nula aposta pola atención primaria por parte do Sergas.

A provincia de Pontevedra vese especialmente danada pola política de abandono da atención primaria por parte do Sergas. Existen numerosas demandas reivindicadas por persoas usuarias, profesionais, representantes cidadáns e numerosos colectivos afectados, que están sendo sistematicamente ignoradas pola Xunta de Galicia. Sinaladamente, pódense comprobar numerosos casos de melloras de infraestruturas de atención primaria, ou de construción de centros novos, que son diminuídas e esquecidas pola Xunta de Galicia no caso dos concellos que non son gobernados polo PP, formación que de

Grupo Parlamentario

maneira repetida vota contra estas melloras nestes casos no Parlamento de Galicia. As reclamacións sobre mantemento, construción ou dotación de persoal nos centros de saúde de Vilagarcía, A Illa, O Grove, Cambados, Pontearreas, Navia (Vigo), As Neves, Cuntis e moitos outros son exemplos de desleixo da Xunta de Galicia para colaborar coa mellora asistencial dos veciños e veciñas destes lugares.

Non ocorre así cando as cuestións se refiren a concellos onde goberna o PP, nos que as peticións e demandas que se realizan son atendidas sen problemas por parte do Goberno autonómico e aprobadas vía parlamentaria polo PP.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree o Goberno galego que é aceptable a diferenciación aplicada polo Sergas en función do Goberno local existente en cada localidade onde existe unha reivindicación de atención primaria?

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:46:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:46:15

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 13:46:20



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/06/2018 13:46:25

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 13:46:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á corrección inmediata das deficiencias das cociñas da EOXI de Ourense e da actual cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense antes da posta en funcionamento do novo servizo de cociña do novo edificio do Hospital.

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Segundo as últimas informacións facilitadas pola propia Xunta de Galiza na Cámara, o servizo de cociña futuro do Hospital ourensá contará cun sistema mixto de liña tradicional e liña fría ou precociñada instalado no novo edificio.

Porén, en canto esta realidade non se verifica, vén de ser demostrado que tal e como denunciaba a Comisión de centro, organizacións sociais e o Bloque Nacionalista Galego, a actual cociña está nunha situación extrema que debe ser corrixida. Máis aínda hai que recordar que as e os profesionais así como o persoal usuario levan anos demandando unha mellora das instalacións de cociña. Por outra banda, a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 11:03
Nº Rexistro: 32345
Data envío: 13/06/2018 11:03:04.382

edificios novo e antigo engade novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da cociña que van en detrimento das e dos traballadores e poden chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias. Mesmamente o 22 de marzo de 2017 o Bloque Nacionalista Galego denunciou esta situación nunha pregunta oral en pleno ao Conselleiro de Sanidade, quen fixo caso omiso.

De forma especial, a este grupo parlamentar preocúpalle ter coñecido a información pública de que a Inspección de Traballo vén de recoñecer determinadas eivas denunciadas pola Confederación intersindical galega o pasado 11 de abril. Segundo informan, a Inspección de Traballo vén de comunicarlle á EOXI de Ourense que ten un prazo de dous meses para corrixir as múltiples deficiencias detectadas na cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e indican que “No informe elaborado pola Inspección constátase, entre outras cuestións, o risco de caídas debido ao mal estado do chan, a probabilidade de incendio debido á graxa acumulada nas campás (a concesionaria fai unha única limpeza semanal), o perigo de electrocución ao atoparse cadros eléctricos sen tapa enchufes na zona de lavado que non son estancos e a posibilidade de lesións músculo esqueléticas pola realización de tarefas que obrigan a manterse de pé por períodos prolongados e en posicións forzadas.”

O Bloque Nacionalista Galego considera esta situación de especial gravidade polo que relata a Inspección e polo coñecemento de que a propia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría era consciente, polo que os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que responsabilidades vai asumir a Xunta de Galiza diante das deficiencias demostradas no servizo de cociña da EOXI de Ourense, particularmente do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 10:47:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 11:03
Nº Rexistro: 32345
Data envío: 13/06/2018 11:03:04.382

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 10:47:58

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 10:48:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 10:48:01

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 10:48:03

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 10:48:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A quen se lle acorda a mobilización do sector produtor lácteo no 2015, nin como esta rematou na traizón do acordo?

O caso é que case tres anos despois un dos puntos do citado acordo e que en teoría tiña a ver con darlle un sopro de alento ó sector do estado (nós vimos sendo, de momento case o 50%), está sendo posto en cuestión pola *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC)*. Referímonos a establece-la obriga de constar na etiquetaxe a orixe do leite posto no mercado.

Era tal o convencemento aparente a que se chegara e era tanta a presión que o goberno tiña por quita-los tractores da rúa e acalma-lo sector que o mesmo presidente se reuniu con tódolos implicados no conflito rememorando unha mesa de negociación necesaria para o sector pero nunca recoñecida coma tal polo goberno da Xunta.

Coma xesto de boa vontade e de presión púxose en circulación a campaña do leite "galega", distintivo que se mantén aínda que dun xeito suave e sen repercusión palpable no sector.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En resume, non é de recibo que unha vez máis primen os intereses das multinacionais instaladas no sector cós intereses do mesmo. É ben para o sector e para o consumidor en xeral que a orixe do produto lácteo figure no etiquetado tal e coma acontece noutros países da UE.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que ten pensado facer diante das reticencias da *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC)* a incluír na etiquetaxe a procedencia do produto lácteo en venda?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32362
Data envío: 13/06/2018 16:35:45.346

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2018 16:32:55

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2018 16:33:01

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2018 16:33:03

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2018 16:33:04

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2018 16:33:06

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2018 16:33:08

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A finais do pasado mes de abril, foi sometido a información pública o documento base do chamado “*Plan de transporte público de Galicia*”, unha denominación sen dúbida pretenciosa pois unicamente contempla unha parte dun único modo de transporte, cando en boa lóxica debera ser consecuencia dunha formulación máis xeral e completa sobre a mobilidade en Galicia. En todo caso, tal planificación debera establecer as cuestións básicas para o deseño e posta en marcha dun novo mapa concesional, pero que, lonxe de tal cometido, constitúe máis ben un documento demasiado xenérico e indeterminado, do cal non derívase do mesmo, como sería desexable, unha mellora substancial dos servizos regulares públicos de transporte interurbano e intercomarcal de viaxeiros por estrada, competencia exclusiva de Comunidade, senón que volve a establecer unhas pautas xerais moi imprecisas e cuestionables.

Cabe recordar que a *Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia*, establecía que dito plan sería aprobado no prazo de vinte e un meses dende a súa entrada en vigor, e dado que aquela produciuse o 23 de xullo de 2016, xa é coñecido que – novamente - a Xunta de Galicia non foi quen de dar cumprimento ao prazo legalmente establecido.

A denominada *1ª fase do Plan de transportes* (coa incongruencia de denominar “1ª fase” de algo que nin está actualmente aprobado), realizada como consecuencia dos erros cometidos pola Xunta de Galicia con anterioridade, procedeu á contratación de diversos servizos, pero foi, en todo caso, un parche provisional, que supuxo a existencia de múltiples problemas, tal e como é sobradamente coñecido, ademais de ter que ser realizado pola administración de xeito directo, en base a

Grupo Parlamentario

unha modalidade anormal e excepcional de contratación, tal e como determina a lexislación europea de transporte. Así non levouse a cabo unha mellora dos servizos prestados e, en demasiadas ocasións, tampouco un aumento das persoas usuarias, pese á idea contraria que tenta transmitir á consellería, a vez que sufrindo múltiples alteracións ante as queixas de diversos concellos.

Baixo a consideración do transporte escolar como un servizo equiparable e integrado ao das persoas viaxeiras en xeral, o que buscábase en realidade era unha minoración de fondos públicos destinados ao transporte público, cando sen un aumento de dotacións con cargo aos orzamentos autonómicos, é imposible acadar unha mellora destes servizos. Pero tal condicións previa non está entre as previsións da Xunta de Galicia.

Non parece un esquema inicial axeitado ir a un modelo de transporte sen aumentar a dotación global e incluso pensando en aforrar esa contía. Ou incluso se vai solicitar a “colaboración financeira” por parte doutras administracións públicas, cando constitúe unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.

Mentres, é rexeitado polo Partido Popular que, tal e como acontece no transporte metropolitano, as persoas mozas poidan desprazarse gratuitamente en autobús, tal e como se propuxo recentemente por este grupo parlamentario.

Tampouco é coñecido o necesario estudo sobre as necesidades de mobilidade do territorio, cuestión básica e previa para o deseño das novas liñas a poñer en marcha.

Tampouco parece que o plan deseñado, tivera en conta en múltiples referencias e recomendacións que se establecen na aprobación das directrices de ordenación do territorio, sendo estas, ao parecer, ignoradas.

Igualmente non pareza que teña en conta a realidade das áreas metropolitanas, tanto a legalmente aprobada ou a que puidera entrar en funcionamento nos próximos anos, cando estas deberán ter a

Grupo Parlamentario

competencia sobre o transporte público que o plan recolle para o territorio que as integren.

Por todo o anterior se formulan a seguinte pregunta ao respecto do denominado “*Plan de transportes público de Galicia*”:

Considera que dito plan cumpre coas necesidades de servizos que son necesarias?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 13/06/2018 16:50:12

María Luisa Pierres López na data 13/06/2018 16:50:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/06/2018 16:50:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/06/2018 16:50:35

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2018 16:50:39

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos.

A identidade de xénero e a orientación sexual son características propias da personalidade humana. Por tanto, o dereito para vivir libremente a propia orientación sexual ou identidade de xénero e a expresalas sen temor, se así se desexa, son dereitos humanos no máis pleno sentido da palabra.

A evolución da nosa sociedade esixe unha ampla resposta para abordar os retos que temos por diante en materia de integración e non discriminación do colectivo LGTBI, polo que as administracións públicas teñen que facer un esforzo por situarnos á vangarda da protección da igualdade efectiva de dereitos.

Así, o Parlamento de Galicia aprobou no pleno celebrado o 8 de abril de 2014, a Lei 2/2014 pola Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI). Esta Lei publicouse no DOG o 25 de abril de 2014.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma que contou cunha Lei que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI

Esta lei estrutúrase en dous títulos, nove capítulos, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras.

O título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTBI e na promoción da súa visibilidade.

O título II recolle as medidas que se deben adoptar nos ámbitos policial e da xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e do ocio, da xuventude e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do colectivo LGTBI.

Dende a súa entrada en vigor, os distintos departamentos da Xunta de Galicia traballan na súa aplicación nos respectivos ámbitos competencias.

Por todo o anterior é polo que se pregunta:

Cales son as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento da LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/06/2018 18:01:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/06/2018 18:02:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/06/2018 18:03:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2018 18:04:04

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/06/2018 18:04:09

Marta Rodriguez Arias na data 13/06/2018 18:04:16

María Soraya Salorio Porral na data 13/06/2018 18:04:34

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á mellora da remuneración dos arquivistas e arquivistas de Galicia.

Na páxina web do sistema de arquivos de Galicia reivíndicase que os arquivos garanten o eficaz funcionamento das administracións e aseguran algo tan importante como é “o acceso de todos os cidadáns ao patrimonio documental”. O valor dos arquivos reside en que “reúnen os documentos que as institucións, as entidades, as empresas e as persoas producen de forma natural no desenvolvemento das súas funcións e actividades (administrativas, económicas, sindicais, relixiosas, persoais...”. Cómpre defender, polo tanto, que o “patrimonio documental é unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade”, como ben se subliña na páxina web. “Os documentos que o integran ofrecen información, coñecemento, ciencia, garantía de dereitos cidadáns, transparencia, historia, arte...”. Por todo isto, a Xunta de Galicia recoñece que “debemos velar pola súa conservación e garantir o acceso de todos a el, desde o cidadán e o funcionario ata o xornalista e o investigador”.

O que di o Goberno contrasta, novamente, cos feitos. Malia que defende o valor inmenso que de facto teñen os arquivos, o certo é que estes non contan cos medios materiais e humanos suficientes para garantir que poidan cumprir as súas funcións como corresponde. Foi por iso que a semana do 9 de xuño, Día Internacional dos Arquivos, se convocaron concentracións no Arquivo de Galicia, no Arquivo do Reino de Galicia, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, no Arquivo Histórico



Provincial de Pontevedra, nos arquivos centrais das consellerías, nos arquivos territoriais de Pontevedra, Vigo e Lugo, e nos arquivos xudiciais. O persoal dos arquivos quixo demandar así mellores medios para os arquivos, máis persoal e remuneracións acordes as súas responsabilidades e á media do Estado.

Os arquivos son unha peza fundamental da memoria, e, polo tanto, da identidade, dun territorio, polo que a súa xestión ten que contar co respaldo firme e continuado das diferentes administracións.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Vai mellorar a Xunta de Galicia as condicións laborais do persoal que traballa nos arquivos?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/06/2018 13:27:10

Luca Chao Pérez na data 14/06/2018 13:27:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. O 20 de xaneiro de 2016 o goberno do Estado outorgoulle á empresa ENCE Energía y Celulosa SA prórroga da concesión de ocupación dunha superficie de 373.524 metros cadrados de terreos de dominio público marítimo terrestre con destino a fábrica de celulosa. Esta concesión fíxose por un período de 60 anos .

Esta decisión foi adoptada por un goberno en funcións, que primou a defensa dos intereses privados dunha empresa fronte á defensa do interese xeral, xa que a permanencia da fábrica no actual emprazamento compromete o futuro da ría e o desenvolvemento urbano da cidade de Pontevedra. Estamos ante un escandaloso trato de favor a unha empresa privada, á que se lle regalan máis de 373.000 m² de terreo público, uns terreos que tiñan data de caducidade no ano 2018. Para máis abundamento na falta de transparencia e garantías democráticas, no consello de administración da empresa ENCE séntanse ex altos cargos do goberno do Estado e da Xunta, concretamente a ex ministra de Medio Ambiente Isabel Tocino e o ex conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galiza Carlos del Álamo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ademais das circunstancias sinaladas anteriormente, a prórroga da concesión vai en contra do establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

O Consello da Xunta de Galiza aprobou através das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL) as determinacións urbanísticas e de ordenación territorial para os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados polo complexo industrial contaminante de ENCE nas marismas de Lourizán.

Estas determinacións prevén expresamente o traslado do complexo fabril no horizonte temporal do 2018.

A Disposición Adicional 3ª.-Ence, do POL establece o seguinte:

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. *A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*

3. *Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.*

4. *Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuirase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.*

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Actualmente está en curso unha Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán”, tramitada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas e promovida pola empresa ENCE, ENERGÍA Y CELULOSA SA.

O obxectivo principal desta modificación é a construción dunha planta de biomasa, unha instalación que tería un fortísimo impacto na contorna xa que a planta tería 50 m de altura (equivalente a un edificio de 16 andares e medio) e inclúe unha cheminea de aprox 70 metros de altura.

Ademais do impacto negativo na contorna, a planta terá uns efectos moi negativos no medio rural e nos montes pois vai favorecer a plantación de cultivos enerxéticos mediante especies de crecemento rápido que teñen graves efectos nocivos nos solos, nas reservas de auga e na biodiversidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza solicitar do goberno do Estado a anulación, antes do 28 de xullo de 2018, da prórroga concedida a ENCE o 20 de xaneiro de 2016 por un período de 60 anos.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32419
Data envío: 14/06/2018 15:28:42.563

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:27:04

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:27:08

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:27:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:27:10

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:27:12

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:27:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. O 20 de xaneiro de 2016 o goberno do Estado outorgoulle á empresa ENCE Energía y Celulosa SA prórroga da concesión de ocupación dunha superficie de 373.524 metros cadrados de terreos de dominio público marítimo terrestre con destino a fábrica de celulosa. Esta concesión fíxose por un período de 60 anos .

Esta decisión foi adoptada por un goberno en funcións, que primou a defensa dos intereses privados dunha empresa fronte á defensa do interese xeral, xa que a permanencia da fábrica no actual emprazamento compromete o futuro da ría e o desenvolvemento urbano da cidade de Pontevedra. Estamos ante un escandaloso trato de favor a unha empresa privada, á que se lle regalan máis de 373.000 m² de terreo público, uns terreos que tiñan data de caducidade no ano 2018. Para máis abundamento na falta de transparencia e garantías democráticas, no consello de administración da empresa ENCE séntanse ex altos cargos do goberno do Estado e da Xunta, concretamente a ex ministra de Medio Ambiente Isabel Tocino e o ex conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galiza Carlos del Álamo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ademais das circunstancias sinaladas anteriormente, a prórroga da concesión vai en contra do establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

O Consello da Xunta de Galiza aprobou a través das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL) as determinacións urbanísticas e de ordenación territorial para os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados polo complexo industrial contaminante de ENCE nas marismas de Lourizán.

Estas determinacións prevén expresamente o traslado do complexo fabril no horizonte temporal do 2018.

A Disposición Adicional 3ª.-Ence, do POL establece o seguinte:

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. *A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*

3. *Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.*

4. *Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuirase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.*

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Actualmente está en curso unha Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán”, tramitada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas e promovida pola empresa ENCE, ENERGÍA Y CELULOSA SA.

O obxectivo principal desta modificación é a construción dunha planta de biomasa, unha instalación que tería un fortísimo impacto na contorna xa que a planta tería 50 m de altura (equivalente a un edificio de 16 andares e medio) e inclúe unha cheminea de aprox 70 metros de altura.

Ademais do impacto negativo na contorna, a planta terá uns efectos moi negativos no medio rural e nos montes pois vai favorecer a plantación de cultivos enerxéticos mediante especies de crecemento rápido que teñen graves efectos nocivos nos solos, nas reservas de auga e na biodiversidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego autorizar a Modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32420
Data envío: 14/06/2018 15:28:50.532

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:27:40

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:27:44

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:27:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:27:47

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:27:48

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:27:49



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Gondomar para mellorar a calidade asistencial en especial a pediátrica.

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Dispón dunha única praza de pediatría, en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, mais que aínda así non cubre a toda a poboación infantil do concello.

Desde marzo do ano pasado ten o cupo pechado e as familias das crianzas nadas desde esa data vense na obriga de se desprazar fóra de Gondomar para acudir ás consultas pediátricas de Nigrán ou Baiona.

Este problema agrávase aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia consulta. No BNG sumámonos as denuncias da inadecuada atención pediátrica existente no C.S. de Gondomar.

Tampouco se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguemento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir baixas ou vacacións contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto d@s profesionais vense na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación vaise ver agravada polo peche, anunciado polo propio SERGAS, das consultas de tarde no CS Gondomar durante o verán, alegando falla de persoal cando na realidade é a constatación da súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas se están a adoptar para garantir a atención pediátrica aos nenos e nenas de Gondomar?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32422
Data envío: 14/06/2018 15:35:02.454

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:34:35

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:34:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:34:40

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:34:42

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:34:43

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:34:45



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Gondomar para mellorar a calidade asistencial en especial a pediátrica.

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Dispón dunha única praza de pediatría, en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, mais que aínda así non cubre a toda a poboación infantil do concello.

Desde marzo do ano pasado ten o cupo pechado e as familias das crianzas nadas desde esa data vense na obriga de se desprazar fóra de Gondomar para acudir ás consultas pediátricas de Nigrán ou Baiona.

Este problema agrávase aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia consulta. No BNG sumámonos as denuncias da inadecuada atención pediátrica existente no C.S. de Gondomar.

Tampouco se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguemento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir baixas ou vacacións contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto d@s profesionais vense na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación vaise ver agravada polo peche, anunciado polo propio SERGAS, das consultas de tarde no CS Gondomar durante o verán, alegando falla de persoal cando na realidade é a constatación da súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32423
Data envío: 14/06/2018 15:35:13.282

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 15:34:00

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 15:34:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 15:34:04

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 15:34:06

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 15:34:07

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 15:34:09

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Luis Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos informes de impacto medioambiental do Proxecto da Mina Touro-O Pino

Todos os ríos e regatos que arrodean a antiga mina de cobre de Touro e O Pino están contaminados. Confírmao Augas de Galicia cos [datos das analíticas realizadas en todos os puntos de control da contorna](#) da explotación mineira. Os resultados das análises, solicitados pola entidade ecoloxista Adegas o pasado 9 de abril, son demoledores. Que saian á luz non nos sorprende, o que sorprende é que Augas de Galicia e a Xunta non tomasen medidas antes se coñecían de sobra a situación.

O resumo do achegado por Augas de Galicia é que: "a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando a calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 quilómetros cadrados na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos". Unha advertencia do que foi e do que podería pasar cunha nova megamina de máis ampla extensión.

Os datos que achega Augas de Galicia sobre as estacións de control de calidade demostran a elevada contaminación. No que ten que ver coas augas soterradas, por exemplo no rego de Pucheiras, a calidade ambiental é moi baixa pola presenza de substancias das denominadas prioritarias en canto á calidade das augas. Achouse cadmio e níquel, ademais de superarse as medias anuais de cobre



e zinc e unha alta acidez. Hai tamén cantidades doutros metais que superan os valores fixados para as augas de consumo.

A contaminación por metais pesados das augas soterradas esténdese no tempo até a actualidade, xa que recentes ensaios realizados entre 2017 e 2018 seguen amosando altas cantidades de cobre e zinc.

Do mesmo xeito, os resultados da estación que monitoriza a captación de augas superficiais para consumo humano amosan que se superaron en dous anos (2010 e 2013) os niveis de cadmio, ademais de darse valores altos noutras substancias contaminantes en 2016. No río Lañas, pola súa banda, tamén hai datos que amosan recentes picos de pH ácido en 2017 e superación dos valores paramétricos de aluminio e manganeso, o que requiriría dunha intensa depuración das augas para un posible consumo humano.

En canto aos datos do río Ulla, detéctanse picos de ferro en 2008 e 2013, aínda que os datos analíticos neste caso son insuficientes para valorar a calidade das augas e a súa evolución no tempo ou situación actual. Por todo elo sería imprescindible ampliar ditos estudos.

No que ten que ver coas mostraxes de vertidos, os datos facilitados por Augas de Galicia demostran que unha enxurrada de metais pesados baixa desde a mina ao Ulla. Así, aparecen importantes concentracións de cobre e zinc, ademais de cantidades de aluminio e manganeso tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos. Moitos destes datos negativos déronse en análises recentes e corresponden ao curso medio do río, a máis de 10 quilómetros das antigas cortas mineiras.

Ademais, a bacía do río Brandelos tamén conta cunha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente cobre e zinc, así como unha elevada acidez, así como outras moitas substancias daniñas nun río que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro. No caso do río Lañas, que drena unicamente esta última corta, a problemática é similar. Ademais, os resultados analíticos das canles sometidas a tratamentos de rexeneración, tal e como indica



Augas de Galicia, amosan a persistencia de altos niveis de metais pesados mesmo despois dos supostos “tratamentos”.

Por outra parte, sen telos aínda na nosa posesión, chégannos referencias dos informes de varios departamentos da Xunta sobre a mina de Touro - O Pino. En todos eles identifícanse numerosos aspectos negativos ou deficiencias na documentación.

Así, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias, advirte que a "reapertura de mina de cobre pode afectar gravemente á gandería da zona se chegan a contaminarse os terreos derivados desa actividade ao poder ocasionar unha intoxicación por cobre da gandería".

O Servizo de Montes de Medio Rural cualifica de "dificilmente viable" a promesa de Cobre San Rafael de rexenerar o terreo. Este departamento lembra que unha explotación mineira non está contemplada para a actual cualificación urbanística do terreo.

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública identifícanse numerosas carencias na proposta da mineira. Por exemplo, a promotora non identifica a poboación afectada, nin os usos da auga, nin avalía a posible contaminación por gas radón. Ademais, apunta a que "o plan de rehabilitación e peche non contén información detalla referente ao mantemento dos sistemas para o control e tratamento de drenaxes acedas".

A Dirección de Patrimonio Natural redacta un dos informes máis críticos. Así, sinala "incongruencias" nas medidas a tomar unha vez que conclúa a vida útil da mina. A promesa de depurar todas as augas "non se corresponde coa realidade, ao ser inevitables as filtracións".

Por último, Augas de Galicia informa que a documentación presentada "resulta ser insuficiente e non adecuada para emitir, en base a ela, unha correcta valoración de todas as posibles afeccións".



Ante estes resultados de Augas de Galicia, e os informes dos diferentes departamentos administrativos damos por feito que a Xunta de Galicia non pode ser tan insensata de aprobar o Proxecto da Mina de Touro-O Pino.

Por todo o dito, **En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta orla en Pleno:**

- Considera a Xunta de Galicia todos estes contundentes informes suficientes para ditaminar unha avaliación medioambiental negativa e non subsanable e, polo tanto, rexeitar de maneira definitiva o proxecto?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 14/06/2018 17:23:38

Antón Sánchez García na data 14/06/2018 17:23:47

Marcos Cal Ogando na data 14/06/2018 17:24:00



Luis Villares Naveira na data 14/06/2018 17:24:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envío: 14/06/2018 17:39:54.219

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas á tomar para que as persoas afectadas pola explosión de Paramos poidan recuperar canto antes as súas vidas.

O pasado 23 de maio produciuse unha traxedia no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular. Traxedia que se levou por diante a vida de dúas persoas, 37 persoas feridas innumerábeis danos, 31 vivendas totalmente destruídas, arredor de 86 coa estrutura moi danada, en total 311 vivendas con algún nivel de afectación, 66 vehículos afectados, empresas...

A situación require actuacións áxiles, efectivas e resolutivas, as persoas afectadas por suposto non queren tirar ningún beneficio da catástrofe, mais tampouco saíren prexudicadas dunha situación da que non son en absoluto responsábeis. Tan só demandan recuperar as súas vidas nas condicións que estaban antes da criminal explosión.

Pasado xa un certo tempo desde a explosión as persoas afectadas están a trasladarnos que a xestión que se está a realizar polas administracións competentes non está sendo suficientemente eficiente, nin áxil, teñen sensación de certo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envío: 14/06/2018 17:39:54.219

abandono e empezan a temer que todo se empece a dilatar no tempo, e que as axudas non van ser suficientes.

Eses temores empezan a verificarse. O xoves 7 de xuño o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.

Esta orde de axudas non se axusta ás necesidades das persoas afectadas en canto ás contías para reparar os danos ocasionados nas vivendas, que demandan se axuste ao custe 100% da mesma e non ao valor reverenciado na vivenda de protección oficial. O que establece a orde en algúns casos serán suficiente, mais en outros claramente insuficiente, quedan moi por debaixo do prezo das vivendas.

Base cuarta. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes.

1. Serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederase polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmovible danado, a axuda concederase polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Deste xeito en vivendas de residencia permanente e habitual, o importe máximo da subvención ante situación de ruína ou rehabilitación de danos será de 109.150 euros. Polos danos no enxoval doméstico a axuda será de 16.373 euros en vivendas ruinosas e do 100% dos gastos até un límite de 3.000 euros en vivendas a rehabilitar.

No caso de vivendas que non sexan residencia permanente e habitual, ante situación de ruína ou rehabilitación a subvención máxima será de 43.660 euros; e polo enxoval doméstico en vivendas ruinosas será de 5.458 euros e en vivendas a rehabilitar cubrirase o 40% dos gastos até 3.000 euros.

No referido ao enxoval :

3. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade das vivendas danadas cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións. Soamente se concederá unha axuda para o enxoval doméstico por cada vivenda danada.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constituían a residencia permanente e habitual das súas persoas moradoras, o importe da axuda será de 16.373 euros.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será de 5.458 euros.

Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda permanente e habitual ou o da vivenda ocasional, respectivamente e cun límite máximo de 3.000 euros.

Tampouco responde ás demandas das persoas afectadas, que reclaman o 100% do valor de reposición demostrado se é maior.

Así mesmo non entendemos a razón de que non se inclúe na orde axudas para a reposición de vehículos nin para empresas.

Do mesmo xeito é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envío: 14/06/2018 17:39:54.219

podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recadar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.

Outra das maiores preocupacións das persoas afectadas é a tardanza do inicio das labores de desentullo, e de eliminación de riscos da zona. Dada a magnitude da explosión , o número de vivendas afectadas pola mesma, a existencia de materiais perigosos como o amianto e material explosivo que sigue a aparecer, os traballos para proceder ao desentullo supoñen uns elevados custes económicos así como unha complexidade do proceso de desamiantado ao ter que se desenvolver por medio de protocolos específicos custosos e duradeiros no tempo, por empresas autorizadas, que superan a capacidade por suposto d@s propietari@s, da propia administración local, e que de non levarse a cabo coa urxencia debida pode provocar unha alta contaminación na zona e un problema de saúde pública.

Así mesmo, debe procurarse que as familias afectadas, poidan na medida das posibilidades, comezar a reconstruír as súas vidas para o que se precisa levar a cabo esas obras de desentullo a fin de que poidan comezar as obras de rehabilitación e reconstrución das súas vivendas.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447
Data envío: 14/06/2018 17:39:54.219

Está o Goberno galego levando a cabo unha actuación á altura da magnitude da catástrofe acaecida en Paramos, Tui?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:37:41

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:37:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:37:47

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:37:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:39
Nº Rexistro: 32447

Data envío: 14/06/2018 17:39:54.219

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:37:50

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:37:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:53
Nº Rexistro: 32453
Data envío: 14/06/2018 17:53:16.079

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a necesidade de modificar a orde de axudas para a reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Paramos-Tui.

O pasado 23 de maio produciuse unha traxedia no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular. Traxedia que se levou por diante a vida de dúas persoas, 37 persoas feridas innumerábeis danos, 31 vivendas totalmente destruídas, arredor de 86 coa estrutura moi danada, en total 311 vivendas con algún nivel de afectación, 66 vehículos afectados, empresas...

A situación require actuacións áxiles, efectivas e resolutivas, as persoas afectadas por suposto non queren tirar ningún beneficio da catástrofe, mais tampouco saíren prexudicadas dunha situación da que non son en absoluto responsábeis. Tan só demandan recuperar as súas vidas nas condicións que estaban antes da criminal explosión.

Pasado xa un certo tempo desde a explosión as persoas afectadas están a trasladarnos que a xestión que se está a realizar polas administracións competentes non está sendo suficientemente eficiente, nin áxil, teñen sensación de certo abandono e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empezan a temer que todo se empece a dilatar no tempo, e que as axudas non van ser suficientes.

Eses temores empezan a verificarse. O xoves 7 de xuño o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.

Esta orde de axudas non se axusta ás necesidades das persoas afectadas en canto ás contías para reparar os danos ocasionados nas vivendas, que demandan se axuste ao custe 100% da mesma e non ao valor reverenciado na vivenda de protección oficial. O que establece a orde en algúns casos serán suficiente, mais en outros claramente insuficiente, quedan moi por debaixo do prezo das vivendas.

Base cuarta. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes.

1. Serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmovible danado, a axuda concederáse polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Deste xeito en vivendas de residencia permanente e habitual, o importe máximo da subvención ante situación de ruína ou rehabilitación de danos será de 109.150 euros. Polos danos no enxoval doméstico a axuda será de 16.373 euros en vivendas ruinosas e do 100% dos gastos até un límite de 3.000 euros en vivendas a rehabilitar.

No caso de vivendas que non sexan residencia permanente e habitual, ante situación de ruína ou rehabilitación a subvención máxima será de 43.660 euros; e polo enxoval doméstico en vivendas ruinosas será de 5.458 euros e en vivendas a rehabilitar cubriráse o 40% dos gastos até 3.000 euros.

No referido ao enxoval :

3. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade das vivendas danadas cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións. Soamente se concederá unha axuda para o enxoval doméstico por cada vivenda danada.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constituían a residencia permanente e habitual das súas persoas moradoras, o importe da axuda será de 16.373 euros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será de 5.458 euros.

Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda permanente e habitual ou o da vivenda ocasional, respectivamente e cun límite máximo de 3.000 euros.

Tampouco responde ás demandas das persoas afectadas, que reclaman o 100% do valor de reposición demostrado se é maior.

Así mesmo non entendemos a razón de que non se inclúe na orde axudas para a reposición de vehículos nin para empresas.

Do mesmo xeito é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado, podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recadar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:53
Nº Rexistro: 32453
Data envío: 14/06/2018 17:53:16.079

Considera o Goberno galego que está poñendo todos os recursos humanos e materias para que as persoas afectadas pola criminal explosión de Paramos, Tui, poidan recuperar as súas vidas canto antes?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:50:30

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:50:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:50:37

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:50:38



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:53
Nº Rexistro: 32453

Data envío: 14/06/2018 17:53:16.079

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:50:40

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:50:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a establecer mecanismos administrativos tendentes á simplificación da tramitación das axudas aprobadas para as persoas afectadas pola explosión no lugar de Páramos en Tui.

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, é necesario establecer mecanismos de simplificación na fase de instrución na tramitación das axudas, dado que a causa da explosión producida moitas familias quedaron sen nada, e polo tanto tampouco dispoñen da documentación que sería necesaria presentar para poder tramitar as axudas aprobadas.

Someter ás familias afectadas nestes momentos a un proceso de recuperación de toda a documentación supón un prexuízo adicional que debería ser evitado, podendo ser suficiente a documentación que xa obra en rexistros públicos tales como no Concello, no Catastro ou no Rexistro da Propiedade autorizando á Xunta a recabar das administracións e organismos competentes os datos que obren nestes rexistros, mesmo utilizando os datos consignados na declaración da renda, no imposto de sucesións e doazóns ou datos que consten en tramitacións de axudas de anos anteriores.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:57
Nº Rexistro: 32456
Data envío: 14/06/2018 17:57:29.157

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza facilitar a acreditación da propiedade dos bens a través dunha investigación activa dos órganos tramitadores da Xunta de Galiza, solicitando información á administración tributaria, catastro e rexistro da propiedade sobre os bens de titularidade dos solicitantes para que poidan acceder con máis facilidade ás axudas?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:56:54

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:56:58



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:57
Nº Rexistro: 32456

Data envío: 14/06/2018 17:57:29.157

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:56:59

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:57:00

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:57:01

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:57:04

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro e Pontecesures saben ben cal é o estado ecolóxico das augas do río Sar, polo seu aspecto e polo seu cheiro. De feito, o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa cualificou o estado ecolóxico das augas como “deficiente” por incumprimento dos parámetros de referencia. O mesmo documento marcaba como obxectivo lograr o bo estado ecolóxico das augas para 2015 e fixaba as medidas necesarias para acadalo, basicamente unha nova EDAR en Santiago de Compostela e a ampliación da EDAR de Bertamiráns, mais estas medidas non existen e o resultado é un río absolutamente contaminado.

Pouco é necesario dicir sobre a EDAR de Santiago de Compostela que non se teña dito xa. Sobre a EDAR de Bertamiráns, en 2014 Augas de Galicia iniciaba os trámites do proxecto de ampliación, en xaneiro de 2015 xa había informe de impacto ambiental e a ampliación figuraba para execución no ciclo 2015-2021, cun orzamento de 5,4 millóns de euros. Todo quedou en papel mollado e o Goberno galego nin sequera atende ás demandas do alcalde do Concello de Ames.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre o estado ecolóxico das augas do río Sar?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2018 16:27:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/06/2018 16:27:31

Raúl Fernández Fernández na data 14/06/2018 16:27:39

María Luisa Pierres López na data 14/06/2018 16:27:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia


 BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de mellora e revisión do treito da OU-531 ao seu paso por Mandrás (Celanova) e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza.

Desde o outono de 2017 a veciñanza da poboación de Mandrás, en Celanova, estase a ver afectada por un novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531 que, lonxe de supor unha mellora cualitativa, está a traer moitos inconvenientes para a veciñanza. Por estes motivos, teñen desenvolvido accións reivindicativas na procura dunha resposta por parte das administracións que non acaba de chegar.

Dunha banda, coa reforma emprendida eliminouse no espazo principal do núcleo a posibilidade de xirar á esquerda no caso de proceder desde Celanova, suprimindo a anterior liña discontinua e habilitando, no canto dun carril para facer esa manobra con seguridade, un carril de adiantamento de 70 km por hora. A única opción é recorrer unha ampla distancia até a rotonda do polígono e dar a volta. Isto ocasiona numerosos inconvenientes tanto para a veciñanza a título individual como para o desenvolvemento dos negocios, xa que na práctica



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

totalidade todos eles están situados á marxe esquerda. Por outra banda, a veciñanza considera un problema engadido de seguridade a alta velocidade de paso dos vehículos polo termo da poboación. Máis aínda, hai que engadir que esta é unha ruta moi transitada por persoas que saen a camiñar, correr e mesmo desenvolver actividade ciclista. Unha posibilidade que suxiren, tamén instada a través do concello, sería a de suprimir o carril de aceleración e habilitar no seu lugar un paso para a entrada a Mandrás, mellorando a situación anterior de mera liña discontinua e sendo similar ao que se pode ver mesmamente antes de chegar a Celanova por esa mesma estrada ou na OU-540 no Cristal, co engadido da vantaxe que supón a boa visibilidade da zona, cunha curvatura lixeira moi ampla e sen obstrucións para a visibilidade. Así mesmo, sería preciso reducir a velocidade de paso, xa que é un treito pequeno e poboado ao temo que moi transitado por peóns e deportistas.

Diante desta situación, a veciñanza acudiu ao Concello e constituíuse unha comisión mixta para dar cunha solución de seguridade e meirande comodidade para a veciñanza. As veciñas e veciños recolleron sinatura e mesmo acudiron a unha reunión no mes de febreiro de 2018 coa delegación territorial da Xunta de Galiza en Ourense. Porén, até o momento non se ten avanzando na cuestión.

Desde o Bloque Nacionalista Galego compartimos as inquedanzas da veciñanza e consideramos que a Xunta de Galiza debe abandonar a súa desidia e falta de diálogo para buscar unha solución consensuada.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:26
Nº Rexistro: 32440
Data envío: 14/06/2018 17:26:13.626

Por todo o exposto formúlase a seguinte preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para pór fin aos problemas de accesibilidade e seguridade que denuncia a veciñanza de Mandrás (Celanova)?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:23:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:26
Nº Rexistro: 32440
Data envío: 14/06/2018 17:26:13.626

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:23:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:23:30

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:23:34

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:23:36

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:23:37



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727